CVD: m1N2WSQbqx3es9IwAJUu Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-09-16 15:05:48.00) , ***243*** - ANA MARIA RIVAS GARCIA (FECHA: 2024-09-16 11:17:22.00)
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Número 12 - Ano 2024.**

# ACTA

**da sesión ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**26 de xullo de 2024**

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e catorce minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. Tenenta de Alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, que xustificou a súa ausencia.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 22 de xullo de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

**A) <u>PARTE RESOLUTIVA</u>**

1/128 CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LUGO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PAZO DE DONA URRACA E MELLORA DA ORDENACIÓN DA UI-8. APROBACIÓN POLO EXCMO. CONCELLO PLENO.

**PROPOSICIÓNS**

2/129 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 260/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO CONCELLO DE LUGO Á PLANTA DE BIOMETANIZACIÓN PROXECTADA EN COESES (Exp. 2024/G004/000492).

3/130 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 284/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DEMANDAR DA XUNTA DE GALICIA A DOTACIÓN DOS RECURSOS PRECISOS ÁS MULLERES DE LUGO PARA GARANTIR O DEREITO AO ABORTO NA SANIDADE PÚBLICA (Exp. 2024/G004/000520).

4/131 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 285/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO CONCELLO DE LUGO A DENUNCIAR A INACCIÓN DO MINISTERIO DE SANIDADE ANTE A NECESIDADE EXTREMA DE PROFESIONAIS SANITARIOS DE ATENCIÓN PRIMARIA NO CONXUNTO DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE (Exp. 2024/G004/000523).

5/132 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 286/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DA IGUALDADE ENTRE ESPAÑOIS E EN CONTRA DE PRIVILEXIAR A UNHAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS FRONTE A OUTRAS (Exp. 2024/G004/000524).

6/133 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 287/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO CONCELLO DE LUGO A REALIZAR UNHA MEMORIA DE OBRAS DOS CENTROS EDUCATIVOS (Exp. 2024/G004/000525).

7/134 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 288/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO

MUNICIPAL A ESTUDAR E APROBAR UN PLAN DE CONTENCIÓN DE GASTO (Exp. 2024/G004/000526).

8/135 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 296/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE CONTRIBÚA AO INCREMENTO DO NÚMERO DE PRAZAS DE ESTACIONAMENTO GRATUÍTO NA CIDADE (Exp. 2024/G004/000528).

**B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL**

**URBANISMO**

9/136 TOMA DE RAZÓN DA SENTENZA Nº 442/2024, DE DATA DO 12-03-204, DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN 5ª DO TRIBUNAL SUPREMO, DESESTIMATORIA DO RECURSO DE CASACIÓN Nº 5723/2022, INTERPOSTO POR ADEGA CONTRA A SENTENZA DO TSX DE GALICIA Nº 97/2022, DE DATA DO 02-03-2022, DESESTIMATORIA DO RECURSO Nº 4199/2019, INTERPOSTO CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 31-01-2019, DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PEPRI NO RUEIRO 214-A (RÚA SAN ROQUE-RONDA DA MURALLA).

**ACTAS E GOBERNO**

10/137 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 14 DE XUÑO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2024/G004/000505).

11/138 DACIÓN DE CONTA DO ACORDO NÚMERO 1/284 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19 DE XUÑO DE 2024, RELATIVO Á RECTIFICACIÓN DE ERRO NO SEU ACORDO 40/607, DO 26 DE XULLO DE 2023, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DESTE ÓRGANO COLEXIADO (EXP. 2024/G024/000503).

**TESOURERÍA**

12/139 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE XUÑO 2024.

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

**ROGOS:**

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 289/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE AXILICEN OS TRÁMITES E COMECE A FUNCIONAR O TAXI A DEMANDA NO RURAL DE LUGO.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 290/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO SE ADHIRA AO SISTEMA DE VioGén.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 291/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O ARRANXO DA PISTA QUE DA ACCESO AO NÚCLEO DE PEDREDA DENDE A N-640.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 295/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA PERMITIR QUE A IGREXA DA NOVA SEXA ACCESIBLE PARA AS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.

**PREGUNTAS:**

A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 271/2024 DE REXISTRO DE PLENO, CON RELACIÓN Á ELEVACIÓN AO PLENO DA CESIÓN DA PARCELA QUE ÍA CEDER O CONCELLO PARA A CONSTRUCIÓN DUN NOVO EDIFICIO PARA A COMISARÍA DA POLICÍA NACIONAL.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 292/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA AMPLIACIÓN DO CAMIÑO DO PALLAR NA PARROQUIA DE VILACHÁ DE MERA.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 293/2024 DE REXISTRO DE PLENO, CON RELACIÓN ÁS NOTICIAS QUE TEN O CONCELLO SOBRE A APERTURA DO ESTACIONAMENTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 294/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE DIVERSAS CUESTIÓNS EN RELACIÓN COAS TERRAZAS DE HOSTALERÍA.

**D) <u>DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS</u>**

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO ORGULLO.

**E) <u>COMUNICACIÓNS</u>**

13/140 TOMA DE RAZÓN E ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO FORMULADA POR DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, E DECLARACIÓN DE VACANTE (Exp. 2024/G004/000521).

Aberto o acto, a Presidencia sinala: Bos días a todos e a todas e saúdo especialmente os veciños da zona de Coeses, que están novamente neste pleno. E recibímolos novamente con ese apoio que mostramos dende o Goberno de Lugo, dende o goberno desta cidade, ás súas demandas relativas ao rexeitamento da planta de biometano proxectada en Coeses.

Seguidamente, e da súa orde, éntrase no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes **ACORDOS:**

## A) PARTE RESOLUTIVA

1/128 **CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LUGO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PAZO DE DONA URRACA E MELLORA DA ORDENACIÓN DA UI-8. APROBACIÓN POLO EXCMO. CONCELLO PLENO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da

1. PROPOSTA DO DIRECTOR XERAL DE URBANISMO, do 27 de xuño de 2024, do teor literal seguinte:

“Examinado o expediente de referencia, tramitado polo Negociado de Planeamento e visto o informe do Servizo de Urbanismo de data do 26-06-2024, cuxa parte expositiva é do seguinte teor literal:
“Examinado o expediente de referencia, cómpre informar:

**FEITOS**

1º.- Con data do 13-01-2023 asinouse polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo un borrador de convenio urbanístico para a “recuperación e posta en valor do Pazo de dona Urraca e mellora da ordenación da UI-8”.

2º.- Dito borrador foi sometido a información pública nos medios e datas que a continuación se detallan:
- Diario “El Progreso” do 25-1-2023.
- Diario “La Voz de Galicia” do 25-1-2023.
- Diario Oficial de Galicia nº 40 do 27-2 2023.

3º.- Segundo a Cetificación expedida polo Vicesecretario deste Concello con data do 17-4-2023 non se formularon alegacións durante o devandito periodo de información pública.

4º.- No presente expediente emitíronse os informes que a continuación se detallan:
-Informe favorable do Servizo Municipal de Arquitectura do 10-11-2023.
-Informe-Proposta deste Servizo Municipal de Urbanismo do 11-11-2023, propoñendo a súa ratificación polos órganos competentes e a súa posterior sinatura.
-Informe do Interventor Municipal de data do 05-12-2023 no que conclúe coa devolución do expediente a esta unidade tramitadora cara a subsanar as deficiencias por él observadas que a continuación se transcriben na súa literalidade:

**“PRIMEIRO**: Non consta no expediente valoración económica dos terreos e edificacións sinalados no plano que figura na proposta de delimitación e ordenación da UI-8 que se xunta ao convenio, a cuxa adquisición se obriga o Excmo. Concello de Lugo coa ratificación que se propón, e polo tanto, non consta certificación de existencia de crédito adecuado e suficiente, da Tesourería Municipal, que dea cobertura ás obrigas de carácter económico que se derivan da proposta.

**SEGUNDO:** Non consta informe da Secretario Xeral, esixido polo artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, RBRL, e artigo 3.3 d) 7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, que sinala que “*en todo caso, se emitirá informe previo en los siguientes supuestos: aprobación, modificación o derogación de convenios e instrumentos de planeamiento y gestión urbanística”.*

5º.- Con data do 28-02-2024 emítense por parte de EVISLUSA os informes relativos á valoración económica dos terreos e das edificacións situadas en rúa Falcón números 14, 16 e 18 en relación co borrador do convenio urbanístico para a recuperación e posta en valor do Pazo de dona Urraca e mellora da ordenación da UI-8.

As valoracións contidas nestes informes ascenden ás cantidadesque a continuación se detallan:

- EDIFICACIÓN Nº 14: 218.120,18 €
- EDIFICACIÓN Nº 16: 112.034,41 €
- EDIFICACIÓN Nº 18: 22.022,70 €

En consecuencia, a suma destas valoracións ascende a un total de 352.177,29 €.

6º.- Por parte da Oficina Municipal de Contabilidade informouse, con data do 25-06-2024, que: *“para-la aplicación que figura neste documento existe saldo de crédito dispoñible, quedando retido o importe que se reseña”* co RC 42154.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** O texto do borrador de convenio asinado entre o Concello de Lugo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que se somete a informe é o que se transcribe posteriormente na parte propositiva deste informe.

O presente borrador de convenio deriva do “PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LUGO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PAZO DE DONA

URRACA E MELLORA DA ORDENACIÓN DA UI-8", aprobado polo Decreto da Alcaldía de data do 23-10-2020.

Este protocolo constituía unha declaración de intencións e viña a expresar a vontade das partes asinantes para actuar cun obxetivo común, sen que en ningún caso, ao contrario do que ocorre co presente convenio, a súa sinatura supoñera a formalización de compromisos xurídicos concretos e exixibles para as partes, de conformidade co establecido no artigo 47.1 segundo parágrafo da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**SEGUNDO.-** A finalidade deste convenio é proceder a unha modificación da ordenación urbanística vixente contida no Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do recinto amurallado da cidade de Lugo e a súa zona de influencia (PEPRI) aprobado polo acordo plenario de data do 3-2-1997 e no Plan Especial de Reforma Interior (PERI) aprobado polo acordo plenario de data do 2-5-2005.

A modificación da ordenación urbanística vixente proposta persegue varias finalidades:

1.- Incrementar a superficie dos espazos públicos e garantir a preeminencia do Pazo de dona Urraca.

2.- Reducir a edificabilidade prevista no ámbito para evitar que as novas edificacións perturben a percepción do devandito Pazo.

3.- Redefinir o ámbito da UI-8 incluíndo os terreos e inmobles precisos para garantir a rexeneración completa do ámbito.

4.- Preservar os restos arqueolóxicos existentes no ámbito de actuación.

Os compromisos contidos cara a acadar estas finalidades outórganlle a natureza xurídica de <u>convenio de planeamento</u> (aquel que teña por obxecto a aprobación ou modificación do planeamento urbanístico, neste caso do PEPRI e do PERI da UI-8 aprobado definitivamente con data do 02-05-2005) segundo a definición deste contida no artigo 166 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 399 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento (RLSG).

O <u>órgano competente</u> para a ratificación dos convenios desta natureza é o Pleno do Concello, neste caso sen necesidade de quorum de maioría absoluta (compromisos afectantes a determinacións de plan especial) en virtude do establecido no artigo 123.1- i) e 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

**TERCEIRO.-** Así mesmo, contén compromisos para ambas as dúas partes relacionados coa execución urbanística do devandito ámbito relativos a aspectos tales como a elaboración do proxecto de urbanización, execución material desta, adquisición de inmobles ou materialización do 10% do aproveitamento urbanístico correspondente ao Concello, que lle outorgan tamén a natureza xurídica de <u>convenio para a execución do planeamento</u> (aquel que, non afectando a ordenación urbanística, se limite á determinación dos termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento), segundo a definición deste contida no artigo 167 da LSG e no artigo 400 do RLSG.

O órgano competente para a ratificación dos convenios desta natureza é a Xunta de Goberno Local en virtude do establecido no artigo 127.1-d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

**CUARTO.-** Polo tanto, en relación coa súa tramitación está suxeito ao procedemento de aprobación dos convenios urbanísticos establecido nos artigos 168 da LSG e 401 a 403 do RLSG, que a continuación se describe e dentro do cal xa se encontran cumpridos os dous primeiros trámites dos que a continuación se sinalan:

1º.- Negóciase e subscríbese o borrador do convenio. 7 URBANISMO JMG Refª: ispac3495483525752593207.doc Asunto: UI-8 ratificación convenio

2º.- Someterase ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período mínimo dun mes.

3º.- O órgano que negociase o convenio haberá de elaborar, á vista das alegacións, unha proposta de texto definitivo do convenio, da cal se dará vista á persoa ou persoas que negociasen e subscribiran o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, no seu caso, renuncia.

4º.- O texto definitivo dos convenios deberá ser ratificado polo órgano competente. En función do instrumento de planeamento ou de xestión afectado polo convenio, a ratificación corresponde ao órgano municipal que ten atribuída a competencia para a súa aprobación, cos previos informes técnicos e de legalidade sobre a adecuación do documento que se ten que ratificar ao previsto na LSG e RLSG.

5º.- Os convenios urbanísticos perfeccionaranse dende a súa sinatura, que se deberá realizar, en todo caso, despois da ratificación pola Administración do seu texto definitivo. O convenio deberá asinarse pola persoa ou persoas interesadas (privadas ou públicas) dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do seu texto definitivo. Transcorrido este prazo sen que o convenio fose asinado, quedará sen efecto.

6º.- A formalización deberá realizarse en documento administrativo, sen prexuízo do dereito de calquera das partes a solicitar a súa elevación a escritura pública.

7º.- O texto íntegro dos convenios, xunto co seu acordo de aprobación, publicarase no Diario Oficial de Galicia."

Veño en propoñer que polo Excmo. Concello Pleno se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Ratificar nos seus propios términos, dentro da competencia propia do Pleno do Concello, en cumprimento do establecido no artigo 168 da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o "CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LUGO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PAZO DE DONA URRACA E MELLORA DA ORDENACIÓN DA UI-8" que a continuación se transcribe íntegramente na súa literalidade, cuxo borrador foi asinado entre ambos os dous organismos con data do 13-01-2023 e non sufre alteración ningunha (excepto na descripción dos representantes das administracións públicas intervinientes):

*"CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LUGO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PAZO DE DONA URRACA E MELLORA DA ORDENACIÓN DA UI-8*
*Santiago de Compostela na data de sinatura electrónica*

*R E U N I D O S*

*Dunha parte, María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento (DOG nº 73, do 14 de abril), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).*
*Doutra parte, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, alcaldesa-presidenta do Concello de Lugo, en nome e representación do dito concello, e segundo as funcións atribuídas no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 24 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia.*
*Ambas as dúas partes, na representación que desempeñan,*

*E X P O Ñ E N*

*PRIMEIRO.- Que o día 23 de novembro do ano 2020, Ángeles Vázquez Mejuto e Lara Méndez López, en virtude da representación antes citada, asinaron o "Protocolo de actuación entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo para a recuperación e posta en valor do Pazo de Dona Urraca e mellora da ordenación da UI-8" que, segundo se indica na súa cláusula primeira, tiña por obxecto que o IGVS e o Concello de Lugo estableceran un marco xeral de cooperación na busca de solucións para mellorar a ordenación urbanística da devandita UI-8. Para tal efecto, fixáronse como principais obxectivos desa mellora as seguintes actuacións:*
*- O reforzamento da presencia espacial do Pazo de dona Urraca, cara a acometer a súa posterior rehabilitación.*
*- O incremento da superficie da praza pública, de tal xeito que se garanta a presenza central do Pazo.*
*- A preservación dos restos arqueolóxicos existentes no ámbito de actuación.*
*- O estudo do reaxuste do ámbito territorial da UI-8 que resulte necesario para tal efecto.*
*- A axilización, tanto da tramitación do planeamento urbanístico necesario, como da xestión e execución das súas determinacións, explorando, para tal efecto, as posibilidades existentes na Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*
*Coa finalidade de avanzar no cumprimento dos obxectivos expostos, ambas as dúas partes acordan asinar este convenio urbanístico, o cal seguirá a tramitación prevista nos artigos 168 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), e nos artigos 401 a 403 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento (en diante, RLSG), todo isto sen prexuízo da aplicación da Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e*

*renovación urbanas de Galicia (en diante, LRRRUG), e, en particular, do seu artigo 16, o cal regula a tramitación simplificada das modificacións dos instrumentos de planeamento para actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.*
*O presente convenio rexerase polas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE*
*O presente convenio ten por obxecto permitir a modificación urbanística que garanta o desenvolvemento e xestión dos terreos delimitados como UI-8 e a súa contorna, na procura de conseguir unha zona de espazos públicos de calidade que poña en valor o Pazo de Dona Urraca, contribuíndo, dun xeito importante, á dinamización do barrio da Tinería.*
*A finalidade do convenio é iniciar a tramitación administrativa prevista nos artigos 168 LSG e 401 e seguintes do RLSG para os convenios urbanísticos de planeamento e de execución, que permita acadar o obxecto antes indicado.*
*SEGUNDA.- OBRIGAS DO IGVS*
*En virtude do presente convenio, o IGVS asume as seguintes obrigas:*
*- Redactar e presentar no Concello, para os efectos da súa tramitación, un proxecto de modificación da ordenación urbanística na que se inclúan os terreos e inmobles precisos para garantir a rexeneración completa do ámbito da UI-8.*

*O novo ámbito da unidade de actuación será o recollido no plano que figura na proposta de delimitación e ordenación da UI-8 que se xunta a este convenio, sen prexuízo de que, no caso de que as partes o consideren conveniente, durante a redacción da correspondente modificación se altere dita delimitación.*
*- Aceptar, en canto propietario da totalidade dos terreos que actualmente constitúen o ámbito da UI-8, a posible redución da edificabilidade que lle corresponde actualmente aos terreos da súa propiedade, co obxectivo de incrementar a superficie dos espazos públicos e garantir a preeminencia da presenza do Pazo de Dona Urraca no ámbito rexenerado.*
*- Redactar e presentar no Concello, para os efectos da súa tramitación, o correspondente proxecto de urbanización.*
*- Solicitar as correspondentes licenzas dos proxectos das obras de demolición, rehabilitación e nova construción das edificacións incluídas no ámbito.*
*- Executar as obras de urbanización da totalidade do ámbito, así como as obras de demolición, rehabilitación e nova construción das edificacións que prevexa a nova ordenación.*
*- Executar, previa obtención das autorizacións pertinentes, a escavación arqueolóxica da totalidade do ámbito que actualmente constitúe a UI-8, de xeito que se inclúan, marxes de seguridade e espazos non intervidos ata o de agora, así como dos novos terreos e inmobles que se inclúan no reaxuste do dito ámbito*
*Neste senso, unha vez completada a escavación arqueolóxica e se teña unha documentación máis completa e exhaustiva dos restos arqueolóxicos existentes e da súa importancia, así como da súa monumentalidade, estarase ao disposto nas*

*determinacións que no procedemento administrativo que se tramite estableza a Consellería competente en materia de Cultura.*
*- Ceder ao Concello de Lugo os terreos destinados a vieiros e espazos libres previstos, así como as obras de urbanización, unha vez executadas.*
*- Entregar ao Concello de Lugo, en baixos comerciais, unha superficie equivalente ao 10% da edificabilidade de uso residencial materializada no ámbito, en compensación, tanto do investimento que debe asumir a dita administración local para adquirir os terreos e edificacións que figuran na proposta de delimitación e ordenación da UI-8 que se xunta a este convenio, como da edificabilidade á que teña dereito por tratarse dunha actuación en solo urbano non consolidado.*
*TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE LUGO*
*En virtude do presente convenio, o Concello de Lugo asume as seguintes obrigas:*
*- Tramitar os documentos urbanísticos precisos para facer viable a actuación e o proxecto de urbanización do ámbito, así como tramitar e conceder as licenzas de edificación e axilizar, en todo o posible, os prazos de tramitación. Para estes efectos, salvo causa xustificada que o impida, utilizarase o procedemento previsto no artigo 16 e seguintes da LRRRUG.*
*- Adquirir os terreos e edificacións sinalados no plano que figura na proposta de delimitación e ordenación da UI-8 que se xunta a este convenio, e que actualmente non están incluídos no ámbito do PERI da UI-8 e cedelos ao IGVS, libres de cargas e gravames, para que poida desenvolver a actuación prevista na modificación da ordenación urbanística do ámbito.*
*CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO*
*Coa finalidade de garantir a consecución do obxecto descrito e de asegurar unha coordinación efectiva entre as partes, constituirase unha comisión de seguimento, integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, que se encargará da adecuada coordinación, seguimento, avaliación e cumprimento do presente convenio, así como de resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.*
*Esta comisión reunirase a petición de calquera das partes e, polo menos, tres veces ao ano. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, esta deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.*
*QUINTA.- ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA DO CONVENIO*
*Este convenio entrará en vigor no momento no que se completen todos os trámites exixidos legalmente para tal efecto polos artigos 168 da LSG e 401 a 403 do RLSG.*
*O presente convenio terá vixencia durante o prazo de catro anos, contados dende a súa entrada en vigor. En calquera momento, antes da finalización dese prazo, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.*
*SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.*
*O convenio resolverase polas seguintes causas:*
*- O acordo unánime das partes asinantes, manifestado por escrito.*
*- A imposibilidade legal ou material de executar o obxecto do convenio.*
*- O incumprimento das obrigas asumidas por parte dalgún dos asinantes.*
*SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO.*

*O convenio réxese polo disposto nos artigos 165 e seguintes da LSG e nos artigos 398 e seguintes do RLSG.*
*De conformidade co disposto no artigo 165.5 da LSG, ten carácter administrativo e as controversias que puidesen xurdir no relativo á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.*
*OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS*
*De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente acordo e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.*
*As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento, unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.*
*En sinal de conformidade coas cláusulas do presente convenio, ambas as dúas comparecentes asinan por duplicado, no lugar e data indicados.*
*Polo IGVS* *Polo Concello de Lugo*
*MARÍA MARTÍNEZ ALLEGUE* *MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO”*.

**SEGUNDO.-** Proceder á sinatura deste convenio, en canto texto definitivo, por ambos os dous organismos dentro dos quince días seguintes á notificación deste acordo. Esta formalización deberá realizarse en documento administrativo, sen prexuízo do dereito de calquera das partes a solicitar a súa elevación a escritura pública.
**TERCEIRO.-** Realizar, con posterioridade aos anteriores trámites, a publicación do texto íntegro do convenio no Diario Oficial de Galicia.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E PERMANENTE ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 19 de xullo de 2024.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24
- **Votos a favor**: 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista

Galego.

- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Ratificar nos seus propios termos, dentro da competencia propia do Pleno do Concello, en cumprimento do establecido no artigo 168 da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o "CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LUGO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PAZO DE DONA URRACA E MELLORA DA ORDENACIÓN DA UI-8" que a continuación se transcribe integramente na súa literalidade, cuxo borrador foi asinado entre ambos os dous organismos con data do 13-01-2023 e non sufre alteración ningunha (excepto na descrición dos representantes das administracións públicas intervenientes):

*"CONVENIO URBANÍSTICO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LUGO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PAZO DE DONA URRACA E MELLORA DA ORDENACIÓN DA UI-8*

*Santiago de Compostela na data de sinatura electrónica*

*R E U N I D O S*

*Dunha parte, María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento (DOG nº 73, do 14 de abril), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).*

*Doutra parte, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, alcaldesa-presidenta do Concello de Lugo, en nome e representación do dito concello, e segundo as funcións atribuídas no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 24 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de administración local de Galicia.*

*Ambas as dúas partes, na representación que desempeñan,*

*E X P O Ñ E N*

*PRIMEIRO.- Que o día 23 de novembro do ano 2020, Ángeles Vázquez Mejuto e Lara Méndez López, en virtude da representación antes citada, asinaron o "Protocolo de actuación entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de*

*Lugo para a recuperación e posta en valor do Pazo de Dona Urraca e mellora da ordenación da UI-8" que, segundo se indica na súa cláusula primeira, tiña por obxecto que o IGVS e o Concello de Lugo estableceran un marco xeral de cooperación na busca de solucións para mellorar a ordenación urbanística da devandita UI-8. Para tal efecto, fixáronse como principais obxectivos desa mellora as seguintes actuacións:*

*- O reforzamento da presencia espacial do Pazo de dona Urraca, cara a acometer a súa posterior rehabilitación.*

*- O incremento da superficie da praza pública, de tal xeito que se garanta a presenza central do Pazo.*

*- A preservación dos restos arqueolóxicos existentes no ámbito de actuación.*

*- O estudo do reaxuste do ámbito territorial da UI-8 que resulte necesario para tal efecto.*

*- A axilización, tanto da tramitación do planeamento urbanístico necesario, como da xestión e execución das súas determinacións, explorando, para tal efecto, as posibilidades existentes na Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.*

*Coa finalidade de avanzar no cumprimento dos obxectivos expostos, ambas as dúas partes acordan asinar este convenio urbanístico, o cal seguirá a tramitación prevista nos artigos 168 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), e nos artigos 401 a 403 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento (en diante, RLSG), todo isto sen prexuízo da aplicación da Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (en diante, LRRRUG), e, en particular, do seu artigo 16, o cal regula a tramitación simplificada das modificacións dos instrumentos de planeamento para actuacións de rehabilitación edificatoria e de rexeneración e renovación urbanas.*

*O presente convenio rexerase polas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE*

*O presente convenio ten por obxecto permitir a modificación urbanística que garanta o desenvolvemento e xestión dos terreos delimitados como UI-8 e a súa contorna, na procura de conseguir unha zona de espazos públicos de calidade que poña en valor o Pazo de Dona Urraca, contribuíndo, dun xeito importante, á dinamización do barrio da Tinería.*

*A finalidade do convenio é iniciar a tramitación administrativa prevista nos artigos 168 LSG e 401 e seguintes do RLSG para os convenios urbanísticos de planeamento e de execución, que permita acadar o obxecto antes indicado.*

*SEGUNDA.- OBRIGAS DO IGVS*

*En virtude do presente convenio, o IGVS asume as seguintes obrigas:*

*- Redactar e presentar no Concello, para os efectos da súa tramitación, un proxecto de modificación da ordenación urbanística na que se inclúan os terreos e inmobles precisos para garantir a rexeneración completa do ámbito da UI-8.*

*O novo ámbito da unidade de actuación será o recollido no plano que figura na proposta de delimitación e ordenación da UI-8 que se xunta a este convenio, sen prexuízo de que, no caso de que as partes o consideren conveniente, durante a redacción da correspondente modificación se altere dita delimitación.*

*- Aceptar, en canto propietario da totalidade dos terreos que actualmente constitúen o ámbito da UI-8, a posible redución da edificabilidade que lle corresponde actualmente aos terreos da súa propiedade, co obxectivo de incrementar a superficie dos espazos públicos e garantir a preeminencia da presenza do Pazo de Dona Urraca no ámbito rexenerado.*

*- Redactar e presentar no Concello, para os efectos da súa tramitación, o correspondente proxecto de urbanización.*

*- Solicitar as correspondentes licenzas dos proxectos das obras de demolición, rehabilitación e nova construción das edificacións incluídas no ámbito.*

*- Executar as obras de urbanización da totalidade do ámbito, así como as obras de demolición, rehabilitación e nova construción das edificacións que prevexa a nova ordenación.*

*- Executar, previa obtención das autorizacións pertinentes, a escavación arqueolóxica da totalidade do ámbito que actualmente constitúe a UI-8, de xeito que se inclúan, marxes de seguridade e espazos non intervidos ata o de agora, así como dos novos terreos e inmobles que se inclúan no reaxuste do dito ámbito*

*Neste senso, unha vez completada a escavación arqueolóxica e se teña unha documentación máis completa e exhaustiva dos restos arqueolóxicos existentes e da súa importancia, así como da súa monumentalidade, estarase ao disposto nas determinacións que no procedemento administrativo que se tramite estableza a Consellería competente en materia de Cultura.*

*- Ceder ao Concello de Lugo os terreos destinados a vieiros e espazos libres previstos, así como as obras de urbanización, unha vez executadas.*

*- Entregar ao Concello de Lugo, en baixos comerciais, unha superficie equivalente ao 10% da edificabilidade de uso residencial materializada no ámbito, en compensación, tanto do investimento que debe asumir a dita administración local para adquirir os terreos e edificacións que figuran na proposta de delimitación e ordenación da UI-8 que se xunta a este convenio, como da edificabilidade á que teña dereito por tratarse dunha actuación en solo urbano non consolidado.*

*TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE LUGO*

*En virtude do presente convenio, o Concello de Lugo asume as seguintes obrigas:*

*- Tramitar os documentos urbanísticos precisos para facer viable a actuación e o proxecto de urbanización do ámbito, así como tramitar e conceder as licenzas de edificación e axilizar, en todo o posible, os prazos de tramitación. Para estes efectos, salvo causa xustificada que o impida, utilizarase o procedemento previsto no artigo 16 e seguintes da LRRRUG.*

*- Adquirir os terreos e edificacións sinalados no plano que figura na proposta de delimitación e ordenación da UI-8 que se xunta a este convenio, e que actualmente non están incluídos no ámbito do PERI da UI-8 e cedelos ao IGVS, libres de cargas e gravames, para que poida desenvolver a actuación prevista na modificación da ordenación urbanística do ámbito.*

*CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO*

*Coa finalidade de garantir a consecución do obxecto descrito e de asegurar unha coordinación efectiva entre as partes, constituirase unha comisión de seguimento, integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, que se encargará da adecuada coordinación, seguimento, avaliación e cumprimento do presente convenio, así como de resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.*

*Esta comisión reunirase a petición de calquera das partes e, polo menos, tres veces ao ano. Ante unha petición de reunión por escrito dunha das dúas partes, esta deberá producirse nun prazo non superior a 15 días naturais.*

*QUINTA.- ENTRADA EN VIGOR E VIXENCIA DO CONVENIO*

*Este convenio entrará en vigor no momento no que se completen todos os trámites exixidos legalmente para tal efecto polos artigos 168 da LSG e 401 a 403 do RLSG.*

*O presente convenio terá vixencia durante o prazo de catro anos, contados dende a súa entrada en vigor. En calquera momento, antes da finalización dese prazo, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.*

*SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.*

*O convenio resolverase polas seguintes causas:*

*- O acordo unánime das partes asinantes, manifestado por escrito.*

*- A imposibilidade legal ou material de executar o obxecto do convenio.*

*- O incumprimento das obrigas asumidas por parte dalgún dos asinantes.*

*SÉTIMA.- RÉXIME XURÍDICO.*

*O convenio réxese polo disposto nos artigos 165 e seguintes da LSG e nos artigos 398 e seguintes do RLSG.*

*De conformidade co disposto no artigo 165.5 da LSG, ten carácter administrativo e as controversias que puidesen xurdir no relativo á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.*

*OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS*

*De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente acordo e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.*

*As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento, unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.*

*En sinal de conformidade coas cláusulas do presente convenio, ambas as dúas comparecentes asinan por duplicado, no lugar e data indicados.*

*Polo IGVS* *Polo Concello de Lugo*

*MARÍA MARTÍNEZ ALLEGUE* *MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO”*.

SEGUNDO.- Proceder á sinatura deste convenio, en canto texto definitivo, por ambos os dous organismos dentro dos quince días seguintes á notificación deste acordo. Esta formalización deberá realizarse en documento administrativo, sen prexuízo do dereito de calquera das partes a solicitar a súa elevación a escritura pública.

TERCEIRO.- Realizar, con posterioridade aos anteriores trámites, a publicación do texto íntegro do convenio no Diario Oficial de Galicia.

**PROPOSICIÓNS**

2/129 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 260/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA AMOSAR O REXEITAMENTO DO CONCELLO DE LUGO Á PLANTA DE BIOMETANIZACIÓN PROXECTADA EN COESES (Exp. 2024/G004/000492).-** Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Bioenergía Lugo SLU iniciou o proceso para construír unha planta de xestión de residuos orgánicos e biometanización en Coeses, un proxecto declarado como iniciativa empresarial prioritaria por parte da Xunta de Galiza. Esta declaración permite unha importante simplificación dos trámites administrativos ante a Xunta, reducindo á metade os trámites da Administración galega.

Desde o comezo do período de alegacións, e polo tanto a publicación do proxecto, a veciñanza de Coeses e dos núcleos de poboación máis próximos están a mobilizarse ante a afectación que esta planta terá nos seus fogares, debido á contaminación e aos malos cheiros recoñecidos polo propio proxecto.

A empresa recoñece no seu proxecto para a construción da planta que emitirá cheiros e gases contaminantes e a vertedura de 76,7 m$^3$ de augas residuais ao regato de Vilalbite con posterior desprazamento ao río Miño.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG proponlle ao Pleno da corporación o seguinte **ACORDO:**

A corporación municipal de Lugo ínstalle á Xunta de Galiza a que promova a paralización da planta de biometanización proxectada en Coeses"

Vista a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 297/2024 de Rexistro de Pleno, que foi rexeitada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da iniciativa

Vista, así mesmo, a emenda "in voce" presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, no sentido de incorporar á parte resolutiva da proposición o seguinte texto: "… "ben por rexeitamento social, ben elevando as esixencias medioambientais a este tipo de industrias e atendendo ao principio comunitario de cautela ou precaución para evitar que se produza, ante unha ameaza real, a deterioración do medio". Emenda que foi aceptada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da iniciativa.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa redacción dada pola emenda aceptada, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

A corporación municipal de Lugo ínstalle á Xunta de Galiza a que promova a paralización da planta de biometanización proxectada en Coeses, ben por rexeitamento social, ben elevando as esixencias medioambientais a este tipo de industrias e atendendo ao principio comunitario de cautela ou precaución para evitar que se produza, ante unha ameaza real, a deterioración do medio.

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas, alcaldesa.
Moi bo día aos veciños e veciñas que estades hoxe aquí e que levades xa tempo, varias semanas, loitando contra a implantación desa fábrica de metano que se

pretende levar adiante na parroquia de Coeses. Hoxe traemos esta proposición tal e como lles trasladamos aos veciños e veciñas despois de que no pleno pasado o Partido Popular non aceptase a emenda de adición á proposición que presentaban. Presentaban unha proposición na que dicían que se lle esixía á Xunta que cumprise coa legalidade neste proceso. Un absurdo. Evidentemente a legalidade van ter que cumprila; se non, acabarían no cárcere. Iso xa sabemos que se vai cumprir. O que realmente pediamos naquel engadido é que a Xunta tomase as medidas necesarias para paralizar este proxecto.
Como naquel momento non se aceptou, tivemos o compromiso de que iamos presentala no propio pleno e así fixemos. Presentámola e hoxe vén aquí a debate ese punto no que se pide que a Xunta promova esta paralización, porque hai case dous meses a Xunta de Galiza publicaba a exposición pública o proxecto para construír esta fábrica de metano a partir de residuos orgánicos na parroquia de Coeses. Un proxecto empresarial que o propio Alfonso Rueda, o presidente da Xunta, declarou como iniciativa empresarial prioritaria. Esta declaración deulle alfombra vermella á empresa para que poida axilizar ao máximo todos os seus trámites para executar esta obra e, polo tanto, poder conseguir as autorizacións o antes posible e con moitos menos filtros.
Nese momento, a veciñanza das parroquias colindantes, como vemos hoxe aquí, amosou a súa preocupación, porque son plenamente conscientes do problema que vai dar esta planta; empezando polos fortes cheiros que vai ter en toda a súa contorna, e tamén, como despois vimos, por exemplo, co informe da Confederación Hidrográfica, coa contaminación que pode levar adiante sobre as propias augas do entorno. Ben… cómpre lembrar ademais que, con respecto a estes fortes cheiros, o radio de acción que pode ter esta propia planta, ademais, recoñecido no propio proxecto, non só vai afectar estas parroquias, senón que incluso vai afectar os barrios do sur da cidade, que é algo que moitas veces pasa desapercibido, porque en liña recta está a moi pouca distancia, a menos de 4 km.
Nós, dende o grupo municipal do BNG, dende o principio reunímonos cos veciños e veciñas aquel 9 de xuño no campo da festa de Soñar, onde lle propuxemos á veciñanza toda colaboración, tanto para a elaboración das alegacións como para colaborar nas autorizacións para unha mobilización moi exitosa que a veciñanza organizou o pasado 20 de xuño, e tamén para levar esta situación ao Parlamento Galego, como así foi o 19 de xuño cunha delegación de veciños e veciñas das diferentes parroquias.
Cremos que hai que amosar todo o apoio porque é de xustiza. É de xustiza que as persoas que levan toda a vida vivindo nestas parroquias ou que foron vivir recentemente e que fixeron investimento para facer as súas casas, moitas delas cos aforros de toda unha vida, non teñen agora porque aturar que se vaia perder esa calidade de vida pola instalación dunha planta, facendo perder calidade de vida onde residen, pero tamén grandes perdas do valor do patrimonio que alí teñen; porque evidentemente non van valer o mesmo eses terreos, esas casas, se está a planta de metano que se non está.
É necesario evidentemente o tratamento dos residuos orgánicos. E fan falta plantas para tratamento. Pero hai onde facelas e onde non. E, dende logo, onde non se

poden facer é onde hai altas concentracións de poboación, como é neste caso. É un sitio totalmente inadecuado que só se rexe pola facilidade da empresa de ter alí unha canalización de gas, de ter unha liña de alta tensión e de ter boas conexións cunha autovía. Por iso buscan ese sitio, pero sen ter nunca en conta que alí vive moita poboación e que iso ten que primar sobre todo o demais. Se queren facer esa planta terán que investir e non danar a poboación que vive alí.
Pois hoxe cremos que é un bo día para que se poida aprobar por unanimidade, que se lle poida esixir á Xunta que, igual que fixo unha declaración de interese para a construción deste proxecto, que agora tamén poña sobre a mesa todos os medios para paralizalo. Cremos que hoxe é un bo día porque, ademais, agora xa coñecemos os informes que ten a Confederación Hidrográfica e os propios informes que fai a Dirección Xeral a respecto dos danos á saúde e, polo tanto, que máis se precisa para que o Partido Popular tamén se opoña e lle pida á Xunta a paralización desta planta?
Polo tanto, nós imos seguir loitando por iso, e animámosvos aos veciños e veciñas a que así sigades, porque de seguro que así se poderá paralizar. Grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo socialista Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas señora alcaldesa. Benvidos veciños e veciñas afectados pola implantación desta película que montou a Xunta de Galicia porque, en primeiro lugar, foi quen declarou o interese prioritario empresarial desta planta de de biometano. E, como seguimos capítulo a capítulo vendo os bandazos que vai dando o Partido Popular dende que a presentou como esa iniciativa prioritaria, despois a exposición pública como un logro da Xunta de Galicia e agora decatámonos por prensa de que efectivamente os veciños e veciñas, así como o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego diciamos, eses informes están sendo todos, todos, negativos e, ademais, cuns criterios, dende o meu punto de vista, sen ter coñecementos profundos en medio ambiente, pero no que é de saúde pública se aprecia un risco elevado e moi contundente sobre a poboación onde se vai implementar esta planta de biogás.
Temos o informe da Confederación Hidrográfica, que xa nos parece bastante contundente. Temos agora, aínda que non materialmente, eses informes que saíron promocionando a través da prensa; que eu creo que entre as administracións, se verdadeiramente houbera unha lealdade e houbera ese interese verdadeiro de non instalar nesa zona a planta de biometano, os primeiros en trasladarlles a información sería aos veciños e ás veciñas, segundo á administración que estamos loitando neste caso, como é o Concello de Lugo, e non aos medios de comunicación. Pero cada persoa ou cada partido político ten a súa forma de traballar.
Saúde pública aprecia ese risco de cheiros e ruídos, como ben viñamos dicindo. Saúde pública pon serios reparos aos informes presentados por esta empresa. E, ademais, di que non recollen información sobre emisións de contaminantes atmosféricos, que non achegaron proxectos do estudio preoperacional nin un

estudio acústico axustado ao marco legal establecido por Europa, que non contempla medidas preventivas e correctoras de ruídos e de plan de vixilancia e que a seguridade interna tampouco queda moi clara; e aínda así a señora portavoz da oposición, Elena Candia, plasmou na prensa, que na súa condición privilexiada, como dixen no anterior pleno, manexa a información que ao resto das administracións non se nos traslada, pois agora presenta, ou di, que as alegacións do Partido Popular ían desde o principio neste senso. Eu non o comparto. Eu creo que non se pode xogar coa intelixencia das persoas; pero, aínda así, esa non é a pregunta, señora Candia. A Xunta de Galicia vai paralizar ou non vai paralizar a planta de biometano establecida en Coeses? Os informes xa sabemos como son; xa tiñamos o da Confederación Hidrográfica e agora temos os de Saúde Pública. Pero a pregunta é: vaise facer ou non se vai facer a planta de biometano?

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Polo Partido Popular, a señora Elena Candia.

**- MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Moi bo día a todos. A señora Alcaldesa saudou aos veciños de Coeses. Probablemente hoxe aquí nos acompañen máis veciños de Cuíña e de Soñar que de Coeses, pero en todo caso as miñas primeiras palabras tamén son para darlles a benvida a esta casa.
Sería de xustiza que a miña primeira intervención empezase preguntándolle ao goberno deste concello, nomeadamente ao señor Arroxo e á señora alcaldesa, que ambos estaban exercendo responsabilidades no ano 2021, porque este exercicio de transparencia, este exercicio de oposición ao proxecto, ese exercicio de explicación rigorosa conforme a responsabilidade que asumen, evidentemente como goberno deste concello, non se fixo no ano 2021. E documéntoo: no ano 2021, a finais, concretamente o 23 de decembro, entraba neste concello o proxecto coa súa correspondente solicitude de licencia. E é tamén importante o dato de que o 22 de febreiro do 2022 o Concello facía o informe explicando que carecía este proxecto da documentación mínima. Puntualizo iso porque, cando o ano pasado a media de ter o primeiro informe para unha licencia en solo rústico neste concello chegou ao ano, concretamente 363 días, este proxecto tivo o seu primeiro informe en dous meses, apenas dous meses e co Nadal polo medio. Algo que felicito, porque eu creo que as administracións teñen que ser áxiles, pero, iso si, sen saír o proxecto do caixón, sen explicarlles aos veciños de Cuíña, sen explicar aos veciños de Soñar, que efectivamente se ía poñer ao lado das súas casas un proxecto que lles podía afectar.
Xa explicamos que a iniciativa prioritaria non exime de ningún trámite, simplemente afecta aos prazos, e aos feitos estoume remitindo, porque estamos no 2024. Vaia por diante, señor Arroxo, que esta proposta, a iniciativa que hoxe defende, vai a ter o ter o apoio do Partido Popular. Como xa a tiña no pleno anterior se aceptase o que lle pedimos; porque vostede dixo que pediamos que se cumprira a lei e omite, supoño que intencionadamente, que pediamos que se estimasen as alegacións, que creo que nese momento procesal é o que correspondía. Efectivamente, entre

aquel pleno e hoxe avanzouse; e avanzouse con noticias que nós valoramos positivas.
Señora Abelleira, non é ningunha información privilexiada. É un dereito que teño polo artigo 9 do regulamento, como ten a señora Lara Méndez, por exemplo, e outros compañeiros que están elixidos cos votos desta cidade, tanto do BNG como do Partido Socialista, de pedir acceso aos expedientes. É, insisto, traballar e explicar.
E vou moi brevemente explicar o que fixemos con total humildade, pero tamén con total compromiso cos veciños de todas as parroquias. O 8 de xuño tivemos unha reunión cos presidentes das asociacións. Porque se dixeron moitas mentiras; esta foi unha delas. Non fomos defender o proxecto, fomos explicarlles que estaba a exposición pública o proxecto, e imprimimos a documentación e puxémonos á súa disposición. Pedíronnos que o explicásemos publicamente e que, ademais, como grupo que nos pronunciásemos, e así o fixemos. O 16 de xuño estivemos alí. A alcaldesa dixo que os convocara e non aparecera. Estivemos alí nunha reunión moi concorrida. Aquí hai xente que estivo que pode dar fe diso. Explicamos o que iamos facer, que criamos que debiamos de presentar alegacións. Entendiamos ademais cales eran os puntos febles, explicando que dicimos hoxe: que da que lles fala, son a que menos información ten do proxecto. Vostedes seguen tendo ese proxecto nun caixón. Rexistramos unha iniciativa neste pleno. Rexistramos as alegacións o 26 de xuño. Aprobamos esa iniciativa por unanimidade, a que pedía que se estimaran as alegacións; por certo, apoio que hoxe lles agradezo. Rexistrámola no Parlamento, e aí volvemos sacala adiante co apoio do Partido Socialista. Aí o Bloque cambiou de opinión; aquí pide que se paralice a construción desa planta, no Parlamento de Galicia pide que se cambie de localización e que se estenda a análise de riscos. Eu tamén lle digo: non tería inconveniente se agora mete de emenda, como nos fai sempre no último momento, aprobar que se cambie de localización, pero díganos onde, porque non queremos ter ese debate dentro de tres meses.
En definitiva, este é o traballo que fixemos con compromiso, sen faltar á verdade e, o máis importante, con documentos de por medio, porque hai outra información que nos chega, que non temos documentada, que efectivamente non só o goberno coñecía moito máis, senón que apoiaba explicitamente este proxecto.
Este é o noso traballo. E agora pregúntolles a vostedes, os que están no goberno: que van facer vostedes neste proxecto? Van facer algo máis que ir en contra do Partido Popular? Porque ir en contra do Partido Popular neste proxecto non ten efectos xurídicos. O que ten é que defender os dereitos dos veciños e veciñas, como diximos publicamente.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Candia. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. Alégrome de que hoxe si fale a portavoz do Partido Popular, Elena Candia, pois o outro día non quixo falar neste punto.

Aquí dinse cousas, pero é que hoxe en día, a xente… Primeiro, estivo outro día no pleno e puido ver todo o que se falou e todo o que se debateu. Despois, a xente hoxe en día ten acceso á información, entón hai cousas que non colan, porque cunha simple busca en Google e xa saben como foi e como non foi. Aquí fálase do ano 2021. E é que no ano 2021 o Concello denegou esa licencia. Por certo, algo que calquera que busque en Google, pode ver a noticia de que xa se declaraba de interese por parte da Xunta este proxecto; xa promovía a Xunta que se puidese axilizar. Porque miremos… agora mesmo podemos entrar na web da Xunta, calquera persoa pode entrar, é transparente, e podemos ver os 27 proxectos que están declarados como iniciativas empresariais prioritarias, e aquí, en fosforescente, entre eses 27 proxectos, este que vemos aquí chámase *Desenvolvemento dunha planta de produción de biometano para inxección en rede* en Lamabranca, Lugo. Sabemos onde é iso? É esta, promovida pola propia Xunta, que é quen realmente está aí. É que isto pódeo buscar calquera en Google, non é algo que agora queiramos crear unha aventura…
Dise que eu omitín información na miña primeira intervención a respecto do que se falou noutro pleno. Pero a xente que está aquí sabe o que pasou no outro pleno, porque ou estivo aquí presente ou viuno despois. Entón é tan fácil como ver o vídeo a ver se omitín algún tipo de información con respecto ao que dixen no outro pleno.
E despois que o BNG promove a cambiar a localización. Pois por suposto, por suposto. Nós consideramos que plantas deste tipo nalgún sitio hai que facelas; hai que tratar residuos orgánicos. Que se van facer cos residuos orgánicos? Non se pode tirar nun vertedoiro. O que non se pode é situalas en zonas nas que hai poboación. Haberá que buscar outro sitio. E creo que iso foi algo en que todo o mundo ten que estar de acordo, porque o outro claro, evidentemente. Pero o que non pode ser é poñer unha planta deste tipo no medio das casas. Iso é o que non pode ser. E iso é o que hai que tratar.
Polo tanto, aquí o que non se pode é estar a medias, non se pode xogar a dúas bandas. Non se pode xogar nun lado, na Xunta, a aprobar declaracións e iniciativas empresariais prioritarias para darlle axilidade e despois, noutro lado, dicir que non, que estamos en contra. Aquí hai que ser claros, non se pode xogar a dúas bandas. Hai que ser claros. Eu creo que iso é o máis importante. Ademais, eu creo que en política o máis importante é ser claros e non marear a xente.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Ten a palabra a voceira do grupo socialista Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Fala de licencia e o que se solicitou foi, por un particular representante da Comunidade de Montes de Lamabranca, información sobre a localización e sobre se se adecuaba ou non esa planta de biogás, xunto con fotovoltaicas, que creo que tamén preguntaba sobre elas nesas catro parcelas de Coeses, Cuíña e Soñar. E, ademais, o que foi tan áxil foi un agora compañeiro de filas de vostedes, así que pregúntenlle porque foi tan áxil en resolver ese informe.

Información privilexiada… pero eu non a sacaría na prensa, Señora Candia. Eu trasladaríalla, como lle dixen na primeira intervención, ao Concello de Lugo ou polo menos á veciñanza afectada. Pero é que, dicía o compañeiro do Bloque Nacionalista, non se pode xogar a dúas bandas. Primeiro arre e despois xo. Pois cada un, volvo dicir, é responsable dos seus actos. É trilaría, trilaría coma sempre; díxeno no anterior pleno, no que nos obrigaba a cumprir as leis, neste Concello de Lugo sempre se cumpren. O Partido Socialista sempre cumpre a lei porque estamos obrigados a iso.
Hoxe presentan unha emenda que tamén nos chega. Desde o grupo Socialista presentamos unha que despois lerei e na que nos di o Concello que paralicemos a planta. Pero a ver, quen ten primeiro que dicir se se vai facer ou non se vai facer? A Xunta de Galicia. O Concello de Lugo… todo o mundo sabemos o que xa dixemos e o que xa defendemos. Polo tanto, dende o 2021, 2022, 2023 e 2024, e seguiremos dicindo o mesmo: mentres afecte á salubridade e a Xunta diga si ou non… pois estamos na mesma posición; non como o Partido Popular, que fai segundo lle vai ao aire, e agora para lavar a súa imaxe.
O grupo municipal Socialista, ademais de estar de acordo coa proposición do Bloque Nacionalista, solicitamos unha adición que diga que a Corporación Municipal de Lugo solicita á Xunta de Galicia que promova a paralización da planta de biometanización proxectada en Coeses, engadindo ademais o rexeitamento social, ben elevando as resistencias medioambientais a este tipo de industrias e atendendo ao principio comunitario de cautela ou precaución para evitar que se produza ante unha ameaza real a deterioración do medio.
Espero que se acepte; o posicionamento segue sendo o mesmo.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Abelleira. Ten a palabra a portavoz do Grupo Municipal Popular, a señora Candia.

**-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** O documento que consta... porque o problema de documentarse en Google é que a veces a información non é real, e ademais como concelleiro, e coa responsabilidade que vostede ten, non creo que deba remitirlles aos veciños e veciñas que busquen e Google cando vostede participou no ano 2021 en todo o proceso; e incluso departamentos que dependen de vostede fixeron informes nese áxil tempo dos 20 días. E o propio documento, que é do Concello, di claramente que: recibida a instancia pola que se interesa a licencia urbanística. E non os culpo. Entendo que todos os concellos están buscando investimento, incluso podo coincidir co señor Arroxo en que ese modelo de tratamento de residuos vén para quedarse, que cos residuos algo haberá que facer. O que non me gusta é que naquela época non reuniran ningún veciño nin de Soñar, nin de Cuíña nin de Nadela, a ninguén, tramitaran o que fixeron, e insisto, non llo denegaron, pon: proxecto que carece da documentación mínima. Déronlle 15 días para que a presentara e o proxecto... volvemos estar no mesmo problema; se o informara negativamente, xa non estariamos aquí.
[...]
Eu estou… Ben, perdón.

É moi importante recoñecer, e nosoutros recoñecémolo, que temos moita menos información que vostedes. Sabemos que aquí tiveron reunións, incluso como dicía vostede, e aludía a un documento da propia Comunidade de Montes de Coeses. Pero nós estamos para dar solucións. Estamos incluso para establecer ese ecosistema, que non xere ningún problema de convivencia entre parroquias. A administración está para posicionarse e para decidir. A declaración prioritaria hai que outorgala se se cumpren determinados requisitos de investimento e de número de postos de traballo e se introduce, pola súa actividade, sabe vostede que é un proceso regulado, pero non lle quere dicir nada. Teñen que posicionarse moitísimas as administracións, entre elas o Concello de Lugo. E aquí vou.
Na primeira quenda pedinlle se podían aclarar porque no 2021 non explicaron nada, e na segunda voulles pedir, se fose posible, que me aclarasen por que, a pesar de mentir no anterior pleno, que a señora Alcaldesa dixo que non tiña ningunha información desta nova solicitude de licencia, o pleno xa saben vostedes que día foi, e o día 15 de maio tiña unha petición por rexistro onde se lle pedía ao Concello de Lugo que, por favor, informara segundo o artigo recollido na 29.2 da lei  tal nas competencias en materia ambiental, en materia de emerxencias e autoprotección de Protección Civil e, esta moi importante, e as súas repercusións sobre o medio ambiente. Sabe que fixo o Concello? Aínda non contestou hoxe. Por iso me refiro a que a responsabilidade que temos non é o mesmo cando somos concelleiros que cando estamos facendo a oposición. Desgraciadamente, creo que vostede xa o coñece. Dito isto, manifestámoslle o apoio; creo que é bon, aínda que non ten efecto xurídico, é bon que o pleno da Corporación fale alto e claro, e o Partido Popular, intentei explicarllo en todas as reunións que levamos mantidas que, por suposto, todos os informes aos que tiven dereito, como ten calquera deputado, insisto...

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Candia. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** E que o aclarou vostede mesma: en 2021 o que dixo o Concello é que ese proxecto carecía da documentación mínima e, polo tanto, xa non pode ir para adiante. E aínda así, o Partido Popular dende a Xunta insistiu, volveuno declarar como iniciativa empresarial prioritaria, aquí está; calquera pode entrar na páxina da Xunta e velo, é algo público e aí o temos. Pero o que non se pode é estar a dúas bandas; non se pode estar por un lado do lado de quen queren promover este proxecto, pola mañá estar do lado de quen queren promover ese proxecto, e pola tarde do lado de quen se opoñen. En política hai que posicionarse. Esa é a cuestión.
Por certo, aceptamos a emenda que propón o Partido Socialista porque entendemos que mantén a idea de esixirlle á Xunta que paralice e que promova a paralización deste proxecto, engadíndolle pois unha frase coa que estamos totalmente de acordo, e non podemos aceptar a emenda do Partido Popular porque nos parece unha burla. Ou sexa, agora lle pide ao concello que o paralice; a

institución que a promove pídelle ao Concello que o paralice. A ver, sexamos serios.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, moitas grazas.
Bueno, pois imos votar esta proposición, e creo que queda unha cousa que podemos dicir, que é o resumo. Os posicionamentos están claros: o posicionamento do Partido Socialista e o posicionamento do Bloque Nacionalista Galego están claros. O Partido Popular segue xogando eses xogos malabares, como diciamos, como dicimos sempre; sempre estamos cos xogos malabares, como dicía a voceira do Partido Socialista, xogando á trilaría.
En todo caso, eu si que quero transmitir aquí o que lle transmitín ao presidente da Xunta de Galicia, ao señor Rueda: Lugo é un concello moi grande, en toda a provincia é o segundo, creo, máis grande da provincia, despois da Fonsagrada. Ten 330 km², 330 km². Non haberá un sitio onde se poida? Porque si que estamos de acordo en que é necesario buscar unha saída aos residuos, e sabemos cara a onde van encamiñadas actualmente esas saídas. Pero, en todo caso, non haberá outro lugar onde se poderá poñer que non afecte a poboacións, como vai afectar, como vemos nos informes tanto da Confederación como de Saúde Pública, ruídos, cheiros e vertidos? Polo tanto, nós o que dicimos, e traslado o mesmo que lle trasladei ao presidente da Xunta de Galicia: Lugo é moi grande e pódese poñer noutro sitio que non afecte á poboación. Dito isto, imos votar a proposición.

3/130 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 284/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA DEMANDAR DA XUNTA DE GALICIA A DOTACIÓN DOS RECURSOS PRECISOS ÁS MULLERES DE LUGO PARA GARANTIR O DEREITO AO ABORTO NA SANIDADE PÚBLICA (Exp. 2024/G004/000520).-** Vista a citada proposición, cuxo teor é o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Xunta de Galiza, a través da Consellaría de Sanidade, deixou en mans privadas o exercicio do dereito ao aborto das mulleres de Lugo naqueles casos en que se practica a interrupción do embarazo a través dun procedemento cirúrxico.

Até o de agora o protocolo de derivación que se seguía para embarazos a partir das 8 semanas era a unha clínica situada na cidade da Coruña porén, logo de finalizar o concerto con este centro as mulleres son obrigadas a desprazarse até a cidade de Vigo, a máis de 200 quilómetros. Alén de que se están a vulnerar os dereitos das mulleres ao non prestar a sanidade pública cos seus propios medios este servizo, a discriminación é aínda maior se temos en conta o prexuízo maior que causa ter que cruzar o País de punta a punta.

Cómpre lembrar que en outubro de 2021 o G.P. do Bloque Nacionalista Galego impulsou un acordo unánime na Cámara que insta a Xunta de Galiza a garantir o

dereito a interromper o embarazo na sanidade pública dispoñendo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin independentemente da existencia de persoal sanitario que se declare obxector de conciencia. Porén, os últimos datos oficiais publicados polo Ministerio correspondentes a 2022, din que a Xunta non está cumprindo. Así, dos 2.975 abortos levados a cabo, 561 foron atendidos en hospitais e deles 513 en hospitais públicos. Pola contra, dos 2.414 abortos extrahospitalarios, 1.677 foron en centros privados.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego no concello de Lugo, logo de someter a debate esta proposición, propón a adopción polo Pleno deste concello, e o seu traslado ao Goberno do Estado e aos partidos políticos galegos con representación no Congreso ou no Senado, do seguinte ACORDO:

Reclamar ao goberno da Xunta de Galiza acabar cos desprazamentos de mulleres luguesas a unha clínica privada de Vigo nos abortos instrumentais. Para tal fin, o Goberno galego dotará dos recursos necesarios o HULA garantindo que ningunha muller teña que acudir á sanidade privada nin a centros fóra da provincia."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

Reclamar ao goberno da Xunta de Galiza acabar cos desprazamentos de mulleres luguesas a unha clínica privada de Vigo nos abortos instrumentais. Para tal fin, o Goberno galego dotará dos recursos necesarios o HULA garantindo que ningunha muller teña que acudir á sanidade privada nin a centros fóra da provincia.

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Bloque Nacionalista Galego, a señora Ferreiro.

**-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Moi bo día e moitas grazas, señora alcaldesa.
Ben, esta moción que traemos hoxe aquí desde o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego... Queremos poñer enriba da mesa un tema que, a estas alturas, nos parecía que non había ningún tipo de problema á hora de cumprir o

dereito de que as mulleres que queiran decidir o seu aborto, a súa interrupción ao aborto, pois teñan garantido unha asistencia sanitaria e que lles coide a súa saúde.
Tantos anos despois, traemos aquí esta demanda, porque a día de hoxe no HULA non existe esa garantía de que esas mulleres, a partir das 8 semanas, teñan o dereito a abortar aquí. Eu, para explicar, pois vou intentar facer os pasos cos que se atopan esas mulleres que, chegado momento, pois danse conta de que teñen un atraso no seu período e se fan a proba e resulta, pois, que é un embarazo non desexado, por calquera circunstancia, por calquera motivo. E deciden, pois, acceder ao COF onde lle indican, informan, como se pode a levar a cabo esa interrupción voluntaria do embarazo.
Claro, no momento en que chegan ás 8 semanas, pois non hai ningunha posibilidade de pastilla, ten que someterse a un aborto instrumental e o persoal do COF indícalle como se leva a cabo e que, como en Lugo non se presta ese servizo, pois se derivará a unha clínica privada onde lle poden garantir ese dereito. A persoa que o necesita, a verdade é que queda en *shock* cando lle din que a clínica á que ten que derivarse está en Vigo, a 200 km da súa casa, efectivamente, se vive en Lugo. Imaxina o que se sinte nese momento cando xa é difícil asumir unha situación dun embarazo non desexado e, por riba, ter que planificar unha viaxe a Vigo para exercer un dereito.
Desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que esta situación vulnera os dereitos fundamentais e a única responsable é a Xunta de Galiza, que non garante a atención na sanidade pública das mulleres cando deciden interromper voluntariamente un embarazo. A situación é aínda máis grave cando se obriga a estas mulleres a percorrer máis de 200 km para exercer ese dereito.
Seguramente temos aínda que lembrar que o aborto é un dereito fundamental das mulleres, despois de loitas de anos do movemento feminista, é recollido como tal na lexislación desde o ano 2007, sendo unha decisión libre das mulleres dentro dos prazos establecidos. No 2022, os últimos datos oficiais publicados en Lugo, rexistráronse 89 abortos en períodos estacionais de máis de 8 semanas. No conxunto de Galiza foron 626, dos cales 553 realizáronse en centros extrahospitalarios privados; isto é, o 88,3 %.
No HULA, os profesionais decláranse obxectores de conciencia e, polo tanto, non hai profesionais para realizar os abortos con todas as garantías sanitarias. E nos 17 anos que leva aprobada a lei do aborto, non houbo maneira de garantir que exista persoal no sector para garantir os dereitos das mulleres; non só na sanidade pública, senón nun hospital próximo ao noso domicilio. Como pode ser que desde a Xunta de Galicia pasaran 17 anos e non se puidera ter este servizo público cerca das nosas casas?
Na área sanitaria da Coruña, estes abortos lévanse a cabo no hospital público desde xa o mes de abril. Un importante avance grazas tamén a un acordo unánime que o BNG impulsou no Parlamento Galego, xa no ano 2022, e que reclama a garantía do dereito ao aborto na sanidade pública. Todo isto, ben, e aquí con esta moción pedimos o apoio desta corporación para esixir á Consellería de Sanidade que dote dos recursos necesarios ao HULA para garantir que ningunha muller teña

que acudir á sanidade privada nin a centros fóra da provincia, eliminando así a discriminación das mulleres por viviren en Lugo.
Remato na miña próxima intervención. Grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro. Ten a palabra, polo grupo socialista, dona Olga López Racamonde.

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Bo día a todos. Grazas, alcaldesa.
Dicir que todos coñecemos que dende o 2010 está en vigor a Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción do embarazo, aprobada e levada ao Parlamento de España por un goberno socialista. Dicir que o aborto está tamén englobado dentro desta lei, dentro da saúde sexual e reprodutiva das mulleres, porque, de feito, se a Xunta de Galicia, unha das poucas comunidades autónomas que non ten un proxecto adecuado de formación en saúde sexual e reprodutiva, das poucas de España que non o ten, o tivese, o número de abortos non desexados sería moi inferior, como as enquisas e os datos das comunidades autónomas que si o fan, así o avalan.
E direilles, de feito, que o programa de prevención de saúde sexual e reprodutiva, que existe na nosa área sanitaria, foi instado por esta que lles fala e facendo a propia xerencia desta área, do cal me sinto moi orgullosa. Pero isto non foi paralelo a unha mellora da prestación do aborto non farmacolóxico. É certo que antes das 8 semanas pódese facer un aborto farmacolóxico que se está asumindo nas áreas sanitarias das mulleres pola súa inocuidade e, por dicilo así, pola facilidade que ten de cara á saúde da muller, con moi poucas complicacións. Pero a propia lei da saúde reprodutiva, repito, instada e aprobada por un goberno socialista, instaba claramente a que os poderes públicos, a sanidade pública, tiña a obriga de instaurar servizos adaptados para que a muller puidera practicar o aborto na súa área de saúde; nin sequera na súa provincia, na súa área de saúde. E mesmo, como non é así, vén de levarse ao Parlamento de España, hai nada, a instar ás comunidades autónomas, entre elas Galicia, nas que é mínimo os abortos que se practican nos hospitais públicos, a axilizar e establecer melloras neses propios servizos.
Lugo é unha das que menos cumpre. En moitos casos é certo que se basea esa escusa na obxección de conciencia dos profesionais á que, loxicamente, todos temos dereito como profesionais sanitarios. Pero direilles que a obxección de conciencia vén en moitos casos non por un motivo ético, no que se fundamenta a obxección de conciencia, senón que vén instado dunha forma, desde as xefaturas de servizo, é dicir, dunha forma institucional… Si señora, si señora, si señora. Se coñecera os servizos, non faría espaventos… Vén instada dese modo, por que? Porque non existen as condicións idóneas dentro do propio hospital, dentro da propia xerencia, para que se poida dar seguridade a esa prestación. Ese é un dos motivos polos que, no noso hospital, non se levan a cabo interrupcións voluntarias de máis de 8 semanas. Mesmo os propios xinecólogos que forman parte deste servizo expuxéronllo así á xerencia deste hospital en varias ocasións, facendo oídos xordos a Xerencia, a dirección médica e mesmo o propio xefe de servizo, que

impoñen dun xeito indirecto a que non se practiquen abortos ao non prestar as condicións idóneas para que iso se leve a cabo.
E dicirlles que tamén, hai nada, o anterior Conselleiro de Sanidade dicía: nin unha soa muller galega ten que saír de Galicia nin da súa área sanitaria para abortos, incluso de máis de 22 semanas. Mentira, mentira. Salvo en Vigo, onde si se prestan abortos de calidade a mulleres de máis de 14 semanas, de máis de 22 semanas, teñen que desprazarse a clínicas específicas, entre elas fóra da nosa comunidade autónoma, porque non se garante a saúde da muller e non só no noso hospital, senón que non se garante na nosa propia comunidade autónoma.
Entón, neste sentido, é certo que a inquietude do Sergas e da propia Consellería de Sanidade por garantir a saúde sexual e reprodutiva das mulleres galegas, e neste caso moito máis das mulleres lucenses, porque direi na próxima exposición, si poden facelo.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora López Racamonde, continúa na seguinte. Polo grupo municipal, señora dona Aurora Goás.

**-AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Buenos días, señora Concejala, señores de la mesa, señores Concejales.
En relación a la proposición que ha presentado el Bloque Nacionalista Gallego, el grupo municipal del Partido Popular quiere hacer unas aclaraciones. Solo ha habido un caso de una mujer lucense que ha sido derivada a una clínica privada en Vigo, solo una. Bien, la razón por la que se ha derivado este único caso es que en ese momento había un problema con el convenio que tenía el Sergas con la Clínica ARCE de La Coruña, que es donde se hace la interrupción voluntaria del embarazo más próxima a la capital lucense. ¿Por qué había ese problema? Porque se encontró precisamente en ese momento en un período ventana a las negociaciones del nuevo convenio; había caducado el anterior y se estaban realizando las negociaciones para firmar el nuevo convenio. Por ese motivo se tuvo que trasladar a la paciente, a la mujer, a realizar la interrupción voluntaria del embarazo a Vigo; fue ese el motivo. A continuación, esa mujer se trasladó a Vigo, como exige la ley, porque la Xunta de Galicia cumple la ley, se trasladó, se le pagaron los gastos de traslado… Todo el sistema se facturó y se pagó por parte del Sergas, como exige la ley.
Me gustaría hacer una aclaración, independientemente de lo que quería alegar. Una, que el ámbito geográfico figura en la ley, no figura área sanitaria; si no, por favor, pueden repasar el artículo 13 de la mencionada ley.
Bien. En este caso de la paciente que tuvieron que trasladar a Vigo, era necesario resolver la situación en el mínimo tempo posible, como suele suceder en todos estos casos. La alternativa más rápida para cumplir los plazos y garantizar la seguridad de la paciente era su traslado a la Clínica Vigo, como así sucedió. Y las interrupciones voluntarias del embarazo son procedimientos que se han de desenvolver en un plazo de tiempo muy corto; por ello es necesario actuar con rapidez, seguridad y eficacia, y así se hizo.

Por otro lado, hemos de revisar también el artículo 19 bis de la Ley Orgánica 1/2023, de 28 de febrero, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2010 de 3 de marzo, que es la Ley de salud sexual y reproductiva de la interrupción voluntaria del embarazo. No hace falta que vuelva a releer el apartado, porque ustedes lo tendrán revisado como yo en lo que atañe a la… perdón, a la objeción de conciencia de los diferentes profesionales que están trabajando en el Servicio de Obstetricia y Ginecología del Hospital Universitario Lucus Augusti. La ley es la que nos marca los tiempos.
Por otro lado, quiero apuntar que en todo momento el Sergas avanza en su compromiso de atender, con los recursos propios, la mayor parte de los casos de interrupción voluntaria del embarazo. Se ha avanzado de 59 % al 78 % en los casos que se han visto entre los años 2022 y 2023. En el área sanitaria de Lugo, se ha avanzado y se aumentado esta atención por parte de la asistencia pública en un 19 %. Y, por otro lado, a nosotros nos importa y queremos darle muchísimo valor a la situación en la que se encuentran las mujeres que van a realizar una interrupción voluntaria del embarazo, tratándolas con respeto y asumiendo su decisión en un momento muy complejo de su vida, en un tema delicado que hemos de tratar con la sensibilidad apropiada, dada la decisión que la mujer va a tomar sobre la intervención que se va a llevar a cabo en su cuerpo. Es muy importante el acompañamiento psicológico de todas estas mujeres que se ha de realizar en esta situación, donde les hemos de proporcionar apoyo y confianza.
Estas mujeres se encuentran en situaciones sicológicas a veces muy frágiles. Es necesario permitirles y darles un espacio para que expresen sus angustias, sus dudas, sus miedos a futuros embarazos, porque algunas de estas interrupciones voluntarias del embarazo están provocadas por malformaciones congénitas o por alteraciones genéticas de esos niños. Es normal atravesar un periodo de tristeza y de desconsuelo. Hay que elaborar el duelo; hay que darle tempo a la mujer para asumir y, posteriormente, superar esta situación. La mujer, tras una interrupción voluntaria del embarazo, necesita atención sanitaria, psicológica y social, donde también entran en este campo los asistentes sociales, con los múltiples recursos que nos da la administración. Es fundamental considerar la comunicación como un recurso que es imprescindible para lograr un entendimiento con la mujer y con sus familiares y lograr un clima de confianza. Debemos de facilitar la escucha y la atención de manera empática por todos los profesionales implicados en el proceso.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Goás. Ten novamente a palabra a voceira do Bloque, a señora Ferreiro.

**-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Grazas.
Bueno, efectivamente, vostede acaba de recoñecer o que nós aquí pedimos: que se está incumprindo a lei, e explica moi ben os procesos abortivos das mulleres, que eu entendo que cada un é un mundo e cada muller decidirá a súa maternidade libremente no momento que ela considere e decidirá a interrupción por motivos diversos e non só por problemas sanitarios do feto, neste caso. Pero vostede mesma acaba de dicir que non está garantido ese dereito de aborto a partir de 8

semanas na área sanitaria de Lugo. E dáme igual un caso ou cero casos. Nós pedimos que se cumpra ese dereito a que as mulleres teñan acceso, porque moitas veces iso tamén vai influír á hora de tomar unha decisión, porque prefiren ao mellor ir a unha clínica privada antes de terse que desprazar a Lugo… perdón, a Vigo, o que conleva ese feito, porque como vostede ben di, haberá mulleres que necesitan un apoio psicolóxico e outras, pois que o necesitan e xa o teñen no seu entorno; foi unha decisión consensuada e totalmente libre, como ten que ser.
E pódese arranxar facilmente; todo é unha cuestión de dotar do persoal suficiente e que sexa capaz ou que non teña recollida esa opción da obxección para facer ese tipo de intervencións cirúrxicas. E iso quen o ten que garantir é o Sergas, pois moi facilmente, convocando prazas de persoal non obxector para que as mulleres de Lugo teñan cumprido ese dereito sanitario.
E esta situación, como vostede ben di que se dá desde o ano pasado pola falta do contrato, pero non aclarou se ese convenio se volve realizar con esa clínica da Coruña ou non. Porque ao final éme igual, porque estamos dicindo que si, que non vai a Vigo, pero teñen que ir á Coruña. Vale, si, é menos distancia, pero é que nós esiximos que sexa en Lugo, no HULA, onde haxa esa atención ás mulleres.
Porque, ademais, non existe tampouco un rexistro público do persoal sanitario que se fai obxector. E iso hai que recoñecelo. Tampouco existen datos públicos do número de abortos que se realizan fóra de Lugo, porque loxicamente quedan rexistrados os que se fan aquí; e que as mulleres moitas veces toman a decisión de ir a outros lugares porque aquí, pois teñen problemas de prazo, como vostede tamén ben dixo, é unha cousa moi seria e os prazos desde logo que hai que cumprilos.
Polo tanto, nós cremos que é importante que atendan á demanda do punto concreto que vai na nosa proposición para garantir que as mulleres de Lugo non teñan que desprazarse fóra, a 200 km ou a 100 km, dáme igual, para exercer o que a lei lles garante neste momento. E a Xunta ten a capacidade e debe facelo.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro. Ten a palabra polo grupo socialista a señora López Racamonde.

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Voulles ler textualmente o que di a lei á que vostede refire, vamos aclararnos e non fagamos malas interpretacións. A lei en vigor estipula que os abortos se fagan na rede pública e contempla como excepcional facelo en centros acreditados. Excepcional. As comunidades optaron por seguir mantendo a vía dos concertos, entre elas Galicia, no canto de crear circuítos específicos no seo da sanidade pública, mesmo naqueles casos nos que non existen centros privados cos que concertar o servizo, como neste caso en Lugo. As investigacións neste senso, van máis alá e din: en moitos casos estase facendo obxección de conciencia institucional, instada e instigada polos directores e xefes de servizo de xinecoloxía que impoñen que non se practiquen abortos, o cal é ilegal.
E dicía vostede que hai que garantir rapidez e eficacia no eido do aborto; para iso necesítase que preto da asistencia á muller exista o persoal suficiente, do que

carece a nosa área sanitaria. Por iso, por iso, non se practican abortos en Lugo no sistema público; porque Vigo e Santiago son áreas nas que practicamente no hospital público se fan o 90 % dos abortos, no sistema público.
Imaxínense vostedes unha rapaciña de 17 anos, tendo que ir a Vigo a abortar. Voulle contestar eu antes de que conteste. Non se vai acreditar o contrato, non se vai facer o contrato coa clínica da Coruña, salvo que cambie o proceso de licitación, porque ela mesma non se presentou. Vai quedar coa clínica de Vigo, así que o horizonte que nos vén realmente é terrorífico. Eu agardo que co cambio de xefatura de servizo no hospital de Lugo en xinecoloxía isto mude e as mulleres poidan abortar no noso hospital, como é pertinente, como di a lei e como temos que garantirlles ás mulleres.
Vostede tamén dicía: é un proceso familiar. Disinto totalmente. O aborto é un proceso da muller, exclusivamente da muller, que a muller pode decidir compartir ou non con outros familiares, pero o que hai que garantir é o proceso totalmente individual e secreto en torno á muller que aborta. Ou sexa, que o entorno familiar non o debemos de mesturar con isto, porque a maior parte das mulleres que van abortar, ademais por decisión propia, por un embarazo non desexado, fano soas porque non queren compartir con practicamente ningún esa situación.
Entón, empecemos por respectar dunha vez por todas a saúde sexual e reprodutiva das mulleres, o dereito a non ter fillos cando non queren e dereito a que se lles practiquen…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias, señora López Racamonde. Moitas grazas. Ten a palabra a señora Goás.

**-AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Insisto en que repase la ley. No pone área sanitaria. Insisto en que repase la ley.
Las derivaciones a las clínicas privadas se producen cuando lo solicita la paciente o, en casos muy concretos, la organización del servicio. Es necesario indicar que el Servicio Gallego de Salud garantiza el derecho a las mujeres a la interrupción voluntaria del embarazo en los centros públicos de las 7 áreas sanitarias de Galicia, en todos los períodos de gestación y en las modalidades autorizadas por la Ley Orgánica 1/2023, de 28 de febrero, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de salud sexual y reproductiva y de la interrupción voluntaria del embarazo.
Así mismo, el Servicio Gallego de Salud garantiza el derecho a las mujeres a escoger un centro concertado, sea por privacidad o por evitar demoras al tratarse de un proceso sanitario urgente. Es importante recordar que el artículo 18 de la mencionada ley, de garantía de acceso a la prestación, señala lo siguiente: «Las usuarias del Sistema Nacional de Salud tendrán acceso a la interrupción voluntaria del embarazo en condiciones de igualdad efectiva. Las administraciones sanitarias que no puedan ofrecer dicho procedimiento en su ámbito geográfico remitirán a las usuarias al centro o servicio autorizado para que este procedimiento se realice en las mejores condiciones de proximidad a su domicilio, garantizando la accesibilidad y calidad de la intervención y la seguridad de las usuarias».

Por lo tanto, la propia ley recoge la posibilidad de realizar la intervención que supone la interrupción voluntaria del embarazo fuera de centros públicos, fuera del ámbito geográfico, opción, en este caso, que en Galicia no se da; nunca se va a realizar una interrupción voluntaria del embarazo fuera de Galicia. Sí sucede en otras comunidades autónomas, por circunstancias que todos conocemos; sí suceden. Hablamos de las Ciudades Autónomas de Ceuta y Melilla y otras comunidades autónomas, pero en Galicia eso no sucede.
Sobre esta cuestión ya le respondió el director general de Asistencia Sanitaria, don Alfredo José Silva Tojo, a la diputada del Bloque Nacionalista Galego, doña Olalla Rodil, en la comisión 5.ª del Parlamento de Galicia el pasado 27 de junio. En su respuesta, el director general indicó que solo había ese caso, que después de realizar la interrupción voluntaria del embarazo, esta mujer no presentó ningún tipo de queja ni de reclamación. No figura ningún tipo de queja ni de reclamación.
También el director general explicó que las interrupciones del embarazo, dependiendo del momento en el que se encuentra la mujer, van a variar. Las interrupciones voluntarias con menos de 14 semanas se pueden realizar en un centro de la República Gallega, como son los centros de orientación familiar, familiarmente conocidos como COF, en el caso de un aborto farmacológico, o en un centro hospitalario en el caso de un aborto clínico. También se puede realizar en alguna de las clínicas que tienen autorización, como son la clínica ARCE en La Coruña o la clínica […].

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Moitas grazas, señora Goás. Acabouse o seu tempo.
Ten a palabra para finalizar a última quenda a señora Ferreiro. Señora Ferreiro.

**-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Moitas grazas. A verdade é que [...]. Non sei se...

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Si, si, Funciona.

**-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Ah, perfecto. Digo que a súa última intervención foi efectivamente moi didáctica porque explica moi ben como está a lexislación, pero non segue aclarando que vai pasar coas mulleres en Lugo. Se van ter que ir á Coruña o van ter que ir a Vigo? Ou que vai pasar con esas mulleres? Porque, ademais, o que di que se lles ofrece ir á clínica privada… a ver, ás clínicas privadas tamén se ofrece ir para calquera outra consulta e ameazando que se non vas a facer unha proba a unha clínica concertada quedas fóra da lista de espera na sanidade pública. Nós aquí temos moi claro o que pedimos: que no HULA se cumpra o dereito, se poida exercer o dereito dun aborto, de interrupción do embarazo, un aborto para aquelas mulleres que o decidan despois das 8 semanas. E o demais, señora Aurora, é leria.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro.
Pois imos votar esta proposición.

4/131 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 285/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO CONCELLO DE LUGO A DENUNCIAR A INACCIÓN DO MINISTERIO DE SANIDADE ANTE A NECESIDADE EXTREMA DE PROFESIONAIS SANITARIOS DE ATENCIÓN PRIMARIA NO CONXUNTO DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE (Exp. 2024/G004/000523).-** Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

"A necesidade de profesionais sanitarios en Atención Primaria representa un dos grandes problemas de todo o Sistema Nacional de Saúde. A esta cuestión súmase este ano o feito de que, en 2020, debido á pandemia de COVID-19, os Médicos Internos Residentes (MIR) incorporáronse no mes de setembro en lugar de en maio, como é habitual. Algo que provocou que 2.224 MIR de Medicina de Familia e Comunitaria de cuarto ano non acabasen aínda a súa formación.

Nada máis ser nomeada ministra, na súa primeira reunión do Consello Interterritorial de Saúde do pasado decembro de 2023, as comunidades gobernadas polo PP xa alertaron a Mónica García do problema da falta de médicos en Atención Primaria.

O pasado 23 de maio de 2024, os conselleiros autonómicos de Sanidade das Comunidades Autónomas nas que goberna o Partido Popular solicitaron ao Ministerio de Sanidade a convocatoria urxente dun pleno extraordinario do Consello Interterritorial do SNS para "abordar de maneira monográfica a necesidade de cubrir a falta de profesionais sanitarios de Atención Primaria para este verán".

A falta de liderado e solucións por parte do Ministerio de Sanidade marcaron ese encontro tras o que Mónica García xustificou o "peche de camas" no verán, algo que criticaba cando estaba na oposición madrileña .

Ante a ausencia de propostas concretas por parte da ministra, os conselleiros de Sanidade das CC.AA. do PP pediron publicamente que fixese uso das súas competencias e proporcionase o número de profesionais sanitarios para que o Sistema Nacional de Saúde funcione dun modo correcto.

Cabe lembrar que a competencia da formación de especialistas é do Ministerio de Sanidade, a responsabilidade de tomar medidas extraordinarias relacionadas coas convocatorias MIR para que non queden vacantes é competencia do Ministerio como tamén, por exemplo, a autorización de unidades formativas.

Pola inacción de Mónica García nos últimos meses, consideramos que a responsabilidade última da falta de médicos este verán é da ministra de Sanidade.

Por todo elo o Grupo Municipal del Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Instar ao Concello de Lugo que pida ao Goberno central que traballe, desde o cumprimento rigoroso da normativa e da repartición competencial vixentes, para materializar con extrema urxencia medidas de utilidade real fronte á crítica necesidade dos citados profesionais sanitarios que existe na Atención Primaria do

conxunto do Sistema Nacional de Saúde para os meses do presente verán e tome medidas para o futuro."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. alcaldesa presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Polo Partido Popular, señora Goás.

**-AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Perdón. El grupo municipal del Partido Popular del Concello de Lugo presenta para su debate la aprobación, si procede, por el pleno de la corporación municipal de Lugo la siguiente proposición para instar al Concello de Lugo a denunciar la inacción del Ministerio de Sanidad ante la necesidad extrema de profesionales sanitarios de atención primaria en el conjunto del Sistema Nacional de Salud.
La necesidad de profesionales sanitarios en atención primaria representa uno de los grandes problemas de todo el Sistema Nacional de Salud. A esta cuestión se suma este año el hecho de que, en 2020, debido a la pandemia provocada por el COVID-19, los médicos internos residentes, conocidos como MIR, se incorporaron en el mes de septiembre, en lugar de en mayo, como es habitual, lo que provocó que 224 000 de medicina familiar y comunitaria de cuarto año no acabasen todavía su formación.
Nada más ser nombrada ministra, en su primera reunión del Consejo Interterritorial de Salud el pasado diciembre del año 2023, las comunidades gobernadas por el PP ya alertaron a doña Mónica García del problema de la falta de médicos en atención primaria.
El pasado 23 de mayo del 2024, los consejeros autonómicos de Sanidad de las comunidades autónomas en las que gobierna el Partido Popular solicitaron al Ministerio de Sanidad una convocatoria urgente de un pleno extraordinario del Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud para abordar de manera monográfica la necesidad de cubrir la falta de profesionales sanitarios de atención

primaria para estos próximos años. La falta de liderazgo y de soluciones por parte del Ministerio de Sanidad marcaron este encuentro, tras el que doña Mónica García justificó el cierre de camas en el verano, algo que criticaba cuando estaba en la oposición madrileña, como todos bien sabemos, como portavoz de Más Madrid.
Ante la ausencia de propuestas concretas por parte de la ministra, los consejeros de Sanidad de las comunidades autónomas del Partido Popular pidieron públicamente que se hiciese uso de las competencias y se proporcionase el número de profesionales sanitarios para que el Sistema Nacional de Salud funcione de un modo correcto. Es necesario recordar que la competencia de formación de especialistas es del Ministerio de Sanidad. En su responsabilidad la de tomar medidas extraordinarias relacionadas con las convocatorias MIR para que nos queden vacantes. Y también es competencia de este ministerio la autorización de unidades formativas, de nuevas unidades formativas. Por la inacción de Mónica García en los últimos meses, consideramos que la responsabilidad última de la falta de médicos de estos próximos años es de la ministra de Sanidad.
Deseo realizar un pequeño recordatorio con números concretos. Las plazas MIR ofertadas en el 2024 fueron 8772; las plazas MIR que se ofrecerán en 2025 serán 9007, un aumento de un 3 %.
Quiero hacer mención de especialidades con un importante déficit de profesionales, que todos sabemos y todos reclamamos, como son: psiquiatría infantil y de la adolescencia. En 2024 se ofrecieron 30 plazas para toda España; en 2025 se ofertan 48 plazas, para toda España, niños y adolescentes. Psiquiatría. En 2024 se ofrecen 318 plazas para toda España. A pesar de todo lo que hemos verbalizado sobre la necesidad de profesionales para la atención de la salud mental, parece que no coinciden las palabras con los hechos. Porque, además, una de estas reivindicaciones la hizo don Íñigo Errejón en el parlamento español. Desde mi punto de vista, lo apoyo, porque es necesario, lo que pasa es que ahora el Ministerio no responde como tendría que responder.
Sigo. En 2024 se han proporcionado 508 plazas de pediatría para todo el país, sabiendo todos las necesidades de pediatras en atención primaria y hospitalaria que tenemos. Pues parece que el Ministerio de Sanidad, si lo sabe, no le importa.
Con respecto a la medicina familiar y comunitaria, en 2024 se han ofertado 2492 plazas, de las cuales 246 han quedado vacantes, no se han ocupado. Es decir, son 2246 médicos que hasta 2027 no ejercerán como especialistas titulados. Pues bien, con la situación en la que nos encontramos, en el año 2025 van a ofertar 2508 plazas de médicos de familia, un 1 % más en todo el sistema sanitario español, un 1 % que, en total, ¿saben cuántas son? 16 plazas de medicina familiar para todo el estado español. No nos llega ni a 1 plaza siquiera de medico de medicina familiar y comunitaria para toda las comunidades autónomas y ciudades autónomas. No nos llega ni un médico, ni uno más.
Con estas cifras, el Ministerio habla de un incremento histórico cuando ni siquiera se pueden cubrir las necesidades de todas las comunidades autónomas. Perdonen, pero me toca muy de cerca y lo estoy viviendo todos los días, no tengo por qué elevar la voz. No hay más que decir que estas plazas son insuficientes.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Muchas gracias, señora Goás. Se le acabó el tiempo. Tiene la palabra, por… polo Bloque Nacionalista Galego, dona Cristina López.

**-MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Moi bo día a todos e a todas. Gustaríame moito que con esa vehemencia e esa contundencia con que está defendendo o tema da necesidade de profesionais o fixera, sobre todo, en épocas onde vostedes estaban gobernando no estado español.
E vén moi ben acaecida a frase de «daqueles pos estes lodos». Durante o mandato de Mariano Rajoy, a taxa de reposición foi do 1 %; é dicir, de cada 10 médicos que se xubilaban, soamente se podía repoñer cun profesional máis. Agora, esas consecuencias e agora dramatizamos coa situación que temos.
É dicir, vostedes foron cómplices moi necesarios, e estano sendo día a día, da situación sanitaria. que temos no noso país.
Pero non soamente están con iso, non soamente nese momento, senón que desde a Xunta de Galicia e, sobre todo, desde que vostedes alcanzaron o goberno da Xunta de Galicia, o deterioro a nivel sanitario é de forma brutal. Vemos como ano tras ano, orzamento tras orzamento se foron deteriorando e como cada vez se foron dedicando menos orzamentos ao que é a sanidade pública, pero si incrementando considerablemente eses desvíos de fondos á sanidade privada. Así, vemos como están medrando os costes dos nosos impostos, e grandes *lobbies* que veñen a Galicia a desenvolver as súas contas de explotación, a conta da precariedade da sanidade pública. O deterioro é moi importante da calidade asistencial que estamos recibindo os galegos e as galegas grazas ás políticas do Partido Popular.
E non soamente desvían cartos e lles dan importantes cantidades e fondos, senón que poñen ao servizo destas corporacións o persoal público, atendendo a esas chamadas e desviando de forma moi disuasoria a que as probas e intervencións e demais se fagan en hospitais privados en vez de nos hospitais públicos.
Vemos como enseguida teñen argumentos dicindo que nos sacan das listas ou que volvemos para o fondo se non aceptamos a proposta que eles nos fan. É dicir, non soamente lles damos recursos económicos, senón que poñemos recursos humanos á disposición destes importantes *lobbies*.
E seguimos coa precariedade laboral; é vergonzoso como, de forma sistemática, os traballadores do sector sanitario ven as súas condicións laborais moi precarizadas. Vemos como a alta temporalidade que hai neste sector, vemos como no ano 2023, de 433 profesionais que se van xubilar, a Xunta de Galicia soamente o ano 2024 saca 200 prazas. É dicir, porque estamos pedindo a outras administracións sanitarios e profesionais cando resulta que, desde a propia Xunta de Galicia, nin sequera se queren repoñer todos aqueles profesionais que van pasar ao seu período de xubilación? Pero non soamente iso; seguimos coa precariedade laboral. Vemos como a Xunta de Galicia, *a bombo e platillo*, previo ás eleccións, promete un incremento aos sanitarios dun 2 % de subida salarial e, cando se quere materializar este ano, ademais vímolo recentemente en prensa, como este mes se lles ía facer esa subida, pero como sempre, o único que mandan son mensaxes tramposos. Porque, dese 2 % que lles prometeron, hai complementos que quedan fóra do

mesmo, como pode ser o complemento de garda, o complemento de festividade, o complemento de nocturnidade; complementos que son moi penosos e son complementos que son asociados á dispoñibilidade de persoal para facer máis horas. É dicir, cos profesionais que temos, que son poucos, encima, cando lles pedimos colaboración e axuda, resulta que ven minguadas e eses abonos deses complementos, ese 2 % que primeiro lles prometeran… Pero, *de lo dicho al hecho*, como fan vostedes, *hay un gran trecho.* Entón, non lles abonan eses porcentaxes.
Pero non fai falta que vaiamos moi lonxe. [...] a Xunta de Galicia, que temos moi preto aquí, é o consultorio de Nadela. Vemos como en outubro do ano 2023, vemos como se nos di que o consultorio de Nadela non vai quedar sen médico, senón que vai pasar consulta durante 3 días á semana e que vamos ter enfermeira.
E vemos como a voceira do Grupo Popular quixo coñecer a postura do conselleiro de Sanidade sobre o futuro do consultorio de Nadela e asegurarse a súa continuidade. Pregúntolle á voceira do Partido Popular: onde está a continuidade a día de hoxe, cando o consultorio de Nadela carece de médico? Eses 733 usuarios dese consultorio están a día de hoxe sen profesionais. O único que fan, como fan sempre previo á eleccións ou previo á conflitos sociais, fan promesas que logo vemos como, pasado o tempo, esquécense delas, e eses usuarios do Centro de Saúde de Nadela quedan sen médico e aquí traen con toda, quero dicir, cun pouco de cara dura dicindo que non hai profesionais cando resulta que cando...

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora López. Doulle a palabra, polo Partido Socialista, a dona Olga López Racamonde.

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Moitas grazas.
Vou comezar dicíndolle… Antes a señora Elena Candia dicía que Google non era un método para recoller información cando o representante do Bloque falaba de páxinas oficiais das institucións. Home, o que non é normal é facer unha proposición que se basea exclusivamente nunha nota de prensa, que un copia e pega dunha nota de prensa que saíu publicada. Home, iso si que é unha vergonza. A verdade, unha vergonza importante; copia e pega ao 100 % practicamente na súa primeira parte.
Eu cando lin a súa proposta, a miña incredulidade ía en aumento e non entendía se o Grupo Popular do Concello de Lugo presentaba esta proposta por ignorancia, ousadía ou pola demagoxia que lles caracteriza, por certo, no seu facer político. Pero o certo é que lendo, incluso en Google, porque leo en Google, e leo notas de prensa e leo o que podo, leo que as ordes veñen da central do seu partido, polos resultados que houbo no Consello Interterritorial de Saúde, onde a Xunta de Galicia saíu moi mal parada e onde as comunidades xestionadas polo PP intentan cubrir o seu desmantelamento e os seus malos tratos, porque o maltrato laboral é un maltrato, alí onde gobernan os seus profesionais.
Non enganen. Non enganen, porque enganan dunha maneira que para min non ten obxectivo. O número de prazas que se convocan cada ano na convocatoria MIR non é fixo e depende das necesidades e propostas que fai cada comunidade autónoma, xa que é a comunidade autónoma a que oferta as vacantes que necesita

e ten orzamentadas para cubrir as necesidades. Se non vostedes, miren, díganllo á xeriatría, que nin sequera convocan as prazas que teñen acreditadas.
A regulación dos MIR en España vén de facerse pola Lei do 2003 de ordenación das profesións sanitarias, onde di exclusivamente como a acreditación das prazas en formación é competencia exclusiva das comunidades autónomas. A comunidade autónoma solicita a acreditación; para iso ten que ter calidade e o Ministerio concédellela.
Que ocorre neste caso na comunidade autónoma galega, en concreto en atención primaria? Pois desde que goberna o señor Feijóo, a plantilla segue sendo a mesma que dende o 2009, a mingua de profesionais é abismal. Non cumpren a acreditación para novas prazas. É dicir, a Consellería de Sanidade non pode acreditar novas prazas de médico de familia porque non ten a calidade que se necesita de titores de organización da atención primaria para poder formalos.
Debéralles caer a cara de vergonza, debéralles caer a cara de vergonza. E por iso non llelas acreditan. Lonxe, ademais, desa demagoxia que vostedes fan, nin sequera ofertan tódalas prazas que teñen acreditadas; é dicir, Galicia ten acreditadas prazas para certas especialidades que non convocan, porque a convocatoria, a oferta de prazas mellor dito, faina a comunidade autónoma porque é a que ten que poñer o orzamento. E a comunidade autónoma nin sequera convoca as prazas que ten acreditadas, chámense xeriatría ou chámense pediatría, de moitas especialidades. Entón, quen ten o problema aquí? A comunidade autónoma. E quere trasladarllo ao Consello Interterritorial de Saúde, quere trasladarllo á actual ministra de Sanidade. Home, os médicos tardan 4 anos en formarse. Dicir que é culpa da ministra de Sanidade, que non leva un ano no cargo, que haxa falta de médicos hoxe… Home, sumar supoño que saberán sumar.
Entón, é unha falta de previsión total e absoluta que vén dos gobernos e da crise do 2008, que non souberon facer un plan de xestión axeitado, previndo as xubilacións que se ían dar, facendo en cada comunidade autónoma un plan de actuación e de acreditación de prazas conforme os profesionais que se ían xubilar e, polo tanto, ter recambio. Quen tiña que facer isto? A Consellería de Sanidade en base á Lei de Ordenación Profesional, que é quen regula.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Racamonde. Ten a palabra a señora Goás.

**-AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Gracias.
Quería hacer mención a que, en uno de los últimos consejos de ministro, la portavoz del Gobierno, doña Pilar Alegría, mencionó el dinero que va a ser repartido para las comunidades autónomas para la atención primaria. Nos van a dar 170 000 000 euros para atención primaria para todas las comunidades autónomas. Es una noticia que salió a bombo y platillo en prensa y que gestionó esta ministra portavoz. Bien. Este dinero se va a gestionar, o se va a destinar, a incrementar la atención primaria de aparatos, instrumentos y demás, no se va a destinar al personal, que es donde se necesita. Y luego, si hacemos una cuenta facilita, estos 170 000 000 euros los repartimos entre los habitantes que vivimos en España y nos

toca a cada uno 3,75 euros por habitante y año. Creo que, con estas cifras, está dicho todo. La aportación del Ministerio de Sanidad a la Sanidad Pública, perdonen la redundancia, es ridícula. Ni más ni menos.
Bien, dicho esto, la señora Mónica García hablaba mucho y fuerte cuando era la portavoz de Más Madrid en la asamblea de Madrid. Ahora, como ministra de Sanidad y gestora de este Ministerio, se ha topado con la realidad que antes criticaba; con el cierre de camas, con la falta de médicos, sobre todo en atención primaria, con la falta de psicólogos clínicos, de enfermeras… y puedo seguir y seguir y seguir. Ya conocía la sobrecarga laboral de las profesiones sanitarias, pero ahora le corresponde resolverla, mejorar la calidad de la formación, aumentar los programas formativos; en una palabra, poner en práctica las medidas necesarias para potenciar la atención primaria y que los profesionales médicos quieran trabajar en ella.
Desde hace años, los distintos consejeros de sanidad de las comunidades gobernadas por el Partido Popular han solicitado en el Consejo Interterritorial que desaparezca la nota de corte en el examen MIR. Con la necesidad de médicos que tenemos no podemos permitir que se desperdicie una sola plaza de medico en formación. Ni una.
Asimismo, los mencionados gobiernos han reclamado desde hace años más flexibilidad y agilidad para poder acreditar a un mayor número de centros de salud como centros docentes. Estas acreditaciones, doña Olga, usted sabe cómo funcionan las unidades docentes, estas acreditaciones perjudican a comunidades pequeñas y con menos población, como sucede con la gallega. Los diferentes consejeros de la Xunta de Galicia, así como otros consejeros de sanidad de distintas comunidades autónomas gobernadas por el Partido Popular, han solicitado una y mil veces flexibilidad en la creación de estas unidades docentes, que se puedan compartir distintos centros de salud. ¿Y cuál ha sido la contestación del Ministerio de Sanidad, del anterior ministro gallego, de esta y de los anteriores? No, no y no. No se da calidad, pero ¿se da calidad igual si compartimos los profesionales del Saviñao, de Sober, de Monforte? ¿No se da calidad? ¿Esos profesionales no van a tener calidad para formar a médicos residentes? ¿Me está diciendo eso, me está diciendo eso? ¿Que eso no se puede modificar? No me diga eso.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Muchas gracias, señora Goás. Ha acabado su tiempo.

**-AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Perdón.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Tócalle a quenda á concelleira Cristina López. Un momento.

**-MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Señora Goás, eu escoitándoa teño a sensación de que vostedes non teñen nada que… non teñen responsabilidade de todo o que está sucedendo nin teñen ningún tipo de competencia, cando eu creo

que as competencias as teñen practicamente todas; o único que hai que facer é recordar. Falando de cifras, «a bombo e platillo» e da escaseza de recursos que vostede está dicindo, que o ministerio dedica, vamos falar dos seus.
Se falamos desde o ano 2009, que vostedes estaban gobernando a día de hoxe, o que é o orzamento dedicado á sanidade á sanidade galega, e resulta que nos faltarían 433 millóns; é dicir, que cada día vostedes baixan os orzamentos dedicados á sanidade. Entón, de que sacan peito? Non sei de que están sacando vostedes peito. Desde o ano 2009, e sacan peito, no ano 2024, sacando *a bombo e platillo*, cos orzamentos que sacaron. Pois mire, para acadar e atender a inflación que tivemos durante estes anos, fáltannos aínda 433 millóns que tiñan que dedicarlles vostedes á sanidade galega, para igualar o ano 2009, para igualar o 2009, mira onde nos remontamos. E logo sacan peito cando resulta que deste orzamento dedican á atención primaria, que vostede está dicindo que está tan, tan, tan mal, o 1,1 %. Home por favor.
E despois resulta que vostedes teñen problemas de sanitarios, e non hai sanitarios, cando vostedes desprezan e rescinden o contrato do médico de Nadela?
Cando el se prestaba a prestar servizo durante estes meses de verao, e ata suspendera as súas vacacións, e resulta que lle rescinden o contrato? Vostedes estanse rindo de todos nós. É o único que están facendo; é o único que están traballando, e de forma totalmente deliberada, é en detrimento da sanidade pública en favor da sanidade privada. E vemos como balancean os orzamentos, como está medrando de forma exponencial e totalmente escandalosa a sanidade privada en detrimento da pública, que o que están facendo. Iso é o que están facendo. Entón, por favor, non veñan aquí a rirse de nós, entendes? Porque esta filial da Xunta de Galicia, que están vostedes aquí, pleno tras pleno, tratando de lavarlle a cara… escoite: non, porque non lle somos parvos. Parvos non lle somos. E parece mentira, vostede que é unha profesional do sector, que non estea vendo iso; e que veñan aquí reclamando a outra administración o que vostedes non fan cando máis competencias teñen.
Por favor, un pouquiño de por favor. Porque o tema de Nadela é totalmente escandaloso, escandaloso. É dicir, que vostedes de forma deliberada prescinden dun profesional. Explíqueme vostedes por que, cando en outubro do 2023 aquí a señora portavoz dicía que Nadela non ía ter ningún tipo de problema. E agora neste verao resulta que non temos profesional. Home, un pouquiño de por favor. Entón, non lle pidan a outros a responsabilidade que teñen que facer vostedes, porque vostedes son cómplices necesarios do detrimento da sanidade pública neste país; cómplices necesarios. E vemos como están facendo unha aposta deliberada para acabar co sector público da sanidade, que é un dos piares básicos do estado de benestar e estalles dando exactamente igual. Sinceramente, non sei como vostede pode estar defendendo isto.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora López. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, Olga López Racamonde.

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** E efectivamente comparte que non hai calidade para xerar unidades acreditadas, iso é un dos grandes problemas que veñen derivados da política do Señor Feijóo, o cal, desde que chegou á xestión do sistema público, o único que fixo foi privatizar, privatizar, privatizar e diminuír o gasto sanitario por habitante, que está en 1700 euros; neste momento, unha das comunidades autónomas que menos gasta por habitante.
A sanidade está transferida, a sanidade está transferida. E é máis, o gasto, a transferencia para gasto que fixo o goberno central, é moi superior á que se fixo nos anos do señor Mariano Rajoy. E, mentres, vostedes nin sequera recuperan o presuposto, xa que o presuposto en Sanidade caeu un 18,8 % nos presupostos da nosa sanidade pública. E, mentres tanto, o señor Feijóo, porque isto o fixo o señor Feijóo, este que vostedes din que é o segundo presidente, que aínda o dixeron onte, e pasa a facer un convenio con Povisa (ata onde eu sei, é privado) de 400 millóns de euros a 1400 millóns; 1400 millóns danlle para moitas unidades acreditadas e moitos médicos residentes en formación. Así que o diñeiro está, o que pasa é que llo transfiren ás privadas.
Eu vou máis alá da compañeira do BNG. Vostedes non son cómplices necesarios; vostedes son executores da degradación do sistema público e que, ademais, lle podo dicir, vostede vivirá como profesional, pero eu o vivo como paciente. É terrible. O que fan cos profesionais e cos doentes é terrible.
O señor Feijóo eliminou 3 áreas sanitarias. Non pasa nada, que máis dá. Cerrou máis de 1000 camas que aínda están pendentes de recuperarse. Estableceu un sistema de fundacións que foi un fracaso total e que tivo que poñer no sistema público a estas fundacións indemnizado aquelas entidades que as estaban xestionando. Home, eu a verdade é que comparto que vostede, como profesional da saúde que sei que é comprometida e que aprecio como persoa e como profesional, defenda a política que se vén xestionar dende a Consellería de Sanidade nesta materia… pois que quere que lle diga. É triste e é indefendible. Indefendible.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Racamonde. Última quenda para a señora Goás.

**-AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Señora Racamonde, quería decirle que no comparto su criterio de la calidad. Creo que somos, o que en Galicia hay unos grandes profesionales, sumamente comprometidos, que la calidad de nuestra sanidad es excepcional. Y yo creo que, sobre todo en los últimos años, sin menospreciar a nadie, por Dios, la calidad y el compromiso de los profesionales sanitarios, empezando por la señora de la limpieza, mantenimiento, los celadores, auxiliares, enfermeros, médicos… se dedican exclusivamente a los pacientes. Los pacientes están muy agradecidos y satisfechos por el trato y por la calidad de los profesionales que tenemos, que se esmeran hasta lo último. Usted lo sabe. Salimos a la hora que salimos, nos da igual. Lo que nos importa es proporcionarles el mayor bienestar y la mejor atención a los pacientes; es por lo que muchos de nosotros o casi todos nosotros vivimos; y lo sabe. Independientemente de eso, voy…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Muchas gracias, señora Goás. Se acabó su tiempo. Imos votar esta proposición.

5/132 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 286/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DA IGUALDADE ENTRE ESPAÑOIS E EN CONTRA DE PRIVILEXIAR A UNHAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS FRONTE A OUTRAS (Exp. 2024/G004/000524).-** Vista a antedita proposición do seguinte teor:

"A Constitución Española de 1978 establece no seu artigo 2 a "indisoluble unidade da Nación española, recoñecendo e garantindo o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidariedade entre todas elas". Este precepto fundamental, contemplado ademais nos artigos 138 e 139 da Constitución, subliña o principio de igualdade, establecendo que todas as comunidades e cidades autónomas deben ter os mesmos dereitos e obrigacións no marco do Estado.

Así mesmo, o artigo 14 da Constitución consagra o principio de igualdade e non discriminación, garantindo que "todos os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social".

Con todo, hai tan só uns días, a publicación no BOE da Lei de Amnistía e a súa consecuente entrada en vigor, materializou o camiño emprendido polo goberno de Pedro Sánchez de quebra do principio de igualdade entre todos os españois independentemente do lugar no que vivan, e a súa clara intención de enterrar o actual Estado das Autonomías.

A todo iso, hai que engadir as últimas dúas concesións do goberno de España aos partidos independentistas en Cataluña para conservar a Moncloa e lograr a investidura de Salvador Illa como presidente da Generalitat de Cataluña. Mentres que ERC esixiu ao Goberno un "financiamento singular" para Cataluña, Junts arrincou o compromiso de Sánchez de incluír "unha cláusula catalá" en todos os proxectos de lei que presente o Goberno a cambio de apoialos cos seus votos en sede parlamentaria. A intención dos partidos independentistas é clara: diferenciar á comunidade autónoma de Cataluña sobre outras apoiándose nunha suposta singularidade que non recoñece a Constitución Española de 1978 e que suporá aínda máis avances na ruptura da unidade de España e da igualdade entre todos os españois.

Ademais, o artigo 138 da Constitución Española garante a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 antes mencionado "velando polo establecemento dun equilibrio económico, adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español" e salienta en que "as diferenzas entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas non poderán implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais". Por tanto, esta pretendida independencia fiscal de Cataluña non está contemplada na Constitución, nin no propio Estatuto de Autonomía de Cataluña, nin na Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de

Financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA). É dicir, non sería constitucional e o goberno estaría a poñer fin á solidariedade entre os distintos territorios, un principio fundamental que nos une como país.

Ademais, debemos considerar que o Tribunal Constitucional establece que "son os Estatutos de Autonomía as normas chamadas a fixar as competencias asumidas dentro do marco establecido na Constitución, articulándose así o sistema competencial mediante a Constitución e os Estatutos de autonomía" (STC 76/83).

Coa aprobación da Lei de Amnistía, o Goberno de España xa exculpou os delitos cometidos vinculados á declaración de independencia de Cataluña deslexitimando o Estado de Dereito, branqueou a sedición e reduciu as penas por malversar fondos públicos, entre outros., todo iso, en lugar de velar pola igualdade de todos os españois. Agora non debe nin pode asumir esta imposición competencial, nin unha "singularidade financeira" e, tampouco, a condonación da débeda que a administración catalá mantén co Estado español.

A nova medida apuntada polo Goberno de Pedro Sánchez non pode ser máis regresiva e insolidaria, prexudicando especialmente ás comunidades autónomas con menor renda e xerando unha pugna entre territorios. Cada comunidade autónoma presenta as súas singularidades e todas deben ser tidas en conta, porque, pola contra, estaríase a consagrar o principio de que hai cidadáns de primeira e de segunda, segundo onde se viva.

Se Cataluña recibise un financiamento especial, negociada á marxe da multilateralidad que esixe o vixente Sistema de Financiamento Autonómico ou, peor aínda, se avanzase no proxecto reclamado polo independentismo da creación dunha Axencia Tributaria Catalá, con plenas competencias para regular, xestionar e recadar todos os impostos., esta comunidade autónoma deixaría de contribuír á solidariedade interterritorial e non participaría dos mecanismos de nivelación que utiliza o Estado para repartir os recursos fiscais entre todas as rexións.

Neste contexto, non podemos deixar de denunciar que esta chantaxe continua á que os independentistas someten ao actual goberno de España xera unha enorme inseguridade xurídica que escorrenta investimentos e proxectos empresariais, fainos menos competitivos como país e prexudica a todos os territorios do noso país.

Consideramos que é imprescindible reafirmar o compromiso do Estado coa igualdade de todos os españois e coa homoxeneidade no exercicio das competencias autonómicas, evitando calquera disposición lexislativa que beneficie de maneira singular a unha comunidade autónoma en detrimento das demais e a pretensión dos partidos independentistas de condicionar a repartición de competencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Cataluña sobre calquera materia. Esta estratexia política levaranos ao remate dos principios de equilibrio territorial e de unidade de país que todos os españois acordaron e construíron en 1978.

O alto prezo que o goberno de Pedro Sánchez pretende pagar en nome de todos os españois aumenta aínda máis a brecha aberta polo seu goberno diferenciando entre cidadáns de primeira e de segunda. Non debemos esquecer que aquilo que se outorgue a un territorio fronte a outros o pagaremos o resto dos

españois. Ademais, implicaría unha diminución no dereito de todos os españois a acceder a uns servizos públicos de calidade e en igualdade de condicións.

Por tanto, expresamos o firme compromiso coa defensa da igualdade entre todos os cidadáns españois, da xustiza, no marco dunha Constitución que garante a unidade e a solidariedade da nosa nación.

Por todo elo o Grupo Municipal del Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

1. Reafirmar o compromiso co principio de igualdade entre todos os españois que se recolle na Constitución Española, garantindo que ningunha disposición lexislativa inclúa cláusulas ou disposicións que favorezan a unha comunidade autónoma sobre outras.

2. Velar polo equilibrio económico e social e o crecemento xusto entre as diversas partes do territorio español, conforme ao establecido nos artigos 2, 14 e 138 da Constitución.

3. Impulsar un diálogo construtivo e solidario no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira entre todas as comunidades autónomas e as dúas cidades autónomas para abordar a reforma do sistema de financiamento autonómico buscando un reparto equitativo e xusto dos recursos, que preserve a autonomía fiscal das Comunidades Autónomas, o principio de coordinación coa facenda estatal e a solidariedade entre todos os españois coa finalidade de alcanzar o necesario equilibrio interterritorial e garantir que todos os españois accedan en condicións de igualdade aos servizos públicos con independencia do territorio no que residan.

4. Promover unha reforma do sistema de financiamento local conxuntamente co financiamento autonómico, que garanta os principios de igualdade, xustiza social, solidariedade e equidade, e na que se teñan en conta criterios como a características sociodemográficas, a dispersión, o despoboamento, as formas de asentamento da poboación e os estándares de cobertura dos servizos públicos básicos ou a importancia do territorio na protección do medio ambiente e do patrimonio natural.

5. Revisar e, no seu caso, modificar calquera proxecto de lei que conteña cláusulas que poidan ser interpretadas como discriminatorias ou que atenten contra a igualdade entre todos os españois, asegurando que todas as iniciativas lexislativas respecten os principios constitucionais de unidade, igualdade e solidariedade.

6. Fomentar a transparencia e participación de todas as comunidades autónomas e as dúas cidades autónomas nos procesos lexislativos que afecten o marco competencial autonómico, asegurando que os seus intereses articúlense de maneira xusta e equitativa.

7. Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia Primeira e Ministerio de Facenda, ao Ministerio de Política territorial e Memoria Democrática e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado e á Xunta de Goberno da FEMP."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. alcaldesa presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra polo grupo municipal Popular o señor Ameijide.

**-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa.
Falaban hai un momento de filiais, e neste salón de plenos agardamos ver quen é filial de quen e ata onde está disposto a seguir sendo corresponsable de todo o que se está facendo dende esa sucursal que teñen en Madrid.
Eu non sei vostedes, pero eu son galego, e como galego a verdade é que me doe o que está pasando a nivel nacional coa nosa comunidade autónoma. Son galego porque é a miña maneira de ser español, igual ca de vostedes, e como español tamén estou orgulloso profundamente da nosa constitución, sentíndome obrigado a respectala, a poñela en valor e a facer que se respecte alí onde estamos. E como español síntome orgulloso de pertencer a un país que ten 17 comunidades autónomas, que segundo a Constitución son iguales, pero, sobre todo, son solidarias entre si. Iso é exactamente o que non se está sendo dende o Goberno Central.
Reitero que son galego, e xusto o día despois do día grande da nosa terra teño que, por desgracia, falar neste salón de plenos da traizón que se nos está facendo aos galegos. Xusto o día despois do noso patrón, do noso día grande, teño que saír neste pleno a dicir que temos que defendernos como galegos, porque dende o Partido Popular temos moi claro a nosa galeguidade e que somos galeguistas. E dende o Partido Popular temos moi claro que non vamos pedir para Galicia máis que os demais, pero tampouco imos permitir que se nos dea nada menos. Isto é o que lles temos que dicir claro; e queremos saber se vostedes opinan o mesmo.
Pregúntolles aos compañeiros do Partido Socialista se lles queda algo de socialista ou ese S xa é de sanchista; porque, se non, terán que dicir se están a favor da igualdade dos 17 comunidades autónomas ou, pola contra, cren que hai unha privilexiada que está por riba das demais a cambio de seguir nese sillón. E aos compañeiros do BNG tamén preguntarlles se son galegos, como din nas súas siglas, ou se é verdade, como todos pensamos, que son unha sucursal de

*batasunos*, de golpistas, de nacionalistas de toda índole ou unha sucursal máis de Puigdemont aquí en Galicia.

Hoxe máis que nunca vén a colación esta moción porque onte tivemos coñecemento de que Sánchez está disposto a outra concesión máis a Cataluña para darlles aínda un privilexio máis polo resto das 17 comunidades autónomas. De novo, outra tradición máis ás comunidades autónomas.

Hoxe de novo, neste salón de plenos, debemos defender a Constitución. Debemos defender a Constitución e debemos empezar polo artigo 2, que supoño que o coñecerán, pero onde se fala da indisoluble unidade da nación española. Pero, sobre todo, onde se garante o dereito á autonomía e á solidariedade entre todas elas. Exactamente o que o sanchismo non respecta. E este é o principal incumprimento do seu goberno, do que vostedes demostrarán hoxe se son sucursal ou filial, ou non o son. Falamos de filiais, pois imos ver se vostedes van seguir incumprindo o artigo 138, 139 ou 14 da Constitución, e se van a respectar os millóns de españois que cremos na igualdade, na solidariedade e en axudarnos entre todas as comunidades autónomas ou cren que hai españois de primeira e españois de segunda; porque iso é o que fai o goberno de Sánchez. Cren que hai unha comunidade autónoma por riba das demais, á cal está disposta a darlle todo con tal de seguir sentado na Moncloa ou sentado no sillón, ou garantir outro sillón máis para Cataluña. E ese modelo que está formulando Sánchez estanos custando caro, moi caro, ao resto de españois.

Nos últimos meses vimos como Sánchez está absolutamente secuestrado, como é capaz de sacar do cárcere a quen malversou, a quen deu un golpe de Estado, a quen intentou romper todos os principios da nosa Constitución; que está secuestrado e está disposto a cederlles economicamente, fiscalmente e socialmente todo o que precisen a cambio de seguir nese sillón da Moncloa. Hoxe dirannos se son socialistas ou sanchistas.

Está disposto incluso a facer leis cunha cláusula catalá. Unha cláusula exclusiva para os cidadáns de Cataluña. Ou sexa, vai haber cidadáns españois e, nas leis, vai haber un epígrafe específico para os cataláns. Esta é a solidariedade, a igualdade que propugnan dende o socialismo, xa non vou dicir nada dende o nacionalismo.

Isto é o que nos demostraron, que Sánchez o único que está participando neste país é, pois, eu creo que en vez de presidente é como eses comerciantes que hai nos zocos árabes, subastando a presidencia ao mellor postor. O mesmo lle daba estar vendendo alfombras, negociando alfombras e regateando que vendendo o país, que é o que está facendo.

O único que está facendo é negociar concesións, negociar chantaxes cos nacionalistas; e esas chantaxes e esas concesións pagámolas o resto de españois.

Hoxe, o PSOE e o BNG teñen unha oportunidade de ouro para dicir se son galegos ou se son sanchistas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Ameijide. Ten a palabra o voceiro do Bloque, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas.
Hai dúas razóns polas que se pode presentar esta proposición hoxe. Unha é por imposición e acatamento do partido; a outra é por ter o complexo do colonizado. Non hai outra opción. Ou por imposición e acatamento do partido ou por ter complexo de colonizado.
Porque eu lle cambiaría o nome a esta proposición; é que ata non sei se emendarlla e dicirlle que lle cambien o nome; e chamaríalle «Proposición Salvemos Madrid», porque realmente é do que trata. Collémola e é do que trata. Imos ir tamén falando de datos, non?
Ademais, que me estaba lembrando agora dunha frase que me dixera unha vez unha persoa, «solidarios sí pero gilipollas no»; porque realmente cando empezas a ler todo isto, é que mete medo. E o peor de todo é que xustamente o partido que ten que telo nas súas mans, o Goberno galego, actúa como complexo de colonizado. Actúa con complexo de colonizado.
Deixa claro no seu discurso, que se pode ver aquí, que as galegas e os galegos non traballamos, non producimos, non pagamos impostos. O pobo galego é un pobo pobre que vive do que lle dan os demais. Esta é a concepción que ten o Partido Popular. Esta é a concepción que ten o Partido Popular do pobo galego, e así o acaba de deixar claro o seu voceiro nesta intervención, algo que non é de estrañar, porque son moitos anos repetindo a mesma propaganda, de que somos un pobo que non pagamos, que non valemos, cando os datos son totalmente o contrario. O que pasa é que os datos que se nos contan non son así.
A realidade é que estudos que se fan collendo todos os datos o que nos din é que, por exemplo, Galiza produce e paga 3 000 000 euros máis do que despois recibe nos orzamentos. É así. O que pasa é que, claro, se vemos as contas oficiais, dinnos cousas como, por exemplo… Hai un dato: vós coñecedes algún galego ou algunha galega que fume? Coñecedes? Porque resulta que, segundo as contas oficiais, non hai ningún galego nin ningunha galega que fume, porque ningún paga impostos polo tabaco, claro, porque eses van a outro tipo… despois, eses non se teñen en conta nos ingresos. Digo este como un exemplo dos moitísimos que hai. Que se se collen todos, resulta que Galiza produce 3 000 000 euros máis do que despois recibe.
Pero é que, ademais, despois imos ao grao de execución desas contas; porque iso é o que recibe teoricamente no apartado dos orzamentos. Imos ir ao grao de execución. Se collemos os últimos anos, o grao de execución do orzamento en Galiza é do 73 %, facendo unha media dos últimos anos. O grao de execución dos orzamentos do Estado. Na súa obsesionada Cataluña, e digo obsesionada porque fun marcando *palitos* cada vez que mencionaba Cataluña e marquei 9 *palitos*; 9 veces que mencionou Cataluña. Pois, na súa segunda Cataluña, a execución do orzamento foi do 27,3 % de media nos últimos anos. 27,3. Mentres que na súa amada Madrid, para iso é a proposición de «Salvemos Madrid», un 112,3 %. Ou sexa, o triplo do que recibimos os galegos e as galegas. Iso se non temos en conta o que se fixo nos últimos anos, como rescates das radiais madrileñas que pagamos todas e todos por auténticas barbaridades…

Cando nós, ademais, poderiamos producir moito máis. Poderiamos, se se nos deixase producir e non se nos vetase os nosos sectores produtivos, se se nos permitise… Non sei, por exemplo, xa que producimos moitísima máis enerxía da que consumimos, en vez de mandarlla a outro territorio que tanto adoran, pois podela utilizar nós a un prezo máis barato, que nos permitise precisamente industrializar o territorio, ter investimentos en infraestruturas que nos permitisen producir…

Eu creo que os galegos e galegas somos maiores de idade. Pode haber un goberno galego que teña a chave dos cartos, que realmente é o que necesitaríamos: ter unha facenda propia, a chave dos cartos, coller o que ingresemos como fan, por certo, como fan Euskadi e Navarra e non pasa nada. Despois, chegar a un acordo co Estado para os gastos comúns. Eu creo que os galegos e galegas estamos dispostos a ser solidarios tanto para gastos comúns como para territorios que máis o necesiten, tanto sexa nun momento puntual como en momento xerais; somos un pobo solidario, niso non hai problema. Pero somos maiores de idade e creo que podemos ter a chave dos cartos, non? Que ao final é no que se debe avanzar, en que os territorios poidamos ter a chave dos cartos e poder decidir en que os queiramos gastar. Que non quede nese ridículo 63 % ou que non queden nese ridículo de que nos poñamos 3 000 000 euros máis cada ano e que non teñamos oportunidade de poder xestionar.

Pero claro, isto é moi difícil cando temos un goberno galego que directamente quere desfacer as competencias. Competencias de educación? Para os concellos. Competencias da sanidade? Para o Estado… É que non quere ter competencias este goberno galego. Non quere. Entón así é moi complicado. Entón, que facemos? Pois collemos e dicimos que hai que salvar Madrid. Que os pobres, pois reciben pouco e o traemos aquí e quedamos tan tranquilos.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Pois eu emendaría a emenda: «Salvemos Madrid e o señor Feijóo», que pensou que lle ían bailar as augas como lle bailaban algúns medios dos que lle tapaban as súas vergoñas aquí en Galicia, pero o conto cambiou.

Gustaríame pararme un minuto na parte expositiva desta proposición do Partido Popular. Primeiro, expresando que se trata, pois, dun argumentativo e de opinións contrarias ao que vostedes chaman sanchismo. Aquí falamos de Partido Socialista. Non hai sanchismos nin nada que se lle pareza. Defendemos as ideas do Partido Socialista.

Tiran de argumentario estatal en contra do goberno de Pedro Sánchez e dannos clase maxistral de que debemos cumprir a Constitución española. Eu creo que todos os españois nos debemos a esa norma. De que se van enterrar os Estatutos de Autonomía e as Comunidades Autónomas. En Galicia… de momento, as leis de competencias desenvólvense na comunidade autónoma. Cantas competencias

levan solicitadas que se transfiran verdadeiramente do goberno do PP de Galicia ao Estado? Moi pouquiñas.
Logo tamén, na súa exposición falan de concesións a outros grupos políticos para lograr investiduras. E logo que fai Partido Popular pactando coa ultradereita? Segundo vostedes, debe gobernar a lista máis votada. Claro, se lle convén ao PP. Se non lle convén, entón é que somos comenencias.
Falan de solidariedade… como a que ten Galicia, a comunidade autónoma co canon da auga, por exemplo. En Lugo levamos investido preto de 15 000 000 euros en canon de auga. A Xunta de Galicia e Lugo, cero solidarios.
Falan de financiamento especial, claro, se a entenden como a entende o Partido Popular, sentenciado como grupo criminal de financiamento ilegal, pois non comparto a súa visión. Falan de servizos públicos de calidade, cando vostedes son os *number one* da privatización. Nas anteriores proposicións xa se lembrou.
Como dicía, un falaz discurso expositivo para presentar unha proposición que non é máis que o argumentario do Partido Popular en defensa do señor Feijóo. Pois nós estamos do outro lado. E dicimos si a esa lei coñecida como a Lei de Amnistía. Porque Europa ratificouna, porque é garantía de igualdade, de separación de poderes da función xudicial e da normalización institucional e política. E, claro, vostedes iso non o ven ben, porque non o poden manipular.
Señores e señoras do Partido Popular. Novos tempos, novos contextos, a sociedade avanza; ao mellor o Partido Popular quedouse noutra época, porque segue sen crer no diálogo, no acordo, no bo goberno, na xustiza e no benestar, que é o que pretenden estas leis. Seguen instaurados nos espectáculos, na manipulación, e iso estáselles acabando; o *telón* xa vai moi baixiño. Empecen a pensar outras cousas que vender.
Falan de cumprir a Constitución española… Se son vostedes os que ata hai pouco levaban máis de 2000 días sen cumprir a Constitución española. Pero que leccións nos están dando? Afortunadamente, o Consello Xeral do Poder Xudicial formouse.
Fabulan con vitorias, branqueos e apoios da ultradereita, que ata tamén os están deixando de lado. Con cantos gobernos van quedar? Porque non foron os máis votados, como vostedes dicían. Usan as institucións en beneficio propio, e cando ditaminan, non lles interesa; porque só lles interesa o que vostedes cren que é bo. E refírome concretamente a esta lei na Comisión de Venecia, que avala a súa lexitimidade. E vostedes, raca, raca, raca… que é ilegal.
En definitiva, estanse quedando sós, señores e señoras do Partido Popular. A cidadanía falou, a democracia sentenciou. A iniciativa da lei é lexítima, a organización territorial do Estado está establecida por lei.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Abelleira. Continúa no seguinte. Ten a palabra o voceiro do Grupo Popular, o señor Ameijide.

**-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señora Abelleira, a verdade que é rechamante que unha persoa que leva aquí sentada uns gobernos, uns cantos anos, que non conseguiron subir ningún voto, nin conseguiron mellorar en apoios, nin subir nun concelleiro, nin conseguiron gañar as primeiras eleccións… acusa a calquera de

non ser o máis votado. Se vostedes son os gobernos de perdedores alá por onde van. É que hai que ter valor. Hai que ter peito. Hai que ter valor. A verdade é que consellos vendo que para min non teño.

Ás veces… eu creo que ten que ser frustrante chegar ao final do día e ter que defender certas teses, porque o que acaba de dicir vostede aquí, para os galegos a verdade é que a deixan en mal lugar. Eu xa non teño ningunha dúbida. Vostedes de socialistas non teñen nada, o S é de sanchistas. É o único que van defender, o único que van defender a capa e espada. E dan agora carnés de bos e malos socialistas porque, claro, socialistas bos agora son os que son sanchistas, porque despois hai presidentes autonómicos que bufan e que saen declarando totalmente en contra destas medidas que están aprobando, ou eses presidentes socialistas que si gañan eleccións. Eses non son socialistas. Eses, como non son sanchistas, non lle valen.

Os compañeiros de partido, eses non valen. Os que non din a tese do líder absoluto, do líder supremo, os que non teñen a verdade absoluta do señor Sánchez, eses non valen.

E o señor Arroxo, pois eu estou de acordo co que acaba de dicir o señor Arroxo. Efectivamente hai dúas opcións para presentar esta moción. Unha é defender o interese de todos os galegos e a outra é pregarse aos intereses catalán e ao interese de Pedro Sánchez. Efectivamente, nós somos os primeiros. Vostedes quedan relegados ao segundo, a defender os intereses dos catalán e de Pedro Sánchez.

Madrid non lle hai que defendelo aquí, xa se defende só e deféndese ben, bastante mellor có resto das 17 comunidades, por sorte ou por desgraza, non sei. A Madrid non lle fai falta axuda ningunha, pero aos galegos si. E efectivamente, poñemos 3 000 000 000 euros máis, pero ese é o principio de solidariedade interterritorial que hai nas comunidades autónomas. Iso é precisamente o que dicimos. A insolidariedade é o goberno de Sánchez, e os seus compañeiros de candidatura catalán e vascos, que queren todo para eles e despois coller dos 3 000 000 000 nosos tamén.

Porque hai que falar tamén da condonación da débeda que queren apoiar vostedes, ao non aprobar esta moción. Hai que falar diso. E dentro deses 3 000 000 000 euros van cartos dos galegos para pagar esa débeda, para sacar os golpistas do cárcere, para seguir pagando todas as de todas as demais prebendas que se lles están dando a catalán e ao resto que veñan, porque Sánchez está a expensas, está secuestrado polos que veñan, polos catalán, polos vascos e polos demais.

Dicía a señora Abelleira, que competencias se lle negou a Galicia? Pois mira, esta última semana, sen ir máis lonxe, unha nova concesión a Cataluña que leva dous anos reclamando o goberno de Alfonso Rueda dende Santiago e que se lle negou a tramitación do ingreso mínimo vital. Que hai a comunidades ás que se lles permite e outras ás que non. Vostedes como nacionalistas están de acordo niso? Que se lle pide unha competencia ao Estado que están xestionando outras comunidades, os golpistas, e nós non? Iso parécelles ben? Iso é ir en favor dos galegos? Vostedes non son galegos. Vostedes se pregan aos intereses dos radicais vascos e catalán.



MURALLA
patrimonio da humanidade

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. segunda quenda para o señor Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Si, a verdade é que marquei outros 6 palitos falando de Cataluña. A verdade é que hai certa obsesión…
Porque, ademais, mira, dicíao antes: o 27,3 % foi o que recibiu esta comunidade nos últimos anos de media de execución. Polo tanto, eu non teño porque defendelos, pero deféndense eles ben. Home, pero tamén dicirlles que son para onde van os cartos… Eu creo que haberá que ter un criterio cos datos na man, non con consignas que se mandan dende o partido; hai que coller os datos porque, se non, aquí a que vimos? A repetir consignas que nos mandan dende o partido?
E a Comunidade de Madrid pois é a única que durante estes anos, son datos oficiais, supera en porcentaxe de execución o orzamentado: unha media de 112,3 %. Galicia, un 63 %. Son os datos oficiais, son os que temos. Igual o problema non é tanto Cataluña.
Por certo, dicía a compañeira do Partido Socialista, que comparto totalmente, falaba de cantas competencias pediu o goberno galego nos últimos anos. Que non só non piden ningunha, é que eu creo que pediría que lle quiten. Ou sexa, porque xa están sempre que llas manden para os concellos, que os concellos encarguen disto, que o Estado se encargue do outro… A ver se poden non traballar nada. É o que está intentando o goberno galego, que lle quiten todas as competencias que non quere. Nós, saír nas foto alí entregando medallas… pero despois o que é levar a xestión das cousas iso non, porque iso dá traballo, iso crea lío, enfadamos á xente, temos a sanidade sen médicos, temos… Claro que dá traballo. É que se desfarían de tódalas competencias se puidesen, porque non conseguiron ningunha en 15 anos. Ningunha, pero é que ningunha, nin a primeira, cando o resto de comunidades estanas conseguindo. Pero é que o goberno galego, para eles, oxalá puidesen desvialas, repartilas, e non ter que facer nada.
Entón claro, claro que é ter complexo de colonizado. Absolutamente, absolutamente. É seguir co chip de que o pobo galego non é capaz, que necesita da solidariedade do resto, cando os datos din todo o contrario, rotundamente o contrario. E máis que poderían dar os datos se realmente houbese orgullo de país e se quixese apostar polo país, ese é o problema, que non se quere. Que haxa un goberno galego nesta situación, pois é tremendo.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, Ana Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Canto lles custa acostumarse a estar na oposición. Por certo, parte importante desa decisión democrática decidiuse nas eleccións. E por moitos votos, xa llo dixen máis veces, que teña ao Partido Popular, a democracia non é ter máis votos có outro. A democracia é chegar a acordos.
E non dixen o contrario, entendeume o contrario.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Silencio, señor Ameijide.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Mire, tanto lles custa isto, asumir esa oposición que nalgún momento ata incluso teñen comportamentos que alguén pode entender como antisistema.
Ou sexa, de repente aparecen en manifestacións, onde nunca na vida a dereita española se manifestaba absolutamente por nada.
[...]
Non, non. Para nada. É que é un dereito democrático, e que deben ir a máis, pero coas ideas claras, non como antisistema. Defendan o que din que veñamos defender aquí a Constitución española.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señor Ameijide…

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** A orde constitucional está establecida. E xa llo dicía aquí neste pleno, que parece un neno fastidiado. Está ñaca, ñaca, ñaca… por detrás e non deixa falar nunca. Atenda e entenda, porque a metade das cousas que di que digo non as digo.
Os señores e señoras do Partido Popular que saiban, por se non o saben, que deberían sabelo, que todo o que vai ao Congreso dáse porque é constitucional. Suponse constitucional, que para iso está establecido nas leis. E o Senado non lles é á cámara da oposición. O Senado é a Cámara que complementa o Congreso. Polo tanto, non é a súa gran baza; non fagan oposición nin ao Congreso nin ao Goberno desde o Senado, porque o Senado non goberna.
Sigan as canles legais, que é todo o que nos piden aquí estámolo cumprindo, en toda esta historia. Respecten a democracia. Esta lei o único que vén facer é propoñer alternativas a contextos actuais reais, políticos, sociais… que foron moi estipulados dende o 2017 polo Partido Popular, que foi cando máis auxe tivo o que a vostede lle preocupa tanto como o independentismo. De momento, a Constitución segue, as comunidades autónomas seguen, o territorio segue igual. De quen son as competencias de ordenación territorial? Porque haxa esta lei vaise destruír España, as comunidades autónomas? Non, señor Amejide.
O que se pretende é cerrar fisuras sociais xeradas que aposten por ese futuro de convivencia. Que sexan serios, rigorosos, que acaten a democracia, as leis. Que non dean tantas leccións e que deixen a crispación.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Abelleira. Acabouse o seu tempo. Última quenda para o señor Amiejide.

**-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señor Arroxo, o gasto financeiro executouse nun 99 % por cento e o gasto corrente ao 105 % no ano 2022, último orzamento cerrado da Xunta de Galicia. Revise as contas xerais se ten tempo e ganas.
Votar en contra desta moción é votar en contra de España, votar en contra de Galicia, votar a favor, iso si, dunha España de dúas velocidades: unha para unha

comunidade privilexiada polo goberno de Sánchez e outra para o resto, as outras 16.
Señora Abelleira, a única fisura social que van solucionar estas leis e estas concesións que está tendo Sánchez é a fisura do asento do presidente, que se está a caer. Un asento que está agonizando e que está durando por días, e vostedes son os defensores desa agonía, deses últimos estertores do sanchismo. O único que están facendo é intentar tapar á desesperada eses amaños de contratos na Moncloa para a muller do presidente. Que vergoña lles debería dar.
Iso é o Partido Socialista, para iso quedou o Partido Socialista, o partido sanchista. E dende o BNG, pregúntolles por que vostedes estuveron...?

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Ameijide. Acabou o seu tempo, señor Ameijide. Acabou o seu tempo. Señor Ameijide, non quero ter que chamarlle a atención. Acabou o seu tempo.
Imos votar esta proposición.

6/133 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 287/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO CONCELLO DE LUGO A REALIZAR UNHA MEMORIA DE OBRAS DOS CENTROS EDUCATIVOS (Exp. 2024/G004/000525).-** Vista a referida proposición expresiva do seguinte:

"Ante o elevado número de demandas de mantemento por parte das direccións dos colexios, no que se refire ao mantemento dos seus centros, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

1. Instar ao goberno municipal a realizar una memoria que reflicta as actuacións sobre os arranxos, limpeza, mantemento e custos das instalacións dos centros educativos que dependen do Concello co ánimo de facer un seguimento efectivo das necesidades dos mesmos.

2. Instar ao goberno municipal a colgar na páxina web do Concello dita memoria para que poda ser consultada pola comunidade educativa, ANPAS e claustros co fin de dar a coñecer as melloras e necesidades dos espazos do centro, e que redundan na educación dos seus fillos."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. alcaldesa presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición do Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas. Polo Partido Popular, don Javier Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO:** Gracias, alcaldesa.
Esta proposición pretende llamar la atención e instar a tomar medidas al gobierno municipal en cuestiones que son de competencia en relación con la educación. Una de las competencias, como todos sabemos, que el Ayuntamiento tiene en relación con los centros de educación es la realización y el mantenimiento de los centros educativos que dependen del propio ayuntamiento. No es una cuestión menor, sino que es de la máxima importancia facilitar a los alumnos y profesores un entorno adecuado para el buen desarrollo de las actividades educativas.
En este sentido, este grupo municipal ha tenido conocimiento del malestar de padres, algunos padres, y de direcciones de los propios centros relacionados con el mal estado o deficiencias de algunas instalaciones de los colegios que, en algunos casos, persisten en el tiempo más allá de lo deseado. El año pasado, a principio de curso, tuve la oportunidad de visitar los distintos centros educativos de la ciudad para conocer de primera mano cuáles eran las demandas que tenían estos centros. La mayoría de ellos se refirieron a necesidades de mantenimiento u obras que se habían encontrado al comenzar el curso escolar, o bien que no habían sido resueltas a la finalización del mismo.
Por citar alguna sobresaliente, podemos mencionar el caso del C.E.I.P. A Ponte, con la reciente petición, a principio de curso, del rebacheo patio, de zonas del patio descubiertas inundadas, con lo cual los columpios quedaban inservibles, sobre todo además teniendo en cuenta la gran pluviosidad que tuvo el otoño e invierno pasados, con lo cual por no pudieron disfrutar, no pudieron hacer las actividades en el patio.
Otras quejas conocidas de principio de curso del año pasado, por poner otro ejemplo gráfico, se referían al colegio de la Aneja, que solicitaban pintura para las aulas de 3º y 4º, de la propia sala de profesores o también el barnizado de la sala de profesores y de la entrada del colegio.
Ya por último, y para no aburrirlos, la poda de árboles que afecta a los cables de la luz del centro Manuel Mallo de Nadela y que, a pesar de haber sido puesto en conocimiento por parte de este grupo municipal, continúa en tal estado. Esta mañana, precisamente antes de que venir al pleno pasé por allí para ver si seguía igual y efectivamente; es decir, las ramas llegan hasta los cables y tapan incluso las farolas.
Los edificios escolares precisan una revisión a fondo, lo que debe conducir a la realización de obras de mayor o menor envergadura en muchos de ellos. Este grupo es conocedor de que el gobierno municipal ha realizado algunas obras de

mantenimiento que van surgiendo en los colegios, pero consideramos que si la concejalía de educación tuviese una memoria a final de curso de las demandas de los centros educativos de las obras realizadas, gastos en cada centro, reparaciones que quedan pendientes y motivo por el cual no se ha llevado a cabo, sería más fácil, en primer lugar, para el concejal responsable tener un control de lo que hay hecho y, sobre todo, de lo que queda por hacer; pero, fundamentalmente, facilitaría la labor de la dirección del centro sabiendo de antemano con qué necesidades van a encontrarse al comienzo de cada curso, ya por sí bastante sobrecargado por temas de horario, por temas de libros de texto o por temas de programaciones y demás.
Además, se une el inconveniente de que a los centros, a principio de curso, pues llega un nuevo director o directora por jubilación da anterior o cambio de destino del propio docente. Por otra parte, vemos necesaria la publicación de esta memoria anual en la página del ayuntamiento para que cualquier padre, madre, director, docente o claustro sean conocedores de las demandas de las direcciones de los centros, cómo se han atendido esas demandas y cuál ha sido el coste de las mismas en aras de velar por la mayor transparencia posible.
Esta memoria de obras y mantenimiento non debe dilatarse en el tiempo, sino que tiene que ser una das prioridades para una planificación de inversión y gastos de mantenimiento de cara al próximo ejercicio presupuestario para que sean abordadas todas las obras necesarias en el próximo año.
No se están solucionando muchos de los arreglos ni llevando a cabo los mantenimientos adecuados y, cuando lo hacen, en ocasiones son parches o reparaciones incompletas. Los centros educativos, ustedes lo saben bien, son seña de identidad de una ciudad. Son la tarjeta de visita, porque dan dignidad a la misma, porque dan calidad, porque dan formación y crean una generación de conocimiento e investigación. Son centros de igualdad y vínculos de la comunidad.
Estoy convencido de que todos queremos que nuestros centros educativos estén bien. Por eso, esta moción pretende que sea una moción de compromiso entre las dos partes: centros educativos y Ayuntamiento. Algunos centros llevan mucho tiempo quejándose de necesidades urgentes que quedan en el olvido, un año tras otro. Y esta memoria, estamos seguros, puede ayudar a paliar estas deficiencias de mantenimiento de las instalaciones educativas que garanticen su correcta conservación y las reparaciones que se realicen en plazos razonables. Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Vázquez. Polo goberno, ten a palabra a concelleira Maite [sic] Ferreiro.

**-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Agora. Grazas, alcaldesa. Ben. Eu vou intentar explicar… Entendo que xa terán coñecemento, pero como funciona o tema do mantemento dos colexios públicos que dependen deste concello, porque… ben, é algo que deberían saber xa. E quero tamén diferenciar o que é mantemento de investimento.

Normalmente, cando hai algún problema de mantemento, os centros avisan as unidades correspondentes: calefacción a electricidade, mantemento e edificios a estruturas, cisternas e augas a augas, patios e arredores a medio ambiente. Este aviso dáo o conserxe normalmente; cando é algo máis complicado ou urxente, avísase tamén ao servizo de educación para axilizar se é posible. En todo caso, unha vez que se pasan os avisos ao servizo correspondente, pois os técnicos se poñen en contacto e solicitan á empresa que ten o contrato de mantemento destes centros para que lle dea solución. Unha vez feito ese mantemento, feita esa reparación, a factura… a empresa manda esa factura para cobrar e aí manda unha relación cos traballos feitos e o seu prezo, segundo sexa a man de obra, compra de pezas ou material para a reparación, que é revisada e aprobada pola técnica encargada antes, por suposto, de enviar a factura a para a súa sinatura.
A verdade é que o número de incidencias vanse vendo e son atendidas segundo se van demandando. Cada semana ou cada mes varían e varían tamén, así como cada centro.
Si é curioso, por exemplo, hai centros onde teñen demandas pequenas, pero é curioso por exemplo no centro do Sagrado Corazón, que é un dos máis novos, dos máis recén estreados, moitas veces o propio fallo á hora de construción ou a mala construción pois deriva en pequenos desperfectos que xa hai que manter. Eu voulle poñer por exemplo, un caso dos arranxos de bisagras, onde hai que volver a instalalas ou soldalas, ganchos e pequenos materiais… Ou, por exemplo, en Rosalía de Castro, onde hai que cambiar continuamente as persianas ou os recolledores das persianas, ou as manillas das portas… Esas son, efectivamente, as reparacións que se fan con máis urxencia e que loxicamente hai un listado que depende de cada servizo que xestiona directamente a técnica do concello.
Despois podemos falar de outras demandas maiores, como pode ser o repintado de aulas ou reparacións que se van facendo aproveitando os períodos vacacionais para que os nenos e as nenas non estean nas aulas e se poida acometer esa reparación con tranquilidade.
De todas formas, o que vostedes piden nesta proposición, a verdade é que vémola sen sentido, porque esa memoria está a disposición se van ao servizo a falar coa técnica do Concello, no momento en que estean esas reparacións feitas, quedan aí gravadas. É onde se sabe, como dixen, as reparacións: tanto o tempo ou o prezo que custa a man de obra como as pezas que hai que cambiar.
E en canto á preocupación, pois, dos pais e das nais… Eu aí discrepo bastante con vostede, porque eu tamén… estamos en contacto coa comunidade educativa e, efectivamente, estes pequenos danos dos colexios vanse solucionando, pero realmente no fondo, no fondo, un tema que preocupa de verdade ás familias e ao profesorado é a falta de medios públicos con que contan os centros públicos desta cidade, non?
De novo, volvemos traer o tema aquí que, xunto coa sanidade, vemos como desde o goberno da Xunta de Galiza porque realmente destina uns fondos importantes á sanidade ou, neste caso, á educación privada e, sin embargo, pois deixa os centros públicos con bastante menos protección. E eu entendo que ás familias, realmente o que lles preocupa é poder pagar os libros de texto, poder comprar o material

escolar. Preocúpalles tamén que poidan os seus fillos e as súas fillas ir ás actividades extraescolares e que as poidan pagar… Continúo despois.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias, señora Ferreiro. Segunda quenda para o Señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO:** Sí. Muchas gracias, alcaldesa. Falaba vostede agora do número de incidencias que son atendidas. Efectivamente, claro, soamente faltaría que non se atenderan; hai moitas delas que efectivamente son atendidas. Eu fálolle de incidencias, neste caso, moitas delas que veñen sendo rémoras, se me permite a expresión, de avarías ou ben de mantemento que veñen dadas xa dos cursos anteriores. E iso podería solucionarse desta forma que nós plantexamos.
Vostede explica perfectamente o protocolo que vostedes están a seguir dende aquí, dende o concello. Está perfectamente explicado o protocolo, pero iso non ten que ser escusa para que exista unha memoria, como ten a propia Xunta de Galicia nas súas unidades técnicas, onde se reflicten as obras que se fan, o custo do mesmo e unha planificación e unha temporalización que axuda, neste caso, pois tanto a planificar, se me permite a redundancia, como a arranxar no menor tempo posible e dando prioridade, neste caso, ás obras que existen nos colexios.
Tamén dicía vostede agora que se pode consultar a memoria. O outro día eu preguntáballe a vostede na comisión se existía unha memoria. Vostede díxome que non; entón non podo consultar algo que non hai.
De todos os xeitos, o obxectivo é que os nenos de Lugo teñan á súa disposición uns centros escolares para o desenvolvemento da súa aprendizaxe. Non podemos ter pantallas dixitais mentres que os nenos van á clase cos pés mollados, como ocorre no colexio CEIP Illa Verde, que hai fochancas. Non podemos dicir que apostamos polo deporte, polas pistas deportivas, que están nalgúns casos impracticables polas goteiras e as baixantes atascadas, como ocorre no colexio de Paradai. Non podemos falar de contornos amables e innovadores cando, en moitas ocasións, os propios centros educativos teñen que gastar os cartos cambiando as papeleiras ou ter meses o colexio sen un conserxe, como vostede sabe moi ben que pasou no centro de Rosalía de Castro. Non se poden ter os consellos escolares pasando máis tempo falando das deficiencias que dos propios proxectos educativos.
Esta é a realidade dos centros educativos de Lugo. É algo que, baixo o noso punto de vista, debemos reverter canto antes e nós, dende aquí, tendemos a man dende o punto de vista que sería positivo ter esta memoria. Por iso, esta memoria detallada sería un bo instrumento que realice unha valoración de cales son as actuacións máis urxentes nos centros educativos e, o máis importante, ten paralizalas, como lle dixen antes, por orde de urxencia. É dicir, que se teña claro o que hai que facer, onde e cando. Ese é simplemente o obxectivo desa memoria.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Segunda quenda para a señora Ferreiro.

**-TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Efectivamente, non me debín aclarar moi ben, porque non existe memoria. Pero desde logo, a técnica do concello leva un control absoluto non só de pagar, non só de que o Concello pague esa reparación, senón de que se pagan, de que se fagan. Xa lle digo que hai unha relación de facturas en contabilidade, que non temos memoria en educación, pero si a hai e as técnicas saben perfectamente o que se fai e cando se fai.
Eu entendo que, home, a ver… pódese planificar, como xa dixen antes, pois pintar unha aula no período de vacacións, pero pouco se pode planificar cando chaman e piden cambiar, pois… unha «bombilla», ou, eu que sei… un «muelle lince cierra-puerta de blanco retención»… En fin, como comprenderá, os mantementos son cousas que xorden no momento e que se reparan o antes posible. E despois, pois efectivamente, unha vez rematado o curso escolar, os técnicos valoran as urxencias e deciden solucionalas en base ao orzamento que hai.
Pero, insisto, esa cuestión eu creo que non é a máis importante dos pais, ou polo menos a que a nós nos achegan; porque nós tamén pasamos por alí e falamos co profesorado, e falamos sobre todo cos pais e coas nais. Igual a vostedes lles chegan esas queixas que, efectivamente, o profesorado igual pensa que é do concello, pero hai cousas que non son conscientes que iso é un problema de…, non é de mantemento senón que é de reparación e de renovar ou de pintar os colexios enteiros.
Como dicía antes, a nós, o que nos trasladan é, por exemplo, que o Colexio de Fingoi n.º 2 non pode ter comedor, non pode ter o servizo de madrugadores porque non teñen espazo para poder utilizalo. E para as familias… é un problema, é un problema que a Xunta, por exemplo, podería solucionar se fai un anexo, ou arranxa o anexo, ou cambia eses nenos para un colexio cunhas condicións decentes.
Non poden atender tamén os comedores escolares porque realmente hai moitas familias que teñen problemas para pagar eses comedores escolares, e o Concello garante, pois que eses nenos teñan unha comida, polo menos ao día, que lle dea esa ese compoñente nutritivo e que as familias moitas veces non poden darllos. Preocúpalles a redución do profesorado, a inestabilidade, o peche de colexios no rural, porque, aínda que non lles afecten directamente, pois teñen, amigos, amigas, primos, primas… aféctalles. Aféctalles as queixas e as dificultades que teñen os profesores para facer esa burocratización. Cada vez, a Xunta de Galicia esixe máis e impide que os profesores se dediquen a formar os nosos nenos e nenas en vez de cumprir as esixencias de papeis sen sentido da Xunta.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro. Última quenda para o Señor Vázquez.

**-JAVIER VÁZQUEZ PRADO:** Moitas grazas, señora alcaldesa.
Señora Ferreiro, hábilmente ha intentado usted desviar el tema que nos compete aquí en este caso al ayuntamiento, que es el mantenimiento de los centros que dependen del Concello. Y ha intentado usted, otra vez hábilmente, lógicamente, meter a la Xunta por el medio.



MURALLA
patrimonio da humanidade

Quiero decirle que eso que está usted diciendo no es óbice, no es ninguna excusa para que el Concello publique esas memorias y que esté a disposición no solamente, en este caso, de los claustros, que esté a disposición de los directores, que está a disposición de todo aquel que quiera consultarlas. Me parece una cosa normal y en aras da la transparencia. Una memoria la tiene casi cualquier empresa, por pequeña que sea. ¿Cómo no la va a tener, pues, lógicamente, un ayuntamiento? Por lo tanto, yo les pido, en aras de ayudar no solamente al profesorado, de ayudar también a los directores de centros, sino también, además, que serviría de ayuda pues lógicamente para hacer un mejor trabajo en los centros educativos…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Vázquez. Acabouse o seu tempo. Imos votar esta proposición.

7/134 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 288/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A ESTUDAR E APROBAR UN PLAN DE CONTENCIÓN DE GASTO (Exp. 2024/G004/000526).-** Vista a referida proposición que é do seguinte teor:

“Nos últimos debates orzamentarios, por parte do grupo que representamos, se ven advertido da necesidade de implementar medias de control financeiro co obxectivo de favorecer a xestión económica do Concello de Lugo, logo de analizar todos os informes que obraban nos expedientes emitidos pola Intervención Xeral onde se pedían mecanismos correctores. Incluso se esixía un Plan de Acción de Alcaldía relativo ás medidas a adoptar con respecto dos incumprimentos, debilidades, deficiencias e múltiples erros postos de manifesto en numerosas ocasións polo servicio de intervención.

Moitos foron os informes que reproduciron as conclusións co obxecto de servir de impulso a aprobación do sinalado Plan de Acción, xa que se incidía nunha evolución ascendente en materia de gastos exercicio tras exercicio.

O pasado 4 de xullo de 2024 o primeiro tenente de alcaldesa, Rubén Arroxo, asegurou que “haberá que subir taxas e impostos no 2025”

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

- Que o Goberno municipal de cumprimento aos informes de intervención.
- Que antes de pedir un esforzo a los lucenses previamente se analicen as áreas nas que se poda facer unha contención do gasto.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24
- **Votos a favor**: 12 do Grupos Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de

Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. alcaldesa presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Polo Partido Popular, a señora Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Buenos días a todos. Gracias, alcaldesa.
Desde el grupo municipal del Partido Popular llevamos años advirtiendo que incumplen el objetivo de estabilidad presupuestaria. Llevamos años advirtiendo que las actuaciones que estaban llevando a cabo incrementarían considerablemente el coste y el endeudamiento de este Concello. Llevamos años advirtiendo que sus proyectos estrella, de los cuales algunos de ellos, a día de hoy, no conocemos su utilidad real, supondrían un aumento de gasto para los lucenses. Y mientras, ustedes lo negaban una y otra vez.
*Neste salón de plenos escoitamos que o Concello de Lugo é unha administración solvente e saneada, por moito que queiran dicir. O Concello de Lugo amosa un balance positivo. Os ingresos obtidos polo Concello mantivéronse e, incluso, incrementáronse en termos absolutos*. Incluso chegaron a presumir, hai menos dun ano, da posición de liquidez e estabilidade que posúe esta administración local que vostedes, parece ser, queren obviar.
Es decir, lo negaron rotundamente. Negaron que se estuviese incrementando el gasto o que hubiese problemas de liquidez. Pero la realidad es diferente. Estuvieron gastando más de lo que ingresaban. Pero no solo se lo advertimos desde el grupo municipal do Partido Popular. En numerosas ocasiones, se lo advirtieron desde intervención. Sin ir más lejos, en la última Conta Xeral les insistían:
*Púxose de manifiesto, por esta intervención, que «os estados de execución orzamentaria en materia de ingreso, en relación a exercicios precedentes, reflicten un importante estancamento na súa evolución, completamente diferente á evolución ascendente en materia de gastos».*
Es decir, ustedes están gastando más de lo que ingresan, y eso es insostenible. Además, les advertían que no estaba aprobado el plan de acción de alcaldía para solucionar los incumplimientos, debilidades, deficiencias y errores señalados por intervención en el informe resumen de los resultados de control interno del ejercicio 2022. Se les proponían 19 medidas de un plan de acción y 13 medidas de control financiero, como ya dijimos anteriormente; 32 tirones de orejas. El informe de intervención terminaba con una importante advertencia:


MURALLA
patrimonio da humanidade

*Resulta especialmente relevante observar en qué medida los incrementos obedecen a actuacións puntuais ou conxunturais prescindibles, xa que as tasas de crecemento e os niveis de gasto computables alcanzados non resultan sostibles a curto e medio prazo.*
Más claro, agua. Si una actuación es prescindible, es que no es necesaria. Se os está advirtiendo que ustedes están gastando en cosas que no son necesarias y que, además, los niveles de gasto a los que llegan no son sostenibles.
¿Y qué hicieron ustedes? Pois supoño que dicir «estamos traballando niso», que, neste concello, se traduce en nada de nada.
Y aquí no nos pueden acusar ni de demagogia recurrente, no pueden echarle la culpa al Partido Popular, no puede decir que no se lo advertimos ni pueden decir que mentimos, que faltamos a la verdad, llamarnos desagregadores del sistema público, antisistema u otros calificativos que se nos dijeron hoy en este pleno en reiteradas ocasiones. Porque el 14 de marzo de 2024, hace 4 meses, desde intervención les volvían a insistir:
*Non foi aprobado o plan de acción de alcaldía sobre medidas respecto dos incumprimentos, debilidades, deficiencias e erros postos de manifesto pola intervención*, *non polo Partido Popular, pola intervención xeral*, *atendendo ás recomendacións expostas no informe resumo dos resultados de control interno do exercicio 2022*. Insisto, hai 4 meses. E, unha vez máis, non fixeron nada. Nada de nada.
Y el 4 de junio, 3 meses después de eso, insisto, ¡sorpresa! El Primer Teniente de Alcaldesa, el señor Arroxo, dice que para mantener las inversiones habrá que subir tasas e impuestos en el 2025; que los lucenses tendrán que pagar más. De este bigobierno de izquierdas, la verdad es que ya no nos puede sorprender casi nada.
En el pleno anterior veíamos cómo los trabajadores se volvían a manifestar porque non les pagaban, y ahora vemos cómo les van a subir los impuestos a los lucenses. Desde el grupo municipal del Partido Popular, creemos que no se hizo lo suficiente para evitar esta situación. Además, en el año 2019, hace 5 años, había 52.000.000 euros de remanentes de tesorería y, a día de hoy, además de no haberlos, tienen que pedir un crédito de 13.500.000 euros para poder hacer inversiones en la ciudad. Creemos que, si se hubieran tenido en cuenta los informes y advertencias de intervención en los que se les pedía que contuviesen el gasto, en los que se les advertía que estaban aumentando el gasto en acciones prescindibles y que no se aprobó un plan de acción, se podía haber evitado la deriva financiera a la que nos está sometiendo este bigobierno.
Por eso traemos esta iniciativa a pleno, para pedir que se dé cumplimiento de una vez a los informes de intervención y que, antes de pedir un esfuerzo a los lucenses, antes de subirles los impuestos, se analicen las áreas en las que se puede hacer una contención de gasto. Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra, polo goberno, o concelleiro Mauricio Repetto.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN:** Buenos días a todos y a todas. Gracias, alcaldesa.
Señora Carballas, es el primer pleno de este mandato que no traemos reconocimientos y no ha dicho nada.
No se puede pedir un plan de contención del gasto sin echar la vista atrás y ver los años tan complejos de lo que venimos de atravesar. No se puede obviar la pandemia, la inflación, la crisis social en la ambas han derivado… Porque fueron años durísimos en los que lo urgente no nos desvió ni un ápice de seguir avanzando en lo prioritario. El salto exponencial que dio Lugo para progresar y convertirse en la ciudad de oportunidades, una ciudad respetuosa con el medio ambiente y confortable para sus vecinos.
En los últimos años, este Concello echó mano de los presupuestos, incluidos los remanentes, es verdad, que tenía para poder dar soporte a todas estas circunstancias, tratando de paliar el decaimiento de la actividad económica. Se tramitaron en pocos meses ayudas a las pymes y los autónomos por más de 6.000.000 euros; se creó el primer fondo de capital riesgo por 12.000.000 euros, el «Lugo Transforma»; se rebajó la carga fiscal; se amplió el escudo social, incrementando las prestaciones como el «SAF», «Xantar no fogar» o «Acompañámoste».
Cuidamos de la salud de los lucenses también, reforzando las labores de limpieza en toda las ciudad y dependencias municipales. Se ofreció formación y asesoramiento a pymes, a gente desempleada. Se reactivó el tejido productivo y el emprendimiento. Dinamizamos el comercio y transformamos también la ciudad en distintas iniciativas.
Todo esto que usted califica de despilfarro, le digo que para la ciudadanía son servicios fundamentales y que están netamente y gratamente agradecidos. Y claro que sí que gastamos más, es verdad. Gastamos más; había que hacerlo, señora Carballas, había que hacerlo para dar sostén a todas esas necesidades que había en la ciudad frente a la vulnerabilidad social y económica sobrevenida por el desarrollo de una pandemia.
Pero no pierdan de vista que, si fue posible hacerlo, es porque el Concello de Lugo es solvente. Sí, es solvente y era solvente, y por eso se pudo afrontar todo eso. Y sigue siéndolo. Aun así, como le decía, el gasto realizado en estos años anteriores para contrarrestar la paralización económica que supuso, las diversas crisis sufridas, fue muy alto. Porque para ninguna de ellas, especialmente para la de la COVID, tuvimos colaboración ninguna de la Comunidad Autónoma, de la Xunta de Galicia. En estos momentos, pese a no recibir la colaboración del gobierno gallego, el Concello no quiso tampoco que esta situación pasase factura a los bolsillos de la vecindad.
Ya lo dijo la alcaldesa, el año 2024 debe ser el año de la recuperación económica de las arcas municipales, y esto conlleva una puesta en marcha de un plan de contención de gasto y de generación de ingresos, especialmente desde febrero de este año, usted bien lo sabe, y por eso lo pide, como siempre, con la pretensión de que cuando las cosas mejoren, puedan anotarse ese tanto.

Tenemos en marcha un plan de inspección fiscal donde hemos mejorado esa inspección, y que solo el año pasado supuso unos ingresos de más de 10.000 000 euros y se redujo todo lo posible el gasto protocolario con la máxima que rige en la organización de estos actos, que es la austeridad. Sin embargo, el plan de contención de gasto se lleva a cabo bajo la premisa, por supuesto, de prestar unos servicios municipales con los máximos estándares de calidad, y de finalizar los proyectos que están en marcha o comprometidos.
Ya lo sabemos, ya nos lo demostraron en la crisis del 2011, que la receta de la derecha para estos casos es otra bien distinta con la que nosotros no concordamos, porque este equipo de gobierno entiende que el bienestar debe ser para todos y todas, y que los recursos públicos están precisamente para garantizar la protección de los que menos tienen. Y el avance social y la verdadera democracia se construyen así. Estaría bien que empezasen a tenerlo en cuenta. Gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Segunda quenda para a señora Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** La verdad es que cuando escuchamos sus intervenciones parece que vivimos en dos mundos completamente diferentes. ¿No traen reconocimientos de crédito y tengo que darle la enhorabuena? Desde luego que ustedes hacen de lo extraordinario lo ordinario.
Y habla de los recursos a los que menos tienen. Cuando les suban los impuestos, ¿cómo se lo van a explicar?
Nosotros lo que no podemos es levantarnos una mañana y leer una entrevista del señor Arroxo en la que dice que va a subir los impuestos a los lucenses como quien se levanta una mañana y le apetece ir a dar un paseo. Porque yo les pregunto a ustedes: ¿en qué mejoró la vida de los lucenses como para subirles los impuestos?
Pero la cosa no queda aquí, porque voy a analizar dos titulares de la entrevista. El primero de ellos: «Hai que ingresar o suficiente para o gasto existente». Vale, contra eso hay dos opciones: o ingresar más exigiendo un esfuerzo a los lucenses gastar menos haciendo una contención del gasto. Desde el grupo municipal del Partido Popular llevamos tempo pidiéndoles que hagan la contención del gasto, pero el bigobierno de Lugo prefiere exigir a los lucenses que se esfuercen y subirles los impuestos mientras ustedes siguen gastando y gastando.
Por ejemplo, 14.999 euros para contratar un estudio económico financiero y para cambiar la ordenanza fiscal de la tasa de recogida de residuos. Esto es muy fácil. Si en el 2023 facturaron a los lucenses 6.200 000 euros y el servicio nos está costando más 11.000 000 euros, pues necesitan recaudar alrededor de 4 800 000 euros más. Nos lo podían haber preguntado al grupo municipal del Partido Popular y se ahorraban 15.000 euros. Que, por cierto, el señor Arroxo, cuando estaba en la oposición, hablaba de remunicipalizar servicios; entre ellos, el servicio de la basura Y, ahora, sigue privatizando y, además, desmantelando servicios.
Pero es que ustedes gastan en cosas tan sorprendentes como «Contratación da publicación dun libro sobre a historia do abastecemento de auga á cidade de

Lugo», que nos cuesta a los lucenses 10.000 euros. «Historia do abastecemento de auga á cidade de Lugo». La verdad es que lo tuve que leer varias veces porque creía que estaba leyendo mal. Están las parroquias de nuestro rural sin saneamiento ni abastecimiento de agua y ustedes se gastan 10.000 euros en hacer un libro sobre la historia del abastecimiento de agua en nuestra ciudad. Es que para lo que ustedes quieren hay dinero; y para lo que no, hay que subirles los impuestos a los lucenses.
Segundo de los titulares: «Agora vai haber que facer subidas, en referencias ás tasas impuestos, estamos traballando xa dende hai tempo». A mí me gustaría que este bigobierno nos explicase desde hace cuánto trabajan y qué medidas se llevaron a cabo. Porque buscar en Google o marcar palitos, eso no es trabajar. Porque, como ya les dije antes, hace 5 meses, desde intervención se les recriminaba que aún no habían aprobado un plan de acción de alcaldía sobre las medidas del año 2022. Y, si no la aprobaron y hace unos meses se les volvía a advertir, a tirar de las orejas y a proponer más medidas, ¿me pueden explicar desde hace cuánto tiempo están trabajando? Que, por cierto, hace un año la actual alcaldesa, la señora Alvarellos, decía que en 2024 no vamos a subir impuestos, pero debemos ingresar más con inspección y aumento la actividad…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Carballas. Segunda quenda para o señor Repetto.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN:** Gracias, alcaldesa. Como sé que le gustan los informes, también hay un informe del Consello de Contas que dice que el gobierno autonómico recibió 1.563.000.000 euros de financiación adicional en el año 2020 y 2021 para traspasar a los concellos por la crisis económica derivada de la pandemia.
¿Sabe cuánto llegó de eso a las siete ciudades grandes de Galicia? Un 0,13 %. Nada. Tuvimos que hacer frente a toda esa crisis económica solos, tirando por supuesto de las arcas municipales, de esa solvencia económica que a usted tanto le molesta; en un contexto marcado por una mayor necesidad de gasto se produjo también una brusca caída de los ingresos, por supuesto, como consecuencia do desplome de la actividad económica. Y dicho Consello de Contas deja claro en su informe que las entidades locales desempeñan un papel esencial en la respuesta al impacto socioeconómico, lo que las obligó a adoptar un conjunto heterogéneo de actuaciones en relación con las exigencias provocadas por la COVID.
En definitiva, traen ustedes hoy aquí una proposición que evidencia su auténtico desconocimiento del funcionamiento de esta casa y que, siento decírselo con tanta franqueza, habla de una forma muy negativa de su forma de realizar oposición durante este mandato.
Les recomiendo sinceramente que utilicen sus proposiciones para traer a este pleno asuntos que de algún modo puedan ayudar a mejorar nuestro municipio y que no las malgasten en propuestas de asuntos que no solo ya se están llevando a cabo, sino que son parte fundamental del modelo de gestión de nuestro gobierno.
Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Última quenda para a señora Carballas.

**-MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO:** Señor Repetto, a mí no me molesta la solvencia, a mí lo que me molesta es que despilfarren el dinero de los lucenses.
¿En qué mejoró la vida de los lucenses para que ustedes les suban los impuestos? Lo vuelvo a preguntar. Empiecen a escuchar a los lucenses, porque recordemos cómo ya no solo este grupo municipal, sino varios vecinos y asociaciones presentaron enmiendas a los orzamentos y ni los tuvieron en cuenta.
Pleno tras pleno, cuando escuchamos sus intervenciones, nosotros nos damos cuenta de que les molestamos, pero nosotros vamos a seguir haciendo nuestro trabajo: aportando, sumando, teniendo la mano a trabajar. Eso sí, para seguir gastando sin control y subirles los impuestos a los lucenses, no cuenten con nosotros.
Desde el grupo municipal del Partido Popular les pedimos que apoyen esta iniciativa. Ya nos dijeron que no la iban a apoyar, pero se lo volvemos a pedir. Porque queremos que Lugo sea una ciudad a la altura de lo que los vecinos se merecen; una ciudad que genere oportunidades, que avance y que non dependa de Europa o de un crédito para llevar a cabo sus proyectos. Analicen las áreas en las que se pueda hacer una contención de gasto y aplíquenlo. Gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Carballas.
Antes de pasar á votación, creo que quedou perfectamente claro, como dixo o señor Repetto: o que pasou, coa crise derivada do COVID, as sete cidades galegas de máis de 50.000 habitantes tivemos que afrontar todas as crises con medios propios exclusivamente; porque deses 1.563.000.000 que se lle derivaron do Goberno central á comunidade autónoma para que nos axudase, só pasou un 0,13 %. Un 0,13 % é nada. E por que sería iso? Onde quedou ese diñeiro? Porque as sete cidades galegas no ano 2020 e 2021, ningunha estaba gobernada polo Partido Popular. Ningunha. Pode ir unha a unha: Lugo, Ferrol, Coruña, Vigo, Pontevedra… ningunha. 0,13 %.
E tivemos… non o dicimos nós, dio o Consello de Contas, tivemos que facer fronte a esa crise das pemes, dos cidadáns, sanitaria… en todos. E poñendo moitos millóns sobre a mesa con medios propios, e grazas a que os tiñamos, claro que si.
E á comunidade autónoma traspasáronse 1.563.000.000 euros para axudarnos; e así estamos os concellos. E no ano 2020 e 2021 ningunha das sete cidades estaba gobernada polo Partido Popular. É aí a clave, señora Carballas.
Imos votar.

8/135 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 296/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE CONTRIBÚA AO INCREMENTO DO NÚMERO DE PRAZAS DE ESTACIONAMENTO GRATUÍTO NA CIDADE (Exp. 2024/G004/000528).-** Vista a

citada proposición cuxo teor é o seguinte:

"Durante os últimos anos, o Goberno local vén realizando un enorme traballo co obxectivo de aumentar o número de prazas de aparcamento nas inmediacións da zona centro e nos distintos barrios da cidade. De feito, as prazas de estacionamento en superficie incrementáronse dunha forma considerable, dando así solución ao exponencial aumento do parque móbil rexistrado na urbe, que supera o 35% nas últimas dúas décadas onde se pasou de 47.000 vehículos aos máis de 73.000 censados na actualidade.

Deste xeito, en consonancia co proxecto de cidade no que avanza o Executivo municipal, no que se aposta por un modelo que dea protagonismo ás e aos peóns fronte aos vehículos e no que se pretende fomentar unha mobilidade alternativa que contribúa á sustentabilidade ambiental e social, a xestión socialista puxo en marcha unha estratexia integral na que se garantiron alternativas ao coche particular e se gañou espazo para as persoas na trama urbana cun progresivo proceso de peonalización ao tempo que se deseñou unha rede de aparcadoiros disuaosorios espallados por toda a capital.

Este esforzo, estendeuse tamén a outras zonas da cidade que, debido á concentración de servizos públicos de grande demanda, como é o caso da contorna do HULA, necesitaban dunha intervención municipal para suplir as carencias estruturais e poder ofertar aparcamento público e gratuíto.

Seguindo con esta mesma liña de traballo, procedeuse á apertura ao público polas tardes e fines de semana, do aparcadoiro do edificio municipal de servizos administrativos, medida coa que se gañaron outros 80 prazas nas inmediacións da zona amurallada ou a creación, durante o pasado mes, doutras 50 prazas máis nas inmediacións da estación de tren. De feito, o convencemento de que é necesario continuar con este labor de dotar aos arredores do Centro Histórico de novos espazos para estacionar levou a este Goberno a abrir canles de comunicación para establecer colaboracións con outras administracións, traballo que, ata o de agora, só recibiu resposta por parte da Deputación provincial. Froito desta colaboración institucional, poranse a disposición da veciñanza 165 novas prazas nas instalacións do antigo fogar de Santa María.

Mais o espírito colaborativo que caracteriza a xestión municipal vai máis aló das relacións estritamente interadminsitrativas xa que, para continuar gañando espazo para o estacionamento na cidade, o Concello estableceu fai tempo canles de negociación co sector privado do que saiu o Convenio coa Confraría do Carme para crear un aparcadoiro na traseira da Capela do Carme que, finalmente, non puido materializarse debido á renuncia unilateral ao acordo que presentou a propia Confraría.

Porén, a pesar do grande labor desenvolto nesta materia, que se traduce en máis de 1.500 novas prazas de estacionamento creadas nos últimos anos, é preciso continuar avanzado en zonas da cidade cuxas particularidades esixen implementar distintas fórmulas que permitan obter espazos para o estacionamento de vehículos. Así llo trasmitiu a alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, ao presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, na reunión mantida este mesmo mes de xullo, na que abordaron diversos temas de interese para o municipio, entre os que se atopaba unha maior implicación do ente autonómico nesta materia.

Precisamente, a rexedora sinaloulle que unha das zonas que nas que a veciñanza solicita a creación deste tipo de equipamentos é o barrio de Fontiñas, debido á elevada concentración de poboación que reúne a área.

E así, nesa xuntanza, trasladóuselle ao mandatario galego esta demanda da cidadanía, achegándoselle alén dúas posibles ubicacións alternativas nesta contorna para que o Goberno as pudiera avaliar e estudar a súa viabilidade como unha das múltiples opcións que ten na súa man para contribuír a incrementar o número de prazas de estacionamento público gratuíto.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE, propón ao Pleno da corporación o seguinte punto de acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a execución dun novo aparcadoiro no barrio de Fontiñas, tomando en consideración as opcións de localización do equipamento propostas polo Concello de Lugo.

2. Instar á Xunta de Galicia a impulsar un convenio coa Confraría do Carme para executar un aparcadoiro na traseira da súa capela en condicións similares ao acordo establecido entre o Concello e esta entidade antes da renuncia unilateral da mesma ao finaciamento municipal.

3. Instar á Xunta de Galicia a implementar as medidas necesarias para poñer a disposición da veciñanza en horario de tarde e durante as fins de semana os aparcadoiros das dotacións públicas da súa titularidade na contorna do Centro Histórico."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. alcaldesa presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a execución dun novo aparcadoiro no barrio de Fontiñas, tomando en consideración as opcións de localización do equipamento propostas polo Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a impulsar un convenio coa Confraría do Carme para executar un aparcadoiro na traseira da súa capela en condicións similares ao acordo establecido entre o Concello e esta entidade antes da renuncia unilateral da mesma ao finaciamento municipal.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a implementar as medidas necesarias para poñer a disposición da veciñanza en horario de tarde e durante as fins de semana os aparcadoiros das dotacións públicas da súa titularidade na contorna do Centro Histórico.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moi ben. Pois polo Partido Socialista ten a palabra o señor Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Moitas grazas, señora alcaldesa.
Durante os últimos anos, o goberno local vén facendo un enorme traballo co obxectivo de aumentar o número de prazas de aparcamento nas inmediacións da zona centro e distintos barrios da cidade. De feito, incrementáronse as prazas de estacionamento nunha forma considerable, tendo en conta o aumento exponencial do parque móbil rexistrado na urbe, pasando de en torno a 47.000 a 73.000 vehículos censados.
Deste xeito, en consonancia co proxecto de cidade no que avanza o goberno, un modelo no que o peón ten máis protagonismo fronte aos vehículos e no que se pretende fomentar a mobilidade alternativa que contribúa a unha sustentabilidade social e ambiental, a xestión do goberno municipal puxo en marcha unha estratexia integral na que se garantiron alternativas ao coche particular e se gañou espazo para as persoas na trama urbana, nun progresivo proceso de peonalización, ao tempo que se deseñou unha rede de aparcadoiros espallados por toda a cidade.
Como exemplo dos feitos temos a apertura ao público dos aparcadoiros gratuítos na contorna do HULA, así como a reordenación da rúa que rodea o hospital, permitindo gañar máis prazas na vía pública. Seguindo coa mesma liña, procedeuse á apertura ao público ás tardes e os fins de semana do aparcadoiro municipal de servizos administrativos ou a creación de 50 novos postos nas inmediacións da estación do tren.
O convencemento de que é necesario continuar neste labor, de dotar as inmediacións do casco histórico de máis espazos para estacionar, levou este goberno a establecer colaboracións con outras administracións, traballo que, ata o

de agora, recibiu resposta por parte da deputación, poñendo a disposición da veciñanza novas prazas de aparcamento nas instalacións do antigo Fogar de Santa María.
A pesar do gran traballo desenvolto nesta materia, é preciso continuar avanzando en zonas da cidade cuxas particularidades esixen implementar distintas fórmulas que permitan obter novos espazos de estacionamento, como así llo transmitiu a alcaldesa, Paula Alvarellos, ao presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda.
Este labor colaborativo vai máis aló das relacións estritamente interadministrativas, xa que o Concello estableceu canles co sector privado para continuar gañando espazo para o estacionamento, como é o convenio coa Confraría do Carme, para crear un aparcadoiro na parte traseira da capela, explotado polo Concello, a cambio de 70.000 euros durante 4 anos, a cambio da renovación da cuberta.
[...] cantidade decidiu renunciar de forma unilateral o pasado mes de xuño, supoñemos que será polo compromiso que adquiriu coa Xunta para financiar estes traballos por valor de 140 000 euros.
Entón, por este lado, instamos a Xunta a acordar, recuperar este espírito deste convenio e, xa que poñen 140 000 euros, pois que dean 8 anos de explotación para facer un aparcadoiro necesario para a veciñanza do centro.
Outra das zonas que reúne un maior número de condicionantes para acometer eses traballos son o barrio Fontiñas. O goberno local aposta por dar solucións á saturación de estacionamento coa creación dun novo aparcadoiro de alta capacidade, pero o deseño urbanístico da zona e a concentración de poboación que reúne este área fai necesario aportar solucións específicas que impliquen un forte compromiso das administracións implicadas.
Por este motivo, na xuntanza sinalada co presidente da Xunta, ofreceuse unha colaboración total por parte do Concello e apostáronse 2 localización alternativas para que o goberno autonómico colla a que considere máis axeitada e acometa os traballos de construción desta infraestrutura.
É máis, existe un compromiso, que aínda está sen cumprir por parte do goberno autonómico con Lugo, xa que no Consello celebrado na Xunta en marzo de 2022, o entón presidente comprometeuse, ao menos, a 6.000.000 euros para abordar necesidades de mobilidade na nosa cidade; sendo o aparcadoiro disuasorio na Avenida de Breogán a única obra de execución.
Pero o labor da Xunta non debe quedar só na recuperación do convenio da Confraría do Carme ou a intervención no barrio de Fontiñas. Podería facer unha actuación inmediata, como xa se solicitou no pleno anteriormente, para que poña á disposición da veciñanza aparcadoiros da súa propiedade, como son os dos centros educativos. Por exemplo, cerca da contorna centro de Ramón Ferreiro e Rodríguez Mourelo, e o instituto Nosa Sra. dos Ollos Grandes, ou o edificio administrativo da Xunta na Ronda da Muralla.
Por todo isto, o grupo municipal do Partido Socialista propón ao pleno da corporación o seguinte punto de acordo: instar a Xunta de Galicia a achegar un financiamento para a construción dun novo aparcadoiro de alta capacidade no barrio de Fontiñas, nunha das localizacións propostas polo Concello; pór a disposición da veciñanza, en horario de tarde e durante as fins de semana, os

aparcadoiros das dotacións públicas da súa titularidade, na contorna do centro histórico; e impulsar un convenio coa Confraría do Carme para executar un aparcadoiro na traseira da súa capela, en condicións similares ao acordo establecido entre o Concello e a entidade antes da renuncia unilateral da mesma ao financiamento municipal. Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro polo Bloque Nacionalista Galego, Alexandre Penas.

**-ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa.
En primeiro lugar, e antes de comezar a defender esta proposición, quería dar un saúdo a Enrique Rozas, que creo que vai ser o último pleno que vai estar nesta corporación, neste mandato, e agradecerlle a nivel persoal o seu traballo. Creo que foi un gran concelleiro nos anos anteriores e neste mandato. E xa como concelleiro do BNG, eu creo que podo manifestar sen ningún tipo de *tapujo,* sen faltar á verdade, que é unha perda para Lugo e que lle desexamos o mellor desde o noso grupo. Unha aperta. Sabe que o aprecio tanto no persoal, aínda que no político discrepamos con educación, e con vehemencia moitas veces, e que o seguiremos facendo.
Falamos de aparcamentos e falamos de mobilidade, e os aparcamentos son unha das patas principais deste proxecto de mobilidade que, a nivel de Lugo, estes anos está cambiando dunha maneira creo que evidente, pero tamén a nivel mundial ou, cando menos, europeo, falando doutros tipos de mobilidade. Unha das patas son os aparcamentos; os vehículos privados seguen sendo necesarios e é necesario que se poidan aparcar. Outra das patas é o tratamento que damos á mobilidade para os peóns, e creo que na nosa cidade somos un exemplo a seguir. Outro, pois, sería o impulso a desprazamentos por outro tipo de vehículos que non sexan vehículo privado, como pode ser a parte a parte do bus.
Como digo, isto é a nivel local. Creo que estamos facendo un gran traballo, pero é algo que se está debatendo, se está implementando, por toda Europa, tanto pola conciencia polo cambio climático, polo tema tamén de saúde, de avance de saúde pública, e tamén incluso porque crea dinamismo e crea unha relación social e mellora, digamos, a calidade de vida das cidades e tamén a súa economía local.
Con estas tres patas, unha delas, como falamos, é a mobilidade onde os peóns son protagonistas e creo que nós levamos facendo un traballo nos últimos anos moi importante. No último mandato, creo que desde a área de infraestruturas e mobilidade se realizaron máis de 15 actuacións e creo que son moi valoradas polos veciños; por exemplo, como a Mosqueira, que incluso aquí, falando de aparcamentos, cando se fixo a Mosqueira gañáronse moitísimas prazas de aparcamento porque se fixo un estudo serio. Gañamos tanto os vehículos que se poden acercar ao centro como ter agora esa obra aí para desfrute de todas as persoas lucenses e os que nos veñan visitar.
Falamos da Mosqueira, falamos do Sagrado Corazón, de Fingoi de Abaixo, de Luis Seoane, de Camiño Real, de Rafael de Vega… Creo que podemos seguir… Co Recatelo, que agora seguimos traballando nel; creo que é un proxecto do que

debemos estar orgullosos como cidade, que se trata de unir o que é a nosa zona monumental co parque de Rosalía de Castro por itinerarios seguros.
Falamos do bus, que creo que tamén hai que recoñecer, é de xustiza, fíxose un traballo excelente no anterior mandato e, por consenso de todos os grupos políticos, chegouse a un acordo de como había que reestruturar as liñas de bus e que hoxe en día pois é un modelo de éxito, que cada vez a xente máis utiliza. Hai que pensar que hai 4 anos toda a xente de Fingoi, de Fontiñas, toda a xente de Avenida das Américas… non podía ir ao HULA; tiña que ir en vehículo privado. Hoxe en día iso non pasa. A gran parte da poboación pode ir ao HULA, ao CEAO sen utilizar o vehículo privado, que creo que é de recoñecemento a todo o pleno municipal; independentemente de que de vez en cando na prensa alguén diga cousas que… igual di na prensa. Pero creo que foi un traballo liderado neste caso por Rubén, pero que foi o consenso de todos os grupos políticos.
E, falando de aparcamentos, estamos completamente a favor desta proposición. Empezamos polo punto en que fala dos equipamentos que están por Ramón Ferreiro e por Rodríguez Mourelos; xa o debatemos aquí hai uns meses, co voto desfavorable do Partido Popular e dunha proposición que trouxemos nós. É darlle ao botón. É un tema de xestión, señores do Partido Popular. Chamen a Xunta se teñen alí algunha incidencia; é darlle ao botón e levantar as barreiras. Podemos ir hoxe mesmo, en xullo, a ver como están eses equipamentos e vexan como están baleiros. É darlle ao botón; non teñen que gastar practicamente nada. É un tema de xestión e de interese por aportar a esta cidade algo. Eu non sei se vostedes están de acordo con esa falta de xestión da Xunta de Galicia e teñen que defender aquí o que teñen que defender para manterse onde están ou non están de acordo, pero fano igual por disciplina partidaria.
Dende logo, é unha verdadeira pena para Lugo… Sigo na seguinte intervención.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Polo Partido Popular, señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Bo día a todos.
A realidade é que o texto desta proposición só ten unha verdade, que é un exponencial incremento dos vehículos automóbiles existentes na cidade, iso é certo. O resto é unha confesión dos problemas que están a crear, sen solucionar os que tiñamos antes, que realmente é a marca da casa, e un lavado de conciencia dun subconsciente, así como unha invitación a dicirlle algunha cousa que vou tentar facer dicir agora.
Ironicamente, con esta proposición, o raposo é o que pide maior protección para as galiñas. O seu inexistente pero repetido proxecto de cidade é o que ten que resolver, dende o urbanismo e a mobilidade, tamén o problema de aparcadoiro, en vez de gastar os cartos dos veciños en disparates que a ningún deles supón beneficio algún. No pleno de decembro de 2021, o noso grupo, do que eu non formaba parte, pediulles que resolvesen os problemas de aparcadoiro que, xa daquela, víase que ían crear coas súas ocorrencias, executando un aparcadoiro en altura en Ronda das Fontiñas, o que mesmo hoxe veñen pedir outra vez.

No pleno de abril de 2024, o noso grupo pediulles que resolveran os problemas que finalmente crearon deseñando urbanisticamente unha rede de aparcadoiros en altura, un deles na Ronda das Fontiñas, e esta fórmula non foi do agrado do tenente de alcaldesa, que dixo non existir problema de aparcadoiro, porque os soterrados só colgan o cartel de completos en festas, afirmación que non se pode acreditar pero que repite desde a leu nun blog.
O que si é certo é que cada día son máis os barrios con trama residencial densificada e sen dotacións suficientes. Entre elas, o acceso rodado e o aparcamento, que tamén iso lles queren quitar. O casco histórico, o barrio de San Antonio, Fontiñas, Recatelo, Milagrosa, Feijóo e San Roque son barrios con dificultades de mobilidade rodada e sen alternativas, agora máis. Dúas zonas exemplo que veñan a ser penalizadas son o barrio de San Antonio co carril bici, que suprimiu unhas 300 prazas, e o casco histórico con esa innecesaria ampliación da ZBE, que suprimiu unhas 100 prazas.
A evidencia di que onde intervén o goberno municipal desaparecen prazas ou, solución errada, acumúlanse en rúas colindantes, obrigando a adoptar un só sentido de circulación, dificultando e complexizando unha mobilidade rodada que antes era sinxela e áxil. Sen saber por onde saír do lío, viron a luz co aparcamento en batería, é man de santo. Se e a rúa ten dous carrís, eliminamos un deles e listo, sen máis que pensar, aínda que a lonxitude dos proxectos de onte se duplicase ou triplícase, xogando en contra das retencións e da contención enerxética de emisións. Todo o seu repetido ideario cae cos seus feitos e xoga en contra do benestar dos veciños.
Citando novamente o tenente de alcaldesa, en marzo 2023 dicía literalmente que non se pode dicir que se está a favor da peonalización e logo estar preocupados de onde dormen os coches na rúa. Teñen vostedes razón. Que se busquen a vida os coches e os seus condutores e que paguen impostos, que vostedes están para cousas máis importantes como o impulso verde ou o *coliving*, por exemplo, onde foron parar os aforros municipais. No estragamento de rúas do centro tamén, cunha hipoteca que soterrará cartos e posibilidades dunha cidade viva e próspera.
Os residentes, os comerciantes, os profesionais, os seus clientes, os distribuidores e os visitantes teñen que saber que, para vostedes, é un problema que non existe e, se existe, non lles preocupa; e, que por suposto, non se consideran responsables de telo feito medrar, porque vostedes só pasaban por alí. Hoxe veñen pedir aquí, sen ruborizarse, cunha proposta que nin sequera é súa, que a administración autonómica resolva os problemas de deseño urbanístico e de mobilidade da cidade que vostedes gobernan, con un par.
Que fixeron vostedes desde 2021 que teña que ver con este problema? O abandonado e en desuso carril bici e o innecesario disparate técnico e económico que chaman ironicamente corazón verde. A realidade é que a inexistencia de aparcamento incomoda, penaliza ou imposibilita a vida cotiá, o traballo e a actividade mercantil; estanse a decatar do descontento e dos problemas que están a xerar: atascos, gastos, fumes e dificultades para a vida e o comercio. E, como xa lles dixemos á hora de falar de solucións reais, traballadas e de futuro, é precisa, é certo, a recuperación da superficie pública para o viandante; é certo, para o

residente e para o visitante, pero permitindo ao mesmo tempo un desprazamento áxil de persoas, produtos e servizos cunha motorización que, nesta contorna, é certo que está a ser crecente. E, solucionando dende a responsabilidade do goberno local, de xeito urbanístico e dende a mobilidade, o problema do aparcamento dos vehículos. Así que corresponde poñerse a traballar en cousas útiles en vez de apelar a outras administracións para que fagan as súas desfeitas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Terminou?

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Si, si.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Partido Socialista, o señor Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Con un par, con un par de partidos que gobernan para a cidadanía, principalmente. Porque está dicindo que facer aparcadoiros en altura na ronda, hai aparcadoiros… Estamos falando de facer aparcadoiros gratuítos para a cidadanía; hai aparcadoiros cunha concesión da explotación. Nós estamos falando de facer aparcadoiros gratuítos para a cidadanía, para que poida deixar o coche e poida vir dunha maneira gratuíta, non pagando. Ou ides abrir tamén os aparcadoiros dos institutos e ides cobrar por eles? Non sei, non sei.
Estaba falando de que se eliminaron prazas no centro coa súa peonalización. Pois, froito do compromiso do Partido Socialista, que goberna na Deputación e no Concello, xa se puxo á disposición dos lucenses máis de 1000 prazas de aparcadoiros gratuítos en diferentes zonas da cidade, vale? Polo que intentamos que a Xunta siga o mesmo camiño, porque nós seguimos defendendo, unha vez máis… Temos aquí a referencia catastral da Xunta de Galicia: ten 2 aparcadoiros, cada un de 4000 m² aproximadamente; dá para moitos aparcamentos para a veciñanza, gratuítos. A ver se agora imos cobrar tamén por eles. Pero, sumado a eses aparcamentos e ás máis ou menos 80 prazas que se dispoñen nos aparcadoiros dos institutos de Ramón Ferreiro e de Rodríguez Mourelo, eu creo que é unha boa maneira de que vós demostredes os lucenses o voso compromiso con eles.
Entendo que o voso mantra é bloquear calquera intento de facilitar o aparcamento da cidadanía do centro para usalo como arma política contra as obras de peonalización, pero así como na Avenida de Breogán, a Xunta empezou coas obras de aparcamento, por que non facemos nada, por que non se fai nada no centro? Porque é a vosa arma política criticar as peonalizacións do centro? Díxeno no pleno de marzo, creo recordar, que se debateu esta proposición: antigamente, os coches pasan por aquí diante, e ía supoñer a ruína aquí dos comerciantes… A día de hoxe, é unha zona marabillosa para pasear e poder ir de compras, tomar algo. Non sei, as experiencias son boas, por favor.
É que parece que a vosa estratexia é coller e, na avenida Breogán, non hai ningún problema, aparcamento disuasorio. No centro? Non. É a nosa arma política, hai que criticar as peonalizacións do centro, así que non imos abrir nin a Xunta nin os

institutos, nin imos facilitar ningún tipo de axuda que poidamos dar á administración local para que poidamos ter máis prazas de aparcamento, sumadas ás que xa fixemos nós.
Non sei, a verdade. Nós queremos que vos deades solucións aos lucenses, tamén, pero… non sei. Tamén hai centros dotacionais, centros educativos como o Xoán Montes, tamén teñen praza de aparcadoiro. Por que non sae de vós que se poidan abrir? Non sei, é sinxelamente intentar axudar a veciñanza. Nada máis.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. O voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

**-ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa. Nós non intentamos traballar nin cun par nin con dous pares, intentamos traballar con seriedade e con rigor.
Eu creo que non están sendo útiles para Lugo, e é unha desgraza. Antes falabamos de política construtiva e poñía dous exemplos, un deles, para non personalizar, era o tema do bus urbano. Eu creo que o que están defendendo aquí é moi difícil defender ante os nosos veciños. Como se non foran vostedes desta cidade, queren que a Xunta lles solucione… Non, señores, a Xunta é unha administración que tamén goberna en Lugo e terá que poñer á disposición de quen goberna en Lugo os seus medios para o benestar dos lucenses; iso é o lóxico e racional.
Despois, fan unha crítica completamente destrutiva da nova mobilidade que está en Lugo. Non sei onde queren volver meter os coches. En Recatelo? Teñen contentos os veciños, por certo, que a actitude da señora Candia no último pleno, poñendo en boca deles cousas que eles non dixeron… Téñelos contentos. Na Mosqueira, metemos o coche na Mosqueira? En Camiño Real? Onde queren volver meter os coches? A verdade é que non teñen nin proxecto para Lugo, pero é que non o teñen en Lugo nin en ningún sitio. Porque a min gustaríame ver, xa o temos dito máis veces, que modelo de mobilidade ten o Partido Popular. Que nos diga un, dun concello de 1000 habitantes, de 5000 ou de 60.000, dáme igual. Non teñen. É algo completamente destrutivo.
Habería que abrir, é certo, o aparcamento da Xunta de Galicia na Ronda da Muralla agora que están as obras da intermodal, se fósemos razoables. É unha obra clave para Lugo e poderíase abrir agora para cotexar incluso esa medida; avaliar se é positiva ou negativa. Nós cremos que é positiva. Pero non o fan. É un problema de xestión; pintamos unhas prazas e solucionamos o que podemos, pero aquí todo o mundo tería que sumar, tanto a Xunta de Galicia como vostedes como cidadáns de Lugo, pois eu creo que se son demandas razoables.
En canto ao de Fontiñas, pois estamos de acordo en que é necesario que a Xunta se podería implicar a ir facendo uns aparcamentos… Lugo, dentro da mobilidade, creo que é o que se pode facer nesa zona, dado o urbanismo que ten. Fai unha rotonda, unha rotonda que, creo, si que dá a fluidez a esa zona. Tamén aí se investigaron os xiros, mentres se fixo a rotonda, e se cambiaron certos xiros e sa gañou fluidez, en parte. Falta o problema de aparcamento, que creo que é boa idea que o faga a Xunta, e que o faga, por certo, cun pouco máis de rigor que o da

Avenida Breogán, porque están xerando unha serie de problemas alí, aos veciños de Casás, que foron alí a non dicirlles a verdade, por certo, e que creo que iso se solucionará ao final, porque había eleccións e foron alí… Despois xera iso un problema de augas a Monte Penarrubia, que entendo que se solucionará, porque é o que di calquera técnico cun mínimo de experiencia.
En canto ao do Carmen, pois a ver… se imos investir diñeiro público de todos, que non é da Xunta nin de vostedes, señor Cabarcos, é de todos, nunha actuación que decide libremente a Xunta gastalo aí, pois todos os lucenses teremos un beneficio, como pode ser esa boa idea, que me parece ben, de que se faga un *parking* aí para beneficiar todos os lucenses. Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Grupo Popular, o señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Grazas. Vou falar entón de cada un das solicitudes en concreto.
A primeira que traen vostedes aquí é construír un aparcadoiro no barrio das Fontiñas. A mesma solicitude que nós xa fixemos repetidas veces dende 2021 e co respaldo, hai un ano, de máis de 1000 sinaturas dos veciños. Por suposto que é boa solución un aparcadoiro en altura, aquí e noutras localizacións. E por suposto que tería que ter sido deseñado xa hai tempo polo Concello, se non houbese queimado os recursos noutras cousas. E agora piden que outras administracións asuman esa infraestrutura, sen nin sequera haber un deseño feito, porque é unha cuestión urbanística tamén.
A segunda das opcións da solicitude é construír un aparcadoiro no barrio do Carme. Aquí si que me dá un pouco a risa, porque asinaron e anunciaron un convenio para facer un aparcadoiro en altura nun antigo cemiterio, nun terreo procedente de doazóns veciñais, e en espera de desenvolvemento urbanístico; se esperamos por ese desenvolvemento, máis vale que nos esquezamos do aparcadoiro. E, pasados 2 dos 4 anos, nin cumpren cos compromisos asinados, porque prexudicaron e deixaron colgada a Confraría do Carme coa cuberta da capela levantada, nin aproveitan os dereitos que emanan do convenio, porque, algo se fixo nese terreo nos 2 dos 4 anos? Houbo algún proxecto? Se nin sequera se limpou, e 2 dos 4 anos xa pasaron, e agora piden a outra administración que solucione o seu incumprimento cando xa tivo que solucionar o problema da capela.
E despois, o último, é poñer a disposición os aparcadoiros da contorna do centro histórico. Supoño que falamos dos IES Ollos Grandes e Lucus Augusti e do edificio multiusos, loxicamente, porque da Deputación non falamos, verdade? No caso dos IES, seguro que descoñecen que teñen docencia de tarde, polo que solo falariamos de aproveitar os fines de semana; e no caso do multiusos, seguro que descoñecen que, das 200 prazas que existen, aproximadamente a metade, que están no andar superior, están ocupadas por vehículos de traballo, por vehículos que non teñen a posibilidade de deixar o aparcadoiro para cando estea baleiro. O andar inferior… había que xestionar a compatibilidade co uso por parte dos funcionarios, que tampouco é sinxelo. O mesmo que ocorrería, por cento, no caso da Deputación, no

caso de que pretendesen solicitar tamén que se ocupase esta. Se precisan doutras entidades que solucionen os problemas que vostedes xeraron primeiro, antes de esixir, é facer o que non están acostumados a facer, que é aportar recursos e solucións de xestión. Para a apertura, o peche e o control de acceso, a seguridade, os seguros, a retirada de vehículos ou a posición de sancións posibles… Habería que asumir estes e outros problemas que son de xestión municipal e que as entidades requiridas precisarían para poder ceder estes espazos.
Así que, ata que se poñan a construír e traballar en solucións e en facer un plan de xestión para estas posibilidades, nós imos rexeitar esta proposición, e tamén facemos un convite para que asuman o crecente problema da mobilidade rodada que se está a producir, agravado por algunhas intervencións; que se poñan a traballar en atopar unha solución, non en apaños que non son suficientes para dar solución; e que abandonen a prexudicial filosofía de resolver problemas inexistentes para crear outros que si existen.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias. Última quenda para o voceiro do Partido Socialista, señor Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Bueno, sorpréndeme porque, claro, de 3 propostas rexeitan as 3, cando normalmente soen facer emendas e demais. Nesta non, nesta rexeitamos as 3 porque non sacades rédito político, entendo.
Non sei… vostede mesmo o dixo: no aparcamento na planta superior, ou inferior, non sei exactamente, porque nunca estiven dentro do aparcamento da Xunta, están os vehículos propios da administración. E logo a inferior, que son 4000 m²? A 12,5 m², que é unha praza de aparcamento, algunha praza poderíamos sacar, axudando tamén ás obras da intermodal.
Despois que… vou rematar xa, pero de ningunha das tres, os institutos Nosa Sra. Dos Ollos Grandes e Lucus Augusti… non sei. Aquí se fixo coa situación pública, o Concello Lugo, no Seminario, o edificio de servizos se abriu ao público. Todo o mundo pode aparcar aí de maneira gratuíta. Por que non o poden facer nunha zona pública? Non sei.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Bustos.
Quería matizar un par de cousas, señor Cabarcos, fundamentalmente pola cuberta da Igrexa do Carmen, porque me parece que non está vostede ben informado. Esa cuberta estivo esperando polo informe de Patrimonio da Xunta de Galicia moito tempo, non foi por culpa do Concello. Por iso non puido facelo, e vostede ben o sabe.
En todo caso, ese convenio firmouse, tróuxose aquí a pleno ese suplemento de crédito de 70.000 euros, anticipouse 35.000 euros, 35.000 euros. Non fixo as obras porque non tiña os informes da Xunta e non podía facer as obras, e, despois, diante de min, comigo, no mes de xuño renunciou unilateralmente, como dixo o concelleiro, a esa subvención; porque, como lle dixen, a promesa seguía sendo a mesma. O diñeiro estaba aí, pero dixo que non, que a Xunta de Galicia lle daba 140 000 euros, supoño que, como lle dixen no pleno anterior, supoño que esixiron

exclusividade, pero por iso lle pedimos que a ver se nós, con 70.000 euros, 70 000 euros, teríamos conseguido que nos deran un aparcamento disuasorio por 4 anos, a ver se conseguen vostedes que por 140 000 nos dean un aparcamento disuasorio por 8 anos, se queren loitar polos dereitos dos veciños.
En todo caso, hai outra cousa. Cando falei co presidente da Xunta de Galicia si que lle demandei ese aparcadoiro, pero tamén o demandei non só porque os veciños o reclaman, porque é moi necesario, porque a zona de Fontiñas todos sabemos a problemática que ten; é que a Xunta de Galicia comprometeuse coa anterior alcaldesa a que ía facer 2 aparcadoiros. Dous. Por agora, fixo un, estamos moi contentos co da Avenida Breogán, pero falta outro. Por iso xa lle dixen: como había un compromiso de dous, dixen: un vai para un lado da cidade e outro vai para a outra, que é moi necesario, é moi necesario. Estamos a esperar a a ver se cumpre ese segundo, porque se comprometeu coa anterior alcaldesa a 2 aparcamentos.
Tamén como lle dicía o concelleiro, o señor Bustos, fixemos xa nos barrios 7 aparcadoiros disuasorios. Sete. Con máis de 250 prazas. En total, fixéronse moitísimas prazas de aparcamento. Agora necesitamos máis no centro. Por iso as outras administracións poñemos á disposición dos lucenses aparcadoiros gratuítos. Como dixo o señor Bustos, o propio Concello pon o parking que ten do edificio municipal, que está aberto todas as tardes gratuitamente e todos os fins de semana gratuitamente.
E só pedimos iso: que pensen un pouco nos lucenses, sobre todo na zona centro. Que pensen un pouquiño neles e poñan a disposición esas prazas que nos negan, porque eu tamén me inclúo, nos negan sistematicamente; teñen prazas de aparcamento no instituto Ollos Grandes, no Lucus Augusti… en todos. E negan sistematicamente abrilas pola tarde, cando pola tarde alí non hai ninguén.
Como dicía o voceiro do Bloque, trátase de ter ese interese e poñelo, como o fan as demais administracións, tanto a Deputación como o Concello; pero a Xunta de Galicia négase sistematicamente a abrir eses aparcadoiros que todos vemos cada barreira baixada todas as tardes e sen coches. Bueno, ao mellor vai un día o director do instituto, non o sei, pero ten todo cerrado; e nós, en contrapartida, si que poñemos a disposición. Polo tanto, trátase diso, de ter vontade de axudar aos lucenses niso; ter interese de axudar os nosos veciños e veciñas. Nada máis.
Polo tanto, imos votar esta proposición.

## B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

### URBANISMO

9/136 **TOMA DE RAZÓN DA SENTENZA Nº 442/2024, DE DATA DO 12-03-204, DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN 5ª DO TRIBUNAL SUPREMO, DESESTIMATORIA DO RECURSO DE CASACIÓN Nº 5723/2022, INTERPOSTO POR ADEGA CONTRA A SENTENZA DO TSX DE GALICIA Nº 97/2022, DE DATA DO 02-03-2022, DESESTIMATORIA DO RECURSO Nº 4199/2019, INTERPOSTO CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 31-01-2019, DE**

**APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PEPRI NO RUEIRO 214-A (RÚA SAN ROQUE-RONDA DA MURALLA).-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do Director Xeral de Urbanismo, do 10 de xullo de 2024, e que seguidamene se transcribe:

“Examinado o expediente de referencia, tramitado polo Negociado de Planeamento e visto o informe do Servizo de Urbanismo de data do 10-07-2024, cuxa parte expositiva é do seguinte teor literal:
“Examinada a sentenza de referencia, procede informar:

**FEITOS**

1º.- O recurso contencioso-administrativo nº 4199/2019 foi interposto pola “ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA” (ADEGA) contra contra o acordo plenario, de data do 31-01-2019, de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto Amurallado e a súa zona de influencia (PEPRI) no Rueiro 214-A (rúa San Roque-Ronda da Muralla).

2º.- A Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) nº 97/2022, de data do 02-03-2022, desestimou o devandito recurso.

3º.- Interposto recurso de casación contra a devandita sentenza, a Sala do Contecioso-Administrativo, Sección Quinta, do Tribunal Supremo, ditou con data do 12-03-2024 a sentenza Nº 442/2024 desestimandolo.

4º.- Con data do 06-05-2024 o TSXG dicta un Oficio no que literalmente manifesta:

*“Adjunto le remito la resolución dictada por esta Sala y Sección, que es **firme desde el 12 de marzo de 2024, por sentencia desestimatoria del recurso de casación**, así como copia de la resolución dictada por el Tribunal Supremo,.....”*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

PRIMEIRO.- O artigo 103.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa establece: *“As partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignen”*.

SEGUNDO.- O artigo 104.1 do citado corpo legal establece: *“Logo de que sexa firme unha sentenza, comunicaráselle no prazo de dez días ó órgano que realizase a actividade obxecto do recurso, co fin de que, unha vez acusado o recibo da comunicación en idéntico prazo dende a recepción, a leve a puro e debido efecto e practique o que esixa o cumprimento das declaracións contidas na decisión e, no mesmo prazo indique o órgano responsable do cumprimento daquela”*.

TERCEIRO.- O artigo 104.2 da citada Lei establece: *“Transcorridos dous meses a partir da comunicación da sentenza ou prazo fixado nesta para o cumprimento da decisión conforme o artigo 71.1.c, calquera das partes e persoas afectadas poderá instar a súa execución forzosa”*.

CUARTO.- A sentenza do TSXG nº 97/2022, de data do 02-03-2022, versou sobre a análise de sete motivos impugnatorios, todos eles rexeitados polo Tribunal.

Estes motivos foron analizados nos respectivos Fundamentos de Dereito da mesma e versan sobre as materias referidas nos títulos de cada un deles, segundo o seguinte tenor literal:

*1.- "Sobre la consideración jurisprudencial de la nulidad de pleno derecho en materia de formulación de los instrumentos de planeamiento urbanístico y sobre la contextualización de la impugnación de la modificación puntual del PEPRI de la ciudad de Lugo: concurrencia de vicios de nulidad de pleno derecho en el PEPRI aprobado en 1997".*

*2.- "Sobre la aplicación en la modificación que se impugna al presente del régimen urbanístico de suelo urbano consolidado en lugar del régimen correspondiente al suelo urbano no consolidado".*

*3.- "Sobre la modificación aprobada altera la ordenación urbanística de los terrenos exteriores al ámbito espacial del PEPRI, establecida por el vigente plan general de 2012 vulnerando el procedimiento legalmente previsto para acometer tal alteración".*

*4.- "Sobre la ilegalidad -nulidad de pleno derecho- que se deriva de la incompetencia de los particulares para promover la reforma del PEPRI".*

*5.- "La tramitación de la modificación puntual aprobada incurre en nulidad de pleno derecho por omisión del trámite de información pública, así como por la falta de diversos informes legales preceptivos".*

*6.- "Sobre las deficiencias esenciales de contenido del proyecto de modificación del PEPRI que se impugna".*

*7.- "Vulneración de la legislación vigente en materia de patrimonio y del vigente plan de movilidad del Ayuntamiento de Lugo por las determinaciones de la modificación que afectan al tratamiento y ordenación del tráfico en el camino primitivo".*

O Fallo desta sentenza, desestimatorio do recurso interposto, contén o seguinte pronunciamento:

*"**PRIMEIRO.-** Que desestimando la demanda interpuesta por como recurrente, Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza (ADEGA), representado por el procurador Don Luis Sánchez González y asistida por el letrado Don Oscar Insua Lema y como parte demandada Ayuntamiento de Lugo representada y asistida por el/la letrado/a del Ayuntamiento de Lugo y como codemandado la mercantil Hipólito, SL representado por la procuradora Doña María José López Paz y asistido por el letrado Don José Antonio Sánchez del Valle sobre urbanismo mantenemos la resolución recurrida.*

***SEGUNDO.-** Se hace expresa imposición de costas procesales a la parte recurrente con el límite de 1500 euros por todos los conceptos".*

QUINTO.- Interposto polo demandante recurso de casación ante o Tribunal Supremo sólo foi "admitido a trámite" en relación co motivo impugnatorio contido no anterior apartado 4:

*"Sobre la ilegalidad -nulidad de pleno derecho- que se deriva de la incompetencia de los particulares para promover la reforma del PEPRI".*

A Sala do Contecioso-Administrativo, Sección Quinta, do Tribunal Supremo, ditou con data do 12-04-2024 a <u>sentenza Nº 442/2024 desestimando o mencionado</u>

recurso de casación, dedicando os seus fundamentos de dereito oitavo e noveno a fixar a doutrina xurisprudencial contida no seu Fallo, segundo a cal se admite a lexitimación da iniciativa particular para promover unha modificación puntual dun Plan Especial de Protección dunha área afectada pola declaración dun Conxunto Histórico, Sitio Histórico ou Zona Arqueolóxica como Ben de Interese Cultural.

No seu Fundamento de dereito Décimo relativo as costas procesais literalmente establece:

*"En cuanto a las costas, conforme a lo previsto en los artículos 93 y 139 de la LJCA, disponemos que, respecto de las de casación, cada parte abone las causadas a su instancia y la mitad de las comunes, al no apreciarse temeridad ni mala fe en ninguna de las partes".*

Esta sentenza no seu FALLO declara literalmente:

*"**Primeiro.-** Establecer la doctrina jurisprudencial indicada en los Fundamentos Octavo y Noveno de esta sentencia.*

***Segundo.-** Declarar no haber lugar a estimar el presente recurso de casación núm. 5723/2022, interpuesto por la representación procesal de la Asociación para a Defensa Ecoxlóxica de Galiza (ADEGA) contra la sentencia de 2 de marzo de 2022 de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia (Sección Segunda) por la que se desestima el recurso contencioso-administrativo núm. 4199/2019, interpuesto por dicha Asociación contra el proyecto de modificación puntual del Plan Especial de Protección, Rehabilitación y Reforma Interior (PEPRI) de Lugo de la manzana 21-A (Rua San Roque-Ronda de Muralla), promovido por la mercantil Hipólito Sociedad Limitada y aprobado definitivamente por el Pleno de la corporación municipal de Lugo, celebrado el día 31 de enero de 2019.*

***Tercero.-** Confirmar dicha sentencia por ser conforme a Derecho.*

***Cuarto.-** Imponer las costas conforme a lo indicado en el último de los Fundamentos de esta sentencia".*

Veño en propoñer que polo Excmo. Concello Pleno se adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** TOMAR RAZÓN da Sentenza nº 442/2024, de data do 12-04-2024, da Sala do Contecioso-Administrativo (Sección Quinta) do Tribunal Supremo, desestimatoria do recurso de casación nº 5723/2022 interposto pola "ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA" (ADEGA) contra a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 97/2022, de data do 02-03-2022, desestimatoria do recurso nº 4199/2019 interposto pola mesma asociación contra o acordo plenario, de data do 31-01-2019, de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto Amurallado e a súa zona de influencia (PEPRI) no Rueiro 214-A (rúa San Roque-Ronda da Muralla).

**SEGUNDO.-** Significar que esta Sentenza do Tribunal Supremo fixa a doutrina xurisprudencial de admitir a lexitimación da iniciativa particular para promover unha modificación puntual dun Plan Especial de Protección dunha área afectada pola declaración dun Conxunto Histórico, Sitio Histórico ou Zona Arqueolóxica como Ben de Interese Cultural."

De todo o cal a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

**ACTAS E GOBERNO**

10/137 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 14 DE XUÑO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2024/G004/000505).-** En conformidade co informe da secretaria xeral do Pleno, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 14 de xuño de 2024, coa numeración 5723/2024 a 6386/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal a Excma. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

11/138 **DACIÓN DE CONTA DO ACORDO NÚMERO 1/284 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19 DE XUÑO DE 2024, RELATIVO Á RECTIFICACIÓN DE ERRO NO SEU ACORDO 40/607, DO 26 DE XULLO DE 2023, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DESTE ÓRGANO COLEXIADO (EXP. 2024/G024/000503).-** Ó Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA do acordo número 1/284, da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2024 que, a seguir, se transcribe:

"1/284 **RECTIFICACIÓN DE ERRO NO ACORDO 40/607 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE XULLO DE 2023 DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DESTE ÓRGANO COLEXIADO** (2024/G004/000458).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do vicesecretario accidental, conformada pola Alcaldía, do 17 de abril de 2024, na parte expositiva do cal se fai constar:

"a) O 24 de xullo de 2023, a Alcaldía elevou proposta á Xunta de Goberno Local de delegación de atribucións deste órgano colexiado, na que, entre outros aspectos, se recollía no seu parágrafo TERCEIRO.a) o texto seguinte:

*"TERCEIRO.- As delegacións acordadas nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:*

*a) Os actos ditados, se é o caso, polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante. Corresponderalle a este, en consecuencia, a resolución dos recursos que poidan interpoñerse que quedan reservados expresamente á Xunta de Goberno Local, agás o recurso de reposición interposto en materia tributaria que se resolverá polo órgano delegado de conformidade co disposto no artigo 225.1 da Lei xeral tributaria.*”

b) O 26 de xullo de 2023, a Xunta de Goberno Local adoptou o Acordo número 40/607 de delegación de atribucións deste órgano colexiado no que, sorprendentemente e erroneamente, recolle o dito parágrafo coa seguinte redacción:

*“TERCEIRO.- As delegacións acordadas nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:*

*a) Os actos ditados, se é o caso, polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante. Corresponderalle ao órgano delegado a resolución dos recursos que poidan interpoñerse.*”

Advertida esta circunstancia pola xefa do Servizo de Fiscalización Previa e de conformidade co disposto no artigo 124.4.b) e k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA** a rectificación do erro advertido na redacción do parágrafo terceiro.a) do Acordo 40/607 da Xunta de Goberno Local, do 26 de xullo de 2023, de delegación de atribucións deste órgano colexiado, no que atinxe ao órgano competente para a resolución dos recursos de reposición e que deberá quedar redactado do xeito seguinte -recollendo o texto inicial da proposta da Alcaldía do 24 de xullo de 2023:

“**TERCEIRO.-** As delegacións acordadas nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

a) Os actos ditados, se é o caso, polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante. Corresponderalle ao órgano delegante, en consecuencia, a resolución dos recursos que poidan interpoñerse, agás cando se interpoñan no seo de expedientes instruídos por infracción de ordenanzas locais ou da normativa reguladora de tráfico e seguridade viaria, ou se trate de recursos contra actos de natureza tributaria.

Deste acordo daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos, á súa notificación a todas as persoas interesadas e á súa comunicación ás dependencias municipais.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os efectos oportunos.

**TESOURERÍA**

12/139 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE XUÑO 2024.-** En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de XUÑO de 2024, coa numeración 68/2024 a 75/2024.

Do 01 ao 30 de xuño de 2024 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

| Nº de Expediente | Asunto | Número de documento | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2024/T030/000068 | Recurso reposición JOSE ANTONIO ARGEREY RÍOS | 2024/68 | 03/06/2024 |
| 2024/T030/000069 | Recurso reposición dilixencia embargo NILSON RAFAEL DUBOIS DELGADO (Multas 2020-A-00010805 e 2020-A-00010806) | 2024/69 | 03/06/2024 |
| 2024/T030/000070 | Rectificación Resolución de Tesourería 61/2024 de data 21/05/2024 | 2024/70 | 06/06/2024 |
| 2024/T030/000071 | Recurso reposición providencia apremio JOSE RAMON GAYOSO CASABELLA (Multa/IIVTNU/IVTM) | 2024/71 | 07/06/2024 |
| 2024/T030/000072 | Recurso reposición providencia de apremio JAVIER GONZALEZ FERNANDEZ (Multa 2018-R-0001434) | 2024/72 | 10/06/2024 |
| 2024/T030/000073 | Recurso reposicion dilixencia emabrgo Rafael José Mendez Jaime | 2024/73 | 19/06/2024 |
| 2024/T030/000074 | Execución resolución do TEAM parcialmente estimatoria da reclamación presentada por Domínguez Moledo Joaquín M. | 2024/74 | 24/06/2024 |
| 2024/T030/000075 | Resolución Tesourería adxudicación bens poxa vehículos | 2024/75 | 25/06/2024 |

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

**ROGOS:**

**A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 289/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE AXILICEN OS TRÁMITES E COMECE A FUNCIONAR O TAXI A DEMANDA NO RURAL DE LUGO**.- Visto o citado escrito do seguinte teor:

No ano 2019 o BNG levaba no seu programa electoral a implantación do Transporte a demanda no rural, compromiso que non foi capaz de implantar "por falta de tempo".

No pasado mes de novembro o Sr. Arroxo confirmaba que o Goberno Local estaba a traballar no modelo de implantación e na modificación da ordenanza que regula o servicio de taxis no municipio, e no pleno do mes de xaneiro afirmaba que aínda non tivera capacidade para facelo.

O Grupo municipal do Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que se axilicen os trámites e comece a funcionar o Taxi a demanda no rural de Lugo.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Polo Partido Popular, dona Cristina Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS:** Grazas, alcaldesa.
Bo día concelleiras e concelleiros.
Mediante este ruego solicitamos al concello que agilice los trámites para que comience a funcionar el transporte a demanda en el rural de Lugo. Tenemos un ruego, que ya hemos formulado en este pleno el pasado 25 de enero, pero, dado que ya han transcurrido más de 6 meses desde aquella fecha y que no hayamos percibido ningún avance ni se hayan cumplido las promesas que el señor Arroxo hizo en dicha sesión, como más adelante explicaré, nos vemos en la obligación de volver a registrar el ruego y seguir demandando agilidad al concello.
Hagamos un poco de historia. Elecciones 2019. El BNG llevaba en su programa electoral la medida de prestar servicio de transporte a demanda en nuestro rural, pero, en todo ese mandato, no fueron capaces de implantarlo. Cuatro años no fueron suficientes. Elecciones 2023. El BNG reitera su compromiso incumplido en el nuevo programa electoral. Junio de 2023. Se firma el acuerdo de Goberno entre la señora alcaldesa, la señora Lara Méndez y el señor Arroxo, en el que se incluye el compromiso de implantar transporte a demanda para las zonas rurales. Enero de 2024. Este grupo popular presenta un ruego a este concello mediante el que

solicitábamos que el servicio comenzase a funcionar. ¿Y qué respondió el señor Arroxo? Pues que era un proceso complejo y que llevaba su tiempo. Señor Arroxo, con todo el respeto, pero pasaron más de 5 años desde que usted inició su compromiso con la prestación de este servicio. ¿No le llegaron estos 5 años? ¿Cuánto tiempo necesita? Espero que en algún momento nos lo pueda aclarar.
Decía también el señor Arroxo que, como mucho, en el segundo pleno posterior a aquel de enero traería la modificación de la ordenanza de taxi necesaria, según él, para que el colectivo pudiese presentarse a una futura licitación del servicio. Pues bien, con el de hoy, hemos celebrado 7 plenos desde aquel y de taxi, que yo sepa, no hemos recibido nada de nada. La única noticia que tenemos es la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia del pasado 20 de julio de la fase de consulta pública de modificación de la ordenanza, pero no conocemos ni el texto del proyecto de la ordenanza, ni borrador ni conocemos nada; por lo menos, este grupo municipal. Así que, por favor, solo les pedimos que se pongan en serio con este tema.
Los vecinos que viven en nuestro rural lo necesitan y contarán con todo el apoyo del grupo popular, pues nos parece una medida imprescindible para asentar vida a nuestras parroquias y para facilitar que todos estos vecinos vengan a la ciudad a realizar sus gestiones y adquirir bienes y servicios. Se trata de una medida que mejoraría la vida de los lucenses que viven en el rural, pero también mejoraría la economía local de esta ciudad. Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Doulle a palabra ao concelleiro de mobilidade, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas.
Alégrome de que o Partido Popular solicite isto, porque o Partido Popular… ademais, coa intensidade coa que solicita, porque o Partido Popular goberna en torno a 200 concellos deste país, que todos teñen moito rural e en ningún fixo nin sequera o inicio de darlle unha solución á demanda do transporte rural. É máis, no Concello de Lugo o que se fixo foi retirar transporte que dependía da Xunta, conexións como a que tiña con Portomarín ou con Friol, que tiña moitos mais servizos e que permitían conectar con esas parroquias a través do servizo de bus que tiña, retiráronselle liñas e agora están aínda máis descolgadas.
Precisamente o Partido Popular, que lle está quitando servizos de mobilidade ao rural, que nos concellos nos que goberna non aplica ningún tipo de medida, lle esixe ao BNG, perdón, ao goberno municipal, que lle esixe… E digo BNG porque mencionou vostede BNG e entón quedóuseme aí… Ao goberno municipal esíxelle que leve adiante isto que é algo que se está a facer e que, como ben ve, se publicou á consulta pública o 20 de xullo no boletín, que é o paso previo para que veña a pleno. Estase facendo. De feito, só hai dous concellos que o van facer en todo o país: Pontevedra e Lugo. O Partido Popular goberna en máis de 200; non fixo ningún indicio en ningún deles. Tamén estaría ben dar exemplo antes de dicir aquí, desta forma tan vehemente, que hai que poñelo. Tamén estaría ben, pois, que a Xunta, neste caso, recuperase as liñas como a de Portomarín, ou de Friol, que

daban cobertura a tódalas parroquias do sur do Concello, ou que daban cobertura a tódalas parroquias como é O Veral, Santa María Alta, etc. que agora foron perdendo nos últimos anos.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

**B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 290/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO SE ADHIRA AO SISTEMA DE VioGén.**- Visto o antedito escrito, cuxo teor é o seguinte:

Desde o Grupo Municipal do Partido Popular levamos tempo reclamando que se inclúa á cidade de Lugo na Rede de Entidades locais contra a violencia de xénero.

O resultado ano tras ano segue sendo o mesmo: non se actúa como debería de facelo un goberno municipal progresista e feminista como a vostedes gústalles definirse.

Non se está protexendo ás mulleres nin ás vítimas de violencia de xénero cos mecanismos dos que dispoñemos, xa que poderían beneficiarse dos recursos e estratexias contra este tipo de malos tratos.

As últimas dúas rexedoras, ambas mulleres, non foron quen de poñer en marcha o sistema máis efectivo para evitar que os maltratadores contacten coas súas vítimas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o pleno un ROGO para que adhira o Concello de Lugo ao sistema de VioGén.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, a señora Goás.

**-AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Muchas gracias, alcaldesa. Dende o grupo municipal do Partido Popular queremos pedir algo máis que un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero. O PP quere saber cando se vai adherir Lugo ao sistema VioGén, que protexe as vítimas de violencia de xénero dende hai 7 anos. Os populares queren saber en que situación está o expediente para sumarse ao sistema de VioGén promovido polo Goberno central no ano 2017 para a protección das vítimas de violencia de xénero. Hai un ano, o goberno local, en resposta ás preguntas do PP en comisión, dixo que tiñan o protocolo elaborado e, segundo se recolle na acta do 20 de xullo de 2023, «trasladarllo á xunta local de seguridade e que, en breve, en canto se conformen os gobernos, se fará».
Tamén é necesaria unha reunión previa do Concello, Subdelegación do Goberno e Policía Nacional, ademais da Policía Local e o Servizo de Igualdade do Concello, para ratificar ese protocolo e ese convenio. Posteriormente, hai que trasladalo á UFAM de Madrid, que é a unidade policial xudicial competente na investigación de delitos que se producen nos ámbitos da violencia de xénero doméstica e sexual, con independencia do sexo e idade da vítima dos agresores.

Ben. Para asinar o convenio, polo tanto, estamos no proceso de instaurar o VioGén. O grupo municipal do Partido Popular quere saber se se celebraron esas reunións ás que aludía o goberno local, lamentando pola nosa parte a falta de implicación neste asunto e as continuas desculpas coas que se escudan. Unha delas é precisamente a falta de efectivos policiais; se non hai policías para o VioGén é porque non se cobren as prazas vacantes na RTP, sublimando que, na relación de postos de traballo, figuran 140 prazas para axentes e indicando que, na actualidade, están traballando 117. Hai que facer a resta.
Por último, os populares lembran como hai 2 acordos de pleno, un de outubro de 2019, e o outro de outubro do 2020, nos que, a instancias do Partido Popular, sempre a corporación, de forma unánime, apoiou unirse a este sistema no que xa están desde hai anos o resto das grandes cidades de Galicia. Sempre que preguntamos sobre este tema contéstasenos que faltan uns trámites. Cremos que iso non corresponde coa realidade. A verdade é que non hai feito nada. Non se avanzou en absoluto. Este goberno municipal demostra que para el non é importante a protección que proporciona ás vítimas da violencia de xénero estar incluídas no sistema VioGén.
Es una encuesta, como nos decía la señora doña Ana García Abelleira en el último pleno en el que tratamos este tema. Es verdad, es una cuesta que puede salvar la vida de la víctima, porque se determina en esa encuesta el riesgo que corre y las medidas que se han de tomar para proteger mujer de su agresor, evitándole las lesiones o la misma muerte. Porque, según la puntuación de esa encuesta, así será el nivel de protección que se deba proporcionar a la víctima. Es laborioso incluir a la Ciudad de Lugo en el sistema VioGén, pero a las mujeres lucenses, las que lo han votado y las que no lo hemos votado, merecemos que se nos proteja nuestra vida a cambio de que se…

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Muchas gracias, señora Goás. Acabouse o seu tempo. Ten a palabra a concelleira de Muller, doña Ángeles Novo.

**-ÁNGELES NOVO:** Bos días. Gracias, alcaldesa. Respecto a isto dicir que o executivo local leva tempo articulando todos os mecanismos necesarios para poder adherirnos ao sistema do VioGén, que se poñerá en marcha no mínimo tempo imprescindible. Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

**C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 291/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O ARRANXO DA PISTA QUE DA ACCESO AO NÚCLEO DE PEDREDA DENDE A N-640**.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

A pista que da acceso ao núcleo de Pedreda dende a N-640 está repleta de fochancas e completamente desfeita, facendo que os veciños teñan que tomar outras alternativas para entrar e saír da parroquia.





O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o pleno un ROGO, para que se arranxe o antes posible.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra a Señora Rubinos.

**-FLORA RUBINOS ROIS:** Bos días, señora alcaldesa. Bos días tamén aos veciños de Pedreda e Vilachá de Mera.
Os veciños de Pedreda levan manifestando en numerosas ocasións a necesidade de arranxar a pista que lles dá acceso desde a nacional 640, unha vía que está practicamente intransitable e que obriga a buscar vías alternativas de acceso. Como pode verse nas fotos aportadas, a falta de mantemento e as fochancas dan lugar a unha vía pola que non é posible circular e que obriga os veciños a dar rodeos de varios quilómetros para chegar ao seu destino. É por isto que este grupo municipal presenta este rogo para que se proceda á reparación desta vía á maior brevidade, ou antes de que as condicións meteorolóxicas poidan ser un impedimento para o seu arranxo.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Rubinos. Esperen a que eu lles dea a palabra, porque empeza a falar antes de que lle dea a palabra e marque o tempo. Simplemente por iso, vale? Ten a palabra a concelleira Ana González Abelleira, de Cohesión Territorial.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moi bo día a todos os veciños e veciñas de Pedreda.
Isto xa foi contestado, a través das canles oficiais, a unha petición que trasladaron os veciños de Pedreda en xuño, o 18 de xuño, concretamente, déuselles contestación. E non soamente facían demanda desa reparación, que está comprometida con estes veciños e veciñas, de arranxo… Dicía vostede, señora Flora, «cando a climatoloxía o permita». É que non o permitiu ata agora; deixou de chover hai 4 días.
Polo tanto, neste escrito que xa se lles contestou hai 15 días tamén hai outras peticións, que é o desbroce de maleza, e no que xa comezou o contrato de desbroces do Concello de Lugo, ademais do da Xunta de Galicia e tamén outras administracións, que non puideron empezar ata agora a facer o traballo. Ademais das sinais que tamén demandaron e a limpeza e retirada de ramas das árbores que afectaban a mobilidade.
Polo tanto, chega tarde e vólvolle repetir: a canle para achegar ao goberno do medio rural é a través das canles da concellería, non por rogos nin proposicións do Partido Popular.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

**D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 295/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA PERMITIR QUE A IGREXA DA NOVA SEXA ACCESIBLE PARA AS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA**.- Visto o devandito escrito expresivo do seguinte:

La parroquia de A Nova lleva más de 10 años esperando autorización para colocar una rampa que facilite el acceso a personas con movilidad reducida.

Es necesario garantizar que estas personas disfruten de sus derechos y libertades en igualdad de condiciones que las demás.

A día de hoy, y después de años sin dar respuesta ni solución a la petición de esta parroquia, este gobierno continúa impidiendo a algunas personas el acceso y la participación en los actos que se realizan en esta iglesia.

Desde el Grupo Municipal del Partido Popular presentamos un RUEGO para que se haga accesible la iglesia de A Nova llevando a cabo los ajustes razonables que permitan que cualquier persona pueda acceder a la misma.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra o concelleiro do grupo Popular, don Gustavo Díaz.

**-GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias, alcaldesa.
La accesibilidad universal permite que las personas con discapacidad puedan vivir en igualdad, en libertad, de forma independiente y participar plenamente en todos los aspectos de la vida. Es decir, es un principio vehicular para poder hacer efectivos el resto de derechos. Así nos obliga el Real Decreto 193/2023 de 21 de marzo, por el que se regulan las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación de las personas con discapacidad.
La accesibilidad es un derecho universal. Por esta razón, los espacios públicos y comunitarios deben estar adaptados a todas las personas. Pero esto está muy lejos de la realidad; la verdad es que la accesibilidad está lejos de ser perfecta para todos los colectivos. Y eso sucede también en Lugo, algo totalmente incomprensible en una ciudad que ha recibido hace algunos años el premio a Ciudad Accesible.
Por eso traemos hoy a este pleno lo que ocurre en la iglesia de A Nova. Esta parroquia lleva más de 10 años esperando una solución para facilitar el acceso a su iglesia a personas con movilidad reducida. Una acumulación de intentos infructuosos a lo largo de estos años buscando una solución de accesibilidad que cumpla con los requisitos legales y normativos vigentes. Una solución que permita que esta iglesia sea un lugar accesible para que todas las personas, al margen de sus capacidades físicas, puedan acceder y participar en igualdad de condiciones en todos los actos de esta iglesia.
Hai que entender que la discapacidad no se encuentra en la persona, sino que se desarrolla por culpa de espacios y entornos que non son accesibles para todo el mundo. Voy a repetirlo: la discapacidad no se encuentran la persona, sino que se desarrolla por culpa de espacios y entornos que no son accesibles para todo el mundo. Es responsabilidad de todos cambiar los mecanismos actuales que solo tienen en cuenta un colectivo de la sociedad para que estos sean accesibles para todos. El futuro debe de ser accesible e inclusivo. ¿A qué estamos esperando? Es mucho más fácil dar un no por respuesta que aportar soluciones. Si las propuestas de esta parroquia no son las adecuadas a entendimiento del Concello de Lugo, este gobierno ha de ser capaz de ofrecer un asesoramiento técnico y una solución definitiva a este problema.
Más de diez años de informes, solicitudes denegadas, papeleo, burocracia, más burocracia… ¿Cómo no son capaces en todo este tiempo de dar una solución a este problema de accesibilidad? Este gobierno ha de estar a la altura, y, más aún, cuando se trata del gobierno de la ciudad, como dije anteriormente, que ha recibido un premio a ciudad accesible. Desde el grupo municipal del Partido Popular presentamos un ruego para que, de una vez por todas, se dé una solución técnica a este problema y la iglesia de A Nova sea accesible para todos. Una solución que pueda conjugar la conservación del patrimonio histórico, la seguridad, y la accesibilidad a la iglesia para todos los ciudadanos.

Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Díaz. Vaille responder a concelleira de Benestar, dona Olga López Racamonde.

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Bo día de novo.
Efectivamente, como ben vostede di, é unha solución técnica. É dicir, isto non é unha cuestión de falta de vontade política. Votade política hai de que todos os veciños e veciñas que queiran practicar o culto na igrexa da Nova o poidan facer así. É certo que o párroco da parroquia leva moitos anos intentando buscar unha solución, mais os problemas son técnicos pola localización que ten a propia igrexa. De feito, todos os informes dos técnicos aos que corresponde dar solución a este problema son negativos: patrimonio, urbanismo, e podería seguir. Incluso no gabinete de accesibilidade se denegou a posibilidade desta rampla. Por que? Porque non se pode poñer unha rampla desmontable, dado… ademais, vóullelo ler: «dado a que a plataforma horizontal non é unha rampla propiamente dita, senón que é unha plataforma sobre as esferas de pedra, peldaños de granito na parte exterior da varanda de aceiro inoxidable»
Cos datos aportados, non se pode considerar que a estrutura sexa facilmente desmontable en caso de necesidade, como sería imprescindible debido ao lugar onde se pretende instalar. Por que? Porque se se pon unha rampla, dada á lonxitude que tería que ter, impide o paso de vehículos de emerxencias, como poden ser ambulancias, bombeiros, etc.
Na instancia do propio gabinete de accesibilidade instouse os diferentes técnicos a ver se podiamos dar unha solución, e é certo que, tecnicamente, repito, tecnicamente, non é unha vontade política, vén practicamente inviable que se poida dar solución, ao menos, cunha rampla.
Se o solicitante nos achega un proxecto que sexa viable e coas características técnicas que ten que cumprir e a necesidade de accesibilidade e tamén de urbanismo, non o dubide que se vai facilitar. De feito, os proxectos tenos que anexar o demandante Repito: os técnicos xa instaron en varias ocasións as dificultades, sobre todo por patrimonio.
Tamén quero aproveitar esta miña última intervención para mostrar o meu afecto e o meu respecto ao concelleiro que hoxe nos deixa e que, aínda que estamos ao mellor moi lonxe en cuestións políticas, agradezo o seu respecto, o seu bo trato, e Lugo perde un concelleiro cunha capacidade de diálogo moi importante. Moita sorte.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Racamonde.
De todas formas, respecto, como é o último punto… Eu tampouco dixen nada, sei que interveu primeiro o concelleiro Alex Penas, e tamén o entendín pola súa relación, incluso familiar, e tamén dona Olga López Racamonde, pero creo que imos esperar ao seu momento e todos lle facemos ese homenaxe que queremos facerlle todos.

Pero imos esperar a ese momento. Moitas grazas a todos. De todas formas, aos dous, por intervir nese senso, pero creo que é importante que gardemos os tempos.
Respecto desta pregunta, non me gusta intervir en preguntas, pero o ton deste rogo… «a día de hoy, y después de años sin dar respuesta a la petición de esa parroquia»… Mire, señor Díaz, déixolle resposta cun acordo de Xunta de Goberno Local do 4 de agosto de 2021, denegándolle por as particularidades que lle dicía a concelleira. Non porque non haxa vontade, todo o contrario. Dende todos os servizos me consta, porque en algún estiven eu, me consta que houbo toda a vontade de buscar unha solución. Ao mellor, o que hai é un pouco de terquedade.
E, que eu saiba, dende o 4 de agosto de 2021 non houbo ningunha solicitude máis da Nova, polo menos que eu teña coñecemento. Pero na Xunta de Goberno de 4 de agosto do 2021 déuselle resposta e, ademais, cumprida resposta, dicindo por que non valía esa rampla.
Si que poden facer unha rampla, pero en determinadas condicións, non esa que pretendían. E, ademais, como dicía a concelleira, hai informes técnicos de todos os servizos: de policía, de enxeñería, de todos… denegando. Polo tanto, si hai vontade política, pero ao mellor ten que facer un cambio na proposta que fai. Ao mellor ten que facer ese cambio. E, tamén lle digo, dende o 4 de agosto do 2021 non houbo ningunha solicitude, que eu teña coñecemento, desde que se lle denegou. Polo tanto, por iso quero facer esa apreciación.

**-GUSTAVO DÍAZ REY:** [...]

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Non. Imos continuar. Non. Imos continuar co pleno. Señora secretaria.

**-GUSTAVO DÍAZ REY:** [...]

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Imos continuar co pleno, señor Díaz.

**PREGUNTAS:**

**A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 271/2024 DE REXISTRO DE PLENO, CON RELACIÓN Á ELEVACIÓN AO PLENO DA CESIÓN DA PARCELA QUE ÍA CEDER O CONCELLO PARA A CONSTRUCIÓN DUN NOVO EDIFICIO PARA A COMISARÍA DA POLICÍA NACIONAL.**- Visto o devandito escrito que é do seguinte teor:

O día 24 de febreiro de 2024 os medios de comunicación facíanse eco das declaracións da alcaldesa conforme a que “agora xa non hai volta atrás” ao afirmar que o Concello cedería unha parcela de 2.117 metros cadrados na confluencia da rúa Orquídea con Aquilino Iglesias Alvariño para que o Goberno central constrúa un novo edificio para a comisaría da Policía Nacional.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte pregunta:

Por que non se elevou a pleno a cesión de dita parcela?

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, señor Rozas.

**-ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Muchas gracias, señora alcaldesa.
El pasado 24 de febrero de este año, los medios de comunicación se hacían eco de unas declaraciones suyas donde decía que ahora ya no hay vuelta atrás. Afirmaba que el Ayuntamiento de Lugo cedería una parcela de 2117 m² en la confluencia de la calle Orquídea con Aquilino Iglesias Alvariño para que el gobierno central construya un nuevo edificio para la comisaría de la Policía Nacional. Nuestro grupo pregunta, trae al pleno la pregunta, ¿por qué a día de hoy no se trajo al pleno la cesión de dicha parcela?

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Rozas. Ten a palabra o señor Repetto polo goberno.

**-MAURICIO REPETTO MORBÁN:** Gracias, alcaldesa.
La tramitación del expediente sigue su curso, tal cual estaba previsto, para poder materializar la cesión de esa finca y se elevará a este Pleno cuando corresponda. Gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias.

**B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 292/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA AMPLIACIÓN DO CAMIÑO DO PALLAR NA PARROQUIA DE VILACHÁ DE MERA**.- Visto o citado escrito no que formulan as seguintes preguntas:

Os veciños de Vilachá de Mera levan anos demandando a ampliación do Camiño do Pallar dado que a súa escasa anchura, impide o tránsito de certo tipo de vehículos de grandes dimensións, como poden ser tractores ou maquinaria agrícola, dificultando o día a día dos veciños.

Tras facer consultas oficiais ao servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e quedando perfectamente claro que é posible a ampliación do mesmo sen ningún tipo de restricción ou limitacións, os veciños solicitaron en numerosas ocasións ao Concello de Lugo a ampliación deste camiño sen obter ningún tipo de resposta, tan só escusas, incluso algunha delas vinculando a que o impedía a Xunta de Galicia.

Á vista de que non existe ningún de tipo de impedimento por parte doutras administracións para a ampliación desta vía, a única administración que faltaría por autorizar e levar a cabo estas tarefas sería o Concello de Lugo, como titular do camiño.

A vista do exposto, tendo a confirmación de que non existen impedimentos por parte de Patrimonio e que só depende do Concello de Lugo a autorización para a ampliación do camiño, preséntanse as seguintes preguntas:

1. Pensa o Concello de Lugo levar a cabo a ampliación do Camiño do Pallar na parroquia de Vilachá de Mera, de titularidade municipal?
2. En caso de non levar a cabo ditas obras de ampliación, o Concello de Lugo autorizaría a ampliación do citado camiño no caso de que os veciños conseguisen financiar a obra por outra vía?

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, a señora Rubinos.

**-FLORA RUBINOS ROIS:** Os veciños de Vilachá de Mera levan anos demandando a ampliación do Camiño do Pallar, dado que a súa escasa anchura impide o tránsito de certo tipo de vehículos de grandes dimensións, como poden ser tractores ou maquinaria agrícola, dificultando o día a día dos veciños.
Tras facer consultas oficiais ao Servizo de Patrimonio e á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, e quedando perfectamente claro que é posible a ampliación do mesmo sen ningún tipo de restrición ou limitacións, os veciños solicitaron en numerosas ocasións ao Concello de Lugo a ampliación deste camiño, sen obter ningún tipo de resposta. Tan só escusas, incluso algunha delas vinculando a quen pedía á Xunta de Galicia.
Á vista de que non existe ningún tipo de impedimento por parte doutras administracións para a ampliación desta vía, a única administración que faltaría por autorizar e levar a cabo estas tarefas sería o Concello de Lugo, como titular do camiño. Á vista do exposto e tendo confirmación de que non existen impedimentos por parte de patrimonio e só depende do Concello de Lugo a autorización para a ampliación do camiño, preséntanse as seguintes preguntas:
Pensa o Concello de Lugo levar a cabo a ampliación do Camiño do Pallar na parroquia de Vilachá de Mera, de titularidade municipal? En caso de non levar a cabo ditas obras de ampliación, o Concello de Lugo autoriza a ampliación do citado camiño, no caso de que os veciños conseguisen financiar a obra por outra vía? Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Rubinos. Vaille contestar a concelleira de Cohesión Territorial, dona Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** ... Traballando, e ben, na zona de Vilachá de Mera, onde se vai proceder ao asfaltado do núcleo do Liñar, onde se fixeron as actuacións previas de colocación de tubos de formigón e arquetas, onde o asfaltado da Gramela tamén está pensado e incluso se trasladou á Xunta de Galicia a través do Distrito Forestal Lugo-Sarria, e o arranxo da pista forestal para o seu mantemento, pois vén o Partido Popular, dicindo ou invitando aos veciños a que soliciten a ampliación deste camiño… pero non vai ser esta concelleira quen amplíe o camiño, seguramente. Máis que nada, porque non vou levar a contraria a esa guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais. Como vostede debe saber, en Lugo, municipio de Lugo, temos máis de 2000 km asfaltados en vías no

rústico. É dicir, para facernos unha idea, sería ir e volver a Barcelona, por exemplo; 2000 km asfaltados. Esa guía de boas prácticas e de intervención nos núcleos rurais, que é da Xunta de Galicia e que di que a paisaxe de Galicia e dos diferentes contextos socioeconómicos e culturais orixina unha gran diversidade de sistemas de organización agraria, riqueza cultural e etnográfica, na que inclúe os valados, que son unha característica galega que nos converte nesa configuración propia que temos aquí en Galicia.
E o que pretende esa guía práctica é manter eses valados; eses valados como estruturas fundamentais desa paisaxe cultural. Que ese valado caia, que ese valado desapareza, pois, dende logo, eu reflexiono. Cal sería a seguinte petición do Partido Popular? Hai que asfaltar ese camiño para que collan tractores ou maquinaria que, supostamente, non poden ir por tódalas vías que estruturan o tecido viario do rural, porque así o establece a lei de solo tamén? Entón, que facemos? Asfaltamos os preto de 5000 km de pistas e vías que hai no rural? Botámoslle a todos asfalto ou mantemos a nosa identidade cultural? Polo tanto, eu xa lle digo: se desaparece o valado de titularidade municipal, pois manterémolo, pero dende logo que non imos aceptar esas propostas de botar asfalto en todo o rural, porque hai vías alternativas para eses temas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias.

**C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 293/2024 DE REXISTRO DE PLENO, CON RELACIÓN ÁS NOTICIAS QUE TEN O CONCELLO SOBRE A APERTURA DO ESTACIONAMENTO DO FOGAR DE SANTA MARÍA POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**.- Visto o referido escrito cuxo teor é o seguinte:

Hai dous anos anunciouse por parte da Deputación Provincial de Lugo a apertura do aparcamento do Fogar de Santa María. Esa mesma tarde, devido a diverxencia de criterios dentro do goberno provincial da Deputación procedeuse ao peche desas instalacións para uso público.

Posteriormente se acometeron obras de acondicionamento do entorno e incluso o goberno provincial aprobou un regulamento de uso, documento imprescindible tal e como argumentou este goberno municipal en diversas sesións plenarias, o pasado mes de abril.

A día de hoxe o aparcamento segue sen estar a disposición da veciñanza pese a ter condicións óptimas fora do horario laboral xa que o aparcamento pode funcionar con total independencia dos edificios administrativos.

En vista de todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, a seguinte pregunta:

1. Que noticias ten o concello de Lugo sobre a apertura ao público desde estacionamento? En que data vai a abrir?

2. Que fixo este goberno para impulsar a apertura do mesmo?

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Doulle a palabra ao voceiro do grupo popular, señor Ameijide.

**-ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa.
Supoño que nun concello pedir aparcamento cando a concelleira, por exemplo, do rural, di que non se pode acceder ás fincas rurais con tractor, pois a verdade é que… se partimos desas premisas tan acertadas, é evidentemente complicado pedir que se poida aparcar na cidade, é complicado. Señora Abelleira, a guía de boas prácticas nada ten que ver, por certo, cun informe feito *ad hoc* para ese camiño pola Xunta no que se di que se poden eliminar eses valados sen ningún tipo de problema. E non o pide Partido Popular, que o piden os veciños, non é por nada. Pero, bueno, vostede siga politizando e siga polemizando.
Miren. Falemos ou centrémonos na moción… na pregunta, perdón, en cuestión. Aquí nestes últimos anos eliminouse o sistema ORA por parte do PSOE e o BNG, puxéronse carrís bici eliminando centos de prazas de estacionamento, paralizáronse ou peanolizouse sen ningún sen ningún tipo de alternativa ao estacionamento e negáronse incluso a conveniar aparcamentos disuasorios en numerosas partes da cidade. Pedíronlle ás demais administracións que abrisen aparcamentos que vostedes saben que non se poden abrir, como os subterráneos da Xunta, porque é imposible controlalos, porque, ademais, se está traballando pola tarde, porque hai vehículos oficiais e porque está conectado directamente cunhas oficinas, polo tanto, é imposible, inviable; é como se lle pedimos abrir os da Deputación, en San Marcos, sería inviable tamén. Pois vostedes piden aos demais, pero non fan nada. Porque no Fogar de Santa María anunciaron hai 2 anos que si se ía abrir ese estacionamento, que si se ía abrir un estacionamento idóneo, que si que hai superficie, que si que está pechado pola tarde e que si que é de uso totalmente independente para a cidadanía. Anunciárono hai 2 anos, perdón, hai case 3 ou 4 anos, máis de 2 anos.
O BNG anunciouno pola mañá, o PSOE cerrouno pola tarde; foi o aparcamento máis efémero da historia, e, en todos estes anos, o único que se fixo foi aprobar en abril deste ano un regulamento para a apertura do estacionamento, pero sigue pechado. Entón eu pregúntolle dúas cousas moi simples. O primeiro: acabaron xa de pelexar entre PSOE e BNG na Deputación e no Concello ou aínda non? A segunda: cando vai abrir o aparcamento? Supoño que algo saberán. E a terceira: fálanse cos da Deputación e, polo menos, saben cando se van abrir eses estacionamentos?

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Ameijide. Acabouse o seu tempo. Ten a palabra a concelleira de Cohesión Territorial, dona Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Podo empezar?
En primeiro lugar, non fai tres preguntas, que aquí fai dúas. O das pelexas interesa, e tamén me sorprende: o deputado provincial que veña preguntar ao Concello de Lugo cando vai abrir o aparcamento da Deputación de Lugo.

Mire, pois, é que ao mellor é que non entende o que lle din, porque acaba de dicir o que non dixen na anterior resposta. Eu o que lle podo dicir é que está habilitado como compromiso, ademais, díxose antes na proposición con 165 prazas; que trasladen a pregunta a quen corresponde, que ten a súa responsabilidade e que se vai poñer a disposición eses aparcadoiros gratuítos. É dicir, dicíame vostede antes: «consellos para usted vendo que yo no tengo», ou non sei como me dicía… E agora acaban de votar en contra de poñer á disposición da cidadanía aparcadoiros públicos, agora veñen cunha pregunta dicindo que abran os da Deputación. A isto vótanlle que si porque o pide o Partido Popular, e o anterior vótanlle que non porque non lle interesa ao Partido Popular.
Polo tanto, abra as orellas. Escoite o que digo, que non dixen nada do que intentou dicir. E, por certo, tamén invitar todos os veciños e veciñas das distintas parroquias que aproveiten e veñan á totalidade dos plenos, que soen ser moi interesantes e, ademais, destapan a careta de moita xente. Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

**D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 294/2024 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE DIVERSAS CUESTIÓNS EN RELACIÓN COAS TERRAZAS DE HOSTALERÍA**.- Visto o antedito escrito que é do seguinte teor:

Nas ultimas datas tivemos coñecemento da orde de retirada de numerosas terrazas en contornas peonís e doutra índole, sustentadas nun bando de alcaldía cunha redacción que sementa dubidas a hora da súa interpretación, sendo un dos últimos concellos que adoptou decisións ao respecto e despois do esforzo feito por todas as administracións na pandemia.

A raíz da antedita interpretación son moitas as incertezas creadas no sector da hostalaría, un sector importante na economía do noso Concello.

En vista de todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, a seguinte pregunta:

1. Que criterio está empregando o goberno local a hora de notificar a eliminación das terrazas?
2. Valora o equipo de goberno que nas zonas peonís a lonxitude da terraza non teña que ser limitada polo ancho de fachada do inmoble ao ter condicións especiais ao resto de vías en canto a distancia de fachada e espazo libre para o paso de peóns?
3. Cando se publicará a ordenanza que regulará as terrazas e que novidades aportará?

## DELIBERACIÓN

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Ten a palabra o concelleiro do Partido Popular, o señor Agustín Gallego.

**-AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Buenos días, señora presidenta. Nas últimas datas tivemos coñecemento da orde de retirada de numerosas terrazas nas contornas peonís e doutra índole, sustentadas nun mando da alcaldía, cunha redacción que sementa dúbidas á hora da súa interpretación, sendo un dos últimos concellos que adoptou decisións ao respecto e despois do esforzo feito por todas as administracións na pandemia.
A raíz da antedita interpretación, son moitas as incertezas creadas no sector da hostalería, un sector importante na nosa economía, do noso concello. Ante a vista do anterior, o grupo municipal do Partido Popular presenta ante o pleno 3 preguntas.
Primeira: que criterio está empregando o goberno local á hora de notificar a eliminación das terrazas?
Segunda: valora o equipo de goberno que nas zonas peonís a lonxitude da terraza non teña que ser limitada polo ancho da fachada do inmoble ao ter condicións especiais ao resto de vías en canto a distancia de fachada e espazo libre para o paso de peóns?
E terceira: cando se publicará a ordenanza que regula as terrazas e que novidades aportará?
Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Gallego. Doulle a palabra ao concelleiro Jorge Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Grazas, señora alcaldesa.
O bando está publicado no BOP do 20 de marzo de 2024, e está en base ao documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, orde do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana.
En relación á segunda pregunta: si, xa se facía antes e estase a valorar que as terrazas non só se limiten ao ancho da súa fachada, sendo posible sempre co permiso das edificacións contiguas e que poidan ocupar metros lineais que soliciten o [...] peonís accesibles garantidos para a circulación da veciñanza.
En relación á terceira pregunta: saíu no BOP este martes 23 de xullo, o período para as consultas públicas, con carácter previo á elaboración da ordenanza. Son 15 días hábiles, polo que invito a todos os hostaleiros e a toda a xente que queira… ter algún tipo de dúbidas acerca do estado ordenanza pois a esperar.
Despois… eh? Perdón…
Despois en canto a… cando se publicará, son 15 días hábiles. En canto terminen estes días, despois do período vacacional, pois estará feita o máis rápido posible
E, en canto ás melloras, pois o mellor nas condicións estéticas, que traerá un aspecto máis ordenado e homoxéneo de cara á cidade, e son melloras tamén na delimitación dos espazos públicos que ocupa. Moitas grazas.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

Rógolle aos concelleiros que cando un compañeiro está falando non se interrompa, porque pode perder o fío, é normal. Entón rogo que non se fagan esas interrupción. Non é por dar a lata, é porque é un respecto aos compañeiros. Polo tanto, rogo que non se interrompa e non se empece a comentar porque está falando un compañeiro, e hai que deberlle ese respecto, creo.

## D) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO ORGULLO.-** Como cada ano o Concello de Lugo reivindica a importancia da celebración e conmemoración do Día Internacional do Orgullo (LGTBI+) que se remonta ao ano 1969, logo das revoltas que se produxeron no barrio neoiorquino Greenwich Vilage.

Naquel momento este era un dos poucos espazos de liberdade para a comunidade homosexual onde, defendéndose do acoso policial que sufrían polo sinxelo feito da súa orientación ou identidade sexual, un grupo de persoas valentes rebeláronse contra a súa detención no bar "Stonewall", dando orixe ao nacemento do movemento LGTBI actual.

O concello de Lugo insta á tolerancia, á igualdade e á dignidade das persoas independentemente da súa orientación sexual, identidade ou raza. Por isto, sumámonos ao lema que encabezou este ano a manifestación estatal "Educación, dereitos e paz: Orgullo que transforma", porque entendemos a educación como a ferramenta principal e arma máis potente para loitar contra as perigosas vertentes que os partidos de ultradereita están a cuestionar e limitar a igualdade e os dereitos e liberdades humanas que se foron acadando grazas ao esforzo e loita de moitas persoas ao longo da historia e que, agora, vense ameazadas cando ninguén debería avergoñarse da súa orientación ou identidade sexual.

É o xusto: recoñecer a historia desta loita e o labor das persoas e colectivos LGTBI do noso país.

O Concello de Lugo seguirá traballando para acadar un mundo "sen armarios", por unha vida digna e en liberdade. Pero, ademais, temos que ser quen de desacelerar o ataque das correntes de ultradereita ao colectivo LGTBI.

Un ataque que se materializa ou ten expresión, en moitos territorios, mesmo a

través da axenda cultural e ideolóxica, dende a que se impón a censura a libros, obras de teatro e películas que mostran realidades diversas, ou que se traslada coa negativa á colocación de bandeiras arcos da vella e à emisión de declaracións institucionais.

Vetos e prohibicións que son unha forma máis de LGTBIfobia institucional que vén redobrar unha ofensiva antidereitos na que, sempre, atoparan enfronte ao Concello de Lugo.

Por iso, queremos que esta Declaración Institucional sirva, alén, para amosar a nosa profunda preocupación ante o alarmante aumento dos delitos de odio motivados pola orientación e identidade sexual e expresión de xénero. Aos que cómpre seguir combatendo, dende a educación e o fomento do respecto pola diversidade, pero tamén instando e contribuíndo á creación dun marco regulador á altura das expectativas dos colectivos que levan décadas demandando unha igualdade real.

Por todo o exposto anteriormente, os grupos políticos representados nesta corporación acordan ratificar os termos desta declaración.

## E) <u>COMUNICACIÓNS</u>

13/140 **TOMA DE RAZÓN E ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO FORMULADA POR DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, E DECLARACIÓN DE VACANTE (Exp. 2024/G004/000521).-** Visto o escrito de renuncia ao cargo presentado polo Concelleiro don Enrique Ceferino Rozas López, do Grupo Municipal do Partido Popular -que tivo entrada no Rexistro Telemático do Concello o día 15 de xullo de 2024, co número 202499900015296-, PROPÓNSELLE ao Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 178.3 da LOREG, SE TOME COÑECEMENTO E SE ACEPTE A RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO PRESENTADA POR DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ.

Así mesmo, que se declare a vacante na Corporación municipal de Lugo e se solicite da Xunta Electoral Central a expedición de credencial a favor de don Damián Carballo Méndez, substituto do Concelleiro renunciante e candidato número 13 da lista presentada polo Partido Popular, nas Eleccións Locais celebradas o 28 de maio de 2023.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e aceptar a renuncia ao cargo de concelleiro presentada por DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ.

SEGUNDO.- Declarar a vacante na Corporación municipal de Lugo e solicitar da Xunta Electoral Central a expedición de credencial a favor de don Damián Carballo Méndez, substituto do concelleiro renunciante e candidato número 13 da lista presentada polo Partido Popular, nas Eleccións Locais celebradas o 28 de maio de 2023.

**DELIBERACIÓN**

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Agora si que si, eu creo que é o momento de que os distintos portavoces ou a xente que quere intervir… creo que merece que os compañeiros poidan despedirse del. Por iso dicía aos concelleiros antes que esperasen a que chegase o momento. Polo tanto, ofrézolle a palabra á voceira do Partido Popular.

**-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Moitas gracias de novo.
Certo que, pola condición que ostento, pois teño outros foros, outros espazos dicirlle ao meu compañeiro e amigo Quique Rozas, pois, evidentemente, o que penso, sobre todo o que sinto nunhas circunstancias como as que agora estamos a vivir.
Pero, aínda así, agradezo que me dea a oportunidade de falar e dicir que, pois, no que hoxe asistimos, que é a toma en consideración da súa renuncia, é un exemplo máis, do modelo e do proxecto político do Partido Popular e das persoas que o integramos.
Un acto de profunda alegría e a súa inclusión, no seu momento, e a súa toma de posesión. É un acto de responsabilidade que, por suposto, apoiamos, entendemos, valoramos e ratificamos o noso compromiso de que máis que compañeiros somos unha familia, un grupo de persoas con valores, un grupo de persoas que antepón, ante circunstancias complexas, a súa familia, e coa tranquilidade que sabe que a responsabilidade que asumiu no seu momento, o resto de compañeiros, os que continuamos e a persoa que vai ocupar o seu lugar, pois esa responsabilidade… imos intentar estar á altura e que siga perfectamente atendida.
Entendemos, apoiamos e, sobre todo, sumámonos, nun momento que sabemos que non é doado e que, insisto, reflexa realmente o valor humano, o alcance, os valores, en definitiva, que ten e este grupo do Partido Popular que, por suposto, comparto nas alegrías, cando conseguín convencelo de que volvera á primeira liña, e tamén comparto nos momentos máis complicados, porque unha familia e unha persoa con valores é precisamente iso. Así que Quique, amigo Quique, sabes que estamos absolutamente á túa disposición. Que hoxe é un día que nos gustaría que non se producise, pero, aínda así, que estaremos sempre unidos porque a pertenza

a este proxecto vai moitísimo máis alá que unha lista ou unha acta de concelleiro. Moita sorte e seguimos contigo.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Doulle a palabra ao voceiro do bloque nacionalista.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Pois eu, evidentemente, agradecerlle a Quique a dedicación… falabamos o outro día, máis de 40 anos, se non me equivoco, de servizo público a este concello que, dende logo, é digno de agradecer. Porque, ademais… témolo falado moitas veces, Quique é unha persona que sempre se mostrou dialogante, construtivo, que fuxiu sempre da crispación, e iso é moi positivo, porque non sempre se dá. E creo que iso é moi importante na política para que poida avanzar, neste caso, a cidade de Lugo, que é o máis importante.
Así que, nada, simplemente desexarlle o mellor e toda a sorte do mundo. Un honor compartir corporación contigo.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Vou finalizar eu antes de darte a palabra, Quique, para que poidas despedirte de todos nós e desta casa, desta institución.
O primeiro que quero dicir é que podería dedicarte moitos halagos, e todos con fundamento, Quique. Hai moitos anos que nos coñecemos, moitísimos. Sei que podería dedicarte todos eses halagos, creo que todos os compartimos. Es un gran compañeiro, un gran compañeiro.
Querería destacar, sobre todo, esa vocación de servizo público, Quique, esa vocación, que non todo o mundo a ten. Moitos anos dedicaches a isto, moitas veces deixando a familia a un lado, como dicías ti ultimamente, cada vez que comentabamos isto, e agora queres corresponderlle á familia todo ese tempo que te perdiches, pero, sobre todo, iso, a cidade de Lugo débete moito por iso, pola túa vocación de servizo público, Quique, que non todo o mundo a ten, todo o mundo non a transmite.
Tamén quero comentar dúas calidades: a lealdade e o respecto. Creo que son dúas calidades que te adornan, Quique. A lealdade ao teu grupo, aos compañeiros, a todos, e o respecto, sobre todo o respecto.
Nunca tiven que chamarte… nunca, polo menos que eu vivira, ninguén tivo nunca que chamarte a atención; sempre coas túas ideas políticas, que moitas veces non coinciden coas dos demais, pero sobre todo ese respecto. Escoitando, contestando cando corresponde e sempre moito respecto. E, sobre todo, respecto a esta institución. porque respectar aquí, respectar os compañeiros, é respectar a institución, Quique, e ti o fas día tras día. E tamén con iso respectas todos os veciños e veciñas de Lugo.
Tamén quero facer ese recordo a túa cabaleirosidade. Porque si, es un cabaleiro, en palabras grandes, e quero dicilo, Quique; es un auténtico cabaleiro. Ti representas esa oposición, esa oposición que debería ser sempre esa oposición. Ti concretamente representas esa oposición. Esa oposición construtiva, esa oposición leal que fuxe sempre da crispación. Ti representas iso; eu só manifesto aquí un

desexo: espero que deixaras esa semilla no teu grupo e que floreza, que creza. Porque ti si que representas ese tipo de oposición, que é a desexable; e que, ademais, os veciños e veciñas de Lugo nos agradecerían.
Quero terminar tamén dicíndoche unhas palabras, porque realmente é emocionante despedir un concelleiro como Quique. Son unhas palabras de García Márquez que me gustan moito e que son indicadas para este momento. «Non chores por que se acabou, senón sorrí porque sucedeu». E creo que é así. Sucedeu, aquí estiveches moitos anos, moitos anos, ao servizo dos lucenses, e nós agradecémolo moitísimo. Pídolle a todos os compañeiros un aplauso, polo menos, para Quique. Agora Quique sí que tes ti a palabra.

**-ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Bueno, primero muchas gracias a todos por vuestras palabras. A nadie se le escapa que va a ser una de las intervenciones más difíciles que en esos 41 años que llevo prestando servicio en esta casa, en distintas épocas y con distintas responsabilidades, me toca decir en el día de hoy.
Llegaba allá por el mes de mayo de 1983, cuando el entonces alcalde, Vicente Quiroga, me pedía si podía colaborar con él en el tema deportivo. En aquella época, pues todo el mundo sabe, se constituyó un patronato de deportes, después el de cultura, también agradezco que esté aquí mi compañero de fatigas en aquellos momentos en el ámbito cultural; Paco, gracias por estar aquí.
Y de alguna manera pues empezamos con aquella labor, ardua y dura en el sentido de que era un ayuntamiento con escasos recursos económicos; no teníamos mucho dinero y tuvimos que ingeniárnoslas e inventarnos para salir de aquellos problemas que teníamos en aquel momento. Fueron pasando los años y esas responsabilidades cambiaron y pasé a desempeñar el puesto de concejal en este ayuntamiento. Evidentemente, he pasado épocas muy buenas aquí, pero también épocas difíciles, y épocas y momentos muy duros. Pero siempre, salvo raras excepciones, he tenido el respeto y la colaboración de los distintos compañeros en las distintas corporaciones en las que ha participado.
Quiero tener un recuerdo especial para los que no nos acompañan hoy y fueron en algún momento compañeros de corporación, porque, entre todos y con aquel diálogo y aquel consenso que había, al que yo también apelo, pues sacamos para adelante temas importantes de esta ciudad.
Os deseo a todos, y lo personalizo en vosotros, y lo hago extensivo para el resto de los compañeros de otras corporaciones, mucha salud y mucha suerte. Y en el día de hoy, especialmente, quería tener un recuerdo y mandar un abrazo para un compañero de corporación que en estos momentos no lo está pasando bien, para Pablo Permuy, y que le deseo evidentemente una pronta recuperación.
Y evidentemente, quiero hacer una mención especial a mi grupo. A mi portavoz, Elena Candia. Ha sido muy fácil y muy cómodo trabajar con ella. Le agradezco enormemente aquel rescate, llamémoslo así, que hace más de un año hizo de mi persona en el sentido de que me invitó a volver a participar en lo que fue la primera línea de la vida municipal y, de alguna manera, colaborar dentro de mis posibilidades para una mejor ciudad. Humildemente he aportado lo que yo sabía, pero esto no es una labor individual, es una labor de grupo.

Y también le quiero agradecer evidentemente a todos mis compañeros; también ha sido muy cómodo y muy fácil de trabajar con ellos. Me he sentido arropado, me he sentido a gusto. Espero que mi experiencia también les haya servido para algún consejo que, humildemente, lo mismo que a mí me gustó que me lo dijesen en su día cuando llegué aquí, yo también se lo digo a ellos y, de alguna manera me voy triste.
No hace falta que explique cuáles son las circunstancias de mi marcha, que evidentemente no contaba con ellas, pero la vida es así. Hai que priorizar. Hai que decir que hasta aquí hemos llegado. Evidentemente seguiré la vida municipal, porque me gusta; y, si no, ya tendré ahí a mi cuñado, que me lo andará recordando constantemente, al que también le agradezco todo lo que él y yo sabemos. Las diferencias políticas no tienen nada que ver. Yo siempre pienso que lo más importante en esta vida es ser buena persona, y sobre encima de eso se construye lo que sea. He tenido compañeros de corporación de muy distinta ideología, con los que me llevado fenomenal. Incluso con compañeros también del grupo municipal, que nuestro grupo es heterogéneo; cada uno tiene sus opiniones y todo el mundo fue respetuoso con los planteamientos que yo hice, lo mismo que yo intenté ser con lo que ellos hacen.
Quiero también mostrar mi agradecimiento al personal municipal. Me voy con el recuerdo de todos los funcionarios de esta casa. Lo personalizo en ti, Víctor, que en estos momentos eres el que aquí te encuentras, y que de alguna manera siempre me sentí cómodo; de alguna forma lo único que puedo es agradeceros toda esa colaboración que me habéis prestado.
Quiero tener también una mención para el personal de los gabinetes. Los gabinetes de los grupos políticos sois realmente importantes, por lo menos para mí lo sois, a la hora de las funciones que, como concejales, tenemos que representar.
Evidentemente, una mención especial para mis compañeras del grupo municipal. Sobre todo, muy agradecido por vuestro trabajo y por vuestra ayuda, porque aquí nadie es más listo que nadie, aquí todos somos importantes y, de alguna manera, tanto vale la opinión de un asesor en un momento determinado como una idea que pueda tener un concejal.
Y a los medios de comunicación. Siempre me han respetado, tanto personal como profesionalmente. A ellos también les agradezco que en este recorrido de 41 años no hayamos tenido ningún desencuentro más allá que la discrepancia, evidentemente, de la labor que, como político, me tocaba desempeñar
Pero me voy tremendamente satisfecho. Me voy tremendamente a gusto; triste, no lo voy a negar, pero bueno, de alguna manera, yo creo que esto lo resumo dando muchas gracias a todo el mundo y hasta siempre. Nos veremos por la calle. Muchas gracias.

**-PAULA ALVARELLOS FONDO:** Damos fin a este emocionante pleno, na parte final, Quique. E, bueno, aqueles… como no mes de agosto non hai pleno ordinario, todos aqueles que vaiades de vacacións, que pasedes uns bos días. Hai que descansar, que despois empeza o curso con moita forza. Ata logo.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas e un minuto do expresado día vinte e seis de xullo de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribirase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno, dou fe.**